

ACTA NÚM. 19 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 7 DE DECEMBRO DE 2015.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:15** do día **7 de decembro de 2015**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Dios Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Dona María José Tobar Quintanar.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Non asiste a concelleira, Dona Branca Petra Novo Rey.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 21 de novembro de 2015.**
- 2. Proposta do concelleiro delegado de mobilidade e seguridade de subministro de vehículos para a Policía Local mediante renting.**
- 3. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, relativa a solicitude de declaración da Semana Santa en Santiago, como festa de interese turístico de Galicia.**
- 4. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, relativa á situación das persoas que se atopan na confluencia da rúa do Vilar coa praza do Toural.**
- 5. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, relativa á adquisición de postes electrónicos con cargo a vindeiro orzamento para o ano 2016.**
- 6. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á convocatoria da constitución da Comisión de condecoracións.**
- 7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á posta en marcha dunha rede de Centros de día.**
- 8. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa á elaboración dun Plan de acción de turismo inclusivo.**
- 9 Proposición do grupo municipal do BNG, relativa á instalación e adecuación de marquesiñas para favorecer o uso e a accesibilidade do transporte público.**

10. Dar conta, de acordo co disposto no artigo 8.1 das bases de execución do orzamento de 2015, da información relativa á execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2015.

11. Dar conta, de acordo co disposto no artigo 8.1 das bases de execución do orzamento de 2015, de modificacións orzamentarias do Concello e Auditorio de Galicia.

12. Dar conta de resolución da alcaldía designando concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno.

13. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

14. Rogos e preguntas.

15. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Alcalde: Temos un asunto que están a preparar para cambiar a data de celebración das sesión plenarias ordinarias e será debatido antes de rogos e preguntas por vía de urxencia.

Empezamos a tratar os asuntos que figuran na orde do día da sesión plenaria convocada para o día de hoxe.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 21 DE NOVIEMBRE DE 2015.

Alcalde: Algo que obxectar á acta? Enténdese aprobada por unanimidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, aproba a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 21 de novembro de 2015 (Acta 17/15).

2. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE DE SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING.

A proposta do concelleiro delegado de mobilidade e seguridade de data 13 de novembro de 2015, ten o seguinte contido:

“PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE DE SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING.

Con data 13 de novembro asínase xa con carácter definitivo o prego de aplicación á licitación do subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela.

Deste prego resulta unha anualización do gasto a aplicar que se extenderá ó longo de cinco exercicios orzamentarios, de acordo co seguinte tenor literal:

*“O gasto correspondente a este contrato, satisfarase con cargo á aplicación orzamentaria **060 13200 20400**, tramitándose como expediente anticipado de gasto, ó abeiro do disposto no artigo 110.2 do TRLCSP, quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión nos vindeiros exercicios orzamentarios, de acordo co seguinte desglose:*

Anualidade 2016: 115.600’15 euros.

Anualidade 2017: 126.100’15 euros.

Anualidade 2018: 126.100’15 euros.

Anualidade 2019: 126.100’15 euros.

Anualidade 2020: 10.500 euros”.

O expediente, en consecuencia, ademais de plurianual, ó amparo do disposto no artigo 110.2 do TRLRFL, tamén se cualifica como de anticipado de gasto, xa que a súa execución material ten lugar nun exercicio orzamentario posterior a aquel no que se autoriza e adxudica.

O artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), no seu apartado 3 sinala en relación con elo que, o número de exercicios ós que poden aplicarse os gastos plurianuais non poderá exceder de catro, engadindo no apartado 5 que: “En casos excepcionais o Pleno da Corporación poderá ampliar o número de anualidades así como elevar as porcentaxes ós que se refire no apartado 3 deste artigo”.

Neste caso, se considera xustificado acordar dita excepcionalidade ampliando a unha máis as 4 anualidades que contempla a norma, como excepción ó límite dos exercicios nos que se poden aplicar os gastos plurianuais, en base á urxente necesidade de dispoñer para o vindeiro ano de vehículos de substitución para repoñer, a lo menos, os turismos que se atopan en peor estado de xeito inmediato, toda vez que xa non pode utilizarse para desenvolver as tarefas de patrulla durante 24 horas e moito menos, ante calquera eventualidade que poda producirse como unha persecución. En canto ó todoterreo é imprescindible para poder acceder a determinadas zonas do concello de difícil acceso ou en circunstancias metereolóxicas adversas, que fan imposible o uso dun turismo.

Por outra banda, e debido á intensidade de uso destes vehículos, cunha media anual de 50.000 Km e un destino que en ocasións pode determinar a necesidade de levar a cabo reparacións importantes e nalgún caso a súa substitución por mor da situación de perigo e risco en que se ven implicados, ó seu mantemento, conservación e reposición debe estimarse coma mínimo en catro anos.

En base a estas consideracións se estima necesario iniciar a contratación dos vehículos neste ano para que nos primeiros meses do vindeiro 2016 podan ser entregados e postos da disposición do Servizo de Seguridade e Mobilidade e, asemade, aumentar nun ano ó límite de anualidades nos gastos plurianuais, por mor da necesidade de ter contratadas as vantaxes dun renting durante catro anos, garantindo con elo o mantemento, conservación, reposición e nalgún caso, a substitución dos vehículos.

Polo tanto, se considera xustificado que polo Pleno da Corporación se acorde a excepción de prevista no apartado 5 do artigo 174 do TRLRFL, en canto á obriga prevista no apartado 3 de dito artigo que establece que o número de exercicios ós que poden aplicarse os gastos plurianuais non poderá exceder de catro, incrementándose este límite nun ano máis, segundo o reparto de anualidades previsto no Prego de Cláusulas Administrativas redactado con data 13 de novembro de 2015, coma segue:

- . Anualidade 2016: 115.600'15 euros (once meses).
- . Anualidade 2017: 126.100'15 euros (doce meses).
- . Anualidade 2018: 126.100'15 euros (doce meses).
- . Anualidade 2019: 126.100'15 euros (doce meses).
- . Anualidade 2020: 10.500 euros (un mes)."

Alcalde: Se fas defensa da proposta, Xan Duro.

Don Xan Duro Fernández: Grazas señor alcalde, compañeiros e compañeiras da corporación. Como de seguro que vostedes xa saben, o parque móbil da policía local consta de 22 automóviles, un todoterreo, dúas furgonetas e catro motos. Destes, cinco son SEAT-TOLEDO, matriculados fai dezasete anos, en 1998; oito NISSAN-ALMERA matriculados fai once anos en 2004; catro son CITROEN-PICASSO matriculados no ano 2010; e ademais contamos con catro vehículos camuflados matriculados entre 1997-2001; un vehículo cedido pola Dirección Xeral de Tráfico no ano 2007; unha furgoneta CITROEN do 2014; e un furgoneta PEUGEOT do 2004. O Nissan Terrano todoterreo en funcionamento na actualidade data de 2001, e ademais catro motos datadas do ano 2007.

Hai vehículos circulando con perto de 450.000 quilómetros nos seus motores, desastre é o cualificativo máis suave que se me ocorre para cualificar o estado do parque móbil.

Non podo entender por que non se quixo, ou non se soubo, poñer remedio a esta situación por parte das corporacións anteriores e deixar chegar a unha situación na que o lamentable estado do equipo móbil compromete a capacidade da policía local para atender á cidadanía, e xerando un malestar moi xustificado entre as persoas integrantes do servizo.

Esta é a situación coa que nos atopamos o goberno municipal de Compostela Aberta cando chegou a esta corporación o 13 de xuño de 2015, e podémolo dicir con satisfacción, ó estar satisfeitos de poder por en marcha a solución a esta inaceptable situación cinco meses despois desta data. E tamén me alegro, particularmente, de poder calmar a preocupación do anterior concelleiro do ramo e membro actual da oposición, Don Alejandro Sánchez-Brunete, que o 24 de novembro manifestaba esta preocupación nos medios de comunicación, acusando a este goberno de inoperancia por non ter solucionado un problema que o seu partido e goberno non foi capaz en catro anos de mandato.

Así, con data 13 de novembro, asinamos o prego de aplicación á licitación do subministro mediante renting de oito vehículos monovolume e un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela, por un importe total de 504.400,60 euros, repartidos en cinco anualidades. Este prego ten dúas características particulares, é un expediente cualificado de anticipado de gasto, xa que a súa execución material ten lugar nun exercicio orzamentario posterior a aquel no que se autoriza, atendendo ao previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, concretamente o seu artigo 110.2. E ademais, é un expediente cualificado como plurianual, xa que do gasto a aplicar estenderase ao longo dos cinco exercicios orzamentarios.

O artigo 174 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no seu apartado 3, sinala que o número de exercicios aos que se poden aplicar os gastos plurianuais non poderá exceder de catro, máis o seu apartado 5 recoñece que en casos excepcionais o pleno da corporación poderá ampliar o número de anualidades, así como elevar as porcentaxes aos que se refire no apartado 3 deste artigo.

O grupo municipal de Compostela Aberta considera plenamente xustificada someter a aprobación deste pleno á excepcionalidade recollida no devandito artigo en base á urxente necesidade de dispoñer para o vindeiro ano de vehículos de substitución, para repoñer cando os turismos que se atopan en peor estado de xeito inmediato toda vez que xa non poden desenvolver as tarefas de patrulla durante 24 horas, e moito menos, ante calquera eventualidade que poida producirse, como unha persecución. En canto ao todoterreo é imprescindible para poder acceder a determinadas zonas do concello de

difícil acceso ou en circunstancias meteorolóxicas adversas, que fan imposible o uso dun turismo.

Por outra banda, e debido á intensidade de uso destes vehículos, cunha media anual de 50.000 quilómetros e un uso que en ocasións pode determinar a necesidade de levar a cabo reparacións importantes e nalgún caso a súa substitución por mor da situación de perigo e risco en que se ven implicados, o seu mantemento, conservación e reposición debe estimarse coma mínimo en catro anos. Por estas razóns, sometemos á aprobación do Pleno esta proposta. Grazas.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde. Moi brevemente, e simplemente para explicar a posición favorable do noso grupo a esta proposta que comentaba o concelleiro, consideramos totalmente xustificada facer esta excepcionalidade no reparto plurianual para garantir que se poida proceder ao inicio da renovación da flota móbil da policía local, que tal e como comentou o concelleiro, certamente se atopa con carácter xeral nun estado bastante calamitoso, e en concreto, os vehículos SEAT TOLEDO aos que el facía referencia, pois parece que é especialmente urxente o seu cambio. Por eses motivos, imos votar favorablemente este punto.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa tarde alcalde e compañeiros e compañeiras de corporación. Obviamente, e como non podía ser doutro xeito, a pesares do ton da intervención do concelleiro delegado, o voto do grupo municipal socialista vai ser favorable á proposta para o subministro de vehículos.

Coidamos que un servizo como o da policía local, que está a desenvolver unha labor imprescindible para a seguridade e protección de toda a veciñanza de Compostela, que se debe desenvolver nas mellores condicións, non só de imaxe, senón tamén de seguridade como dicíamos antes, e todos sabemos que cambiar nestes momentos a flota de vehículos era unha necesidade primordial.

Deste xeito, quen vamos a gañar, non só os membros da policía local, senón todos os veciños e veciñas de Santiago. Nembargantes queremos deixar constancia que para vindeiras propostas non se adiante o sentido do voto antes de que veña pleno. Isto aconteceu nesta proposta na que o concelleiro de seguridade xa adiantou o sentido do mesmo, dicindo que se ía renovar a flota de vehículos, imaxinamos que sería froito dunhas gañas de cambiar os coches e dunha necesidade da que todos somos partícipes. Nada máis e moitas grazas.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Eu son dos que creo que en política o cortés non quita o valente, e o recoñecemento dos logros do adversario nun punto concreto como o este, non menoscaba o maior valor xeral das propias posicións. E por iso entendo que neste punto é de xustiza facerlle un recoñecemento ao concelleiro de

Compostela Aberta, e penso que é de xustiza facer un recoñecemento ao concelleiro de Compostela Aberta porque o concelleiro ven de bater o record mundial de inexactitudes... formuladas nunha fracción de minuto. E cando se bate un record mundial, aínda que sexa de inexactitudes, pois hai que recoñecelo. En menos de dez segundos foi quen de recorrer un treito considerable de declaracións inexactas, literalmente dixo o outro día: “que o goberno anterior intentou por en marcha o procedemento, pero foi paralizado porque se pretendía utilizar unha figura que non existe, a do leasing con dereito a compra”, todo isto en 9:22 que como digo é un record do mundo.

O certo é que o anterior goberno non intentou utilizar a figura do leasing con opción de compra, senón a figura do renting con opción de compra, que en todo caso existe, dende o punto e hora en que a intervención municipal a validou, e incluso teño que dicir, unha suxestión do anterior interventor xeral, el a utilizara en Ferrol, e el fixo esa indicación, e hai que dicir ademais, señor Duro, que o proceso non foi en ningún momento paralizado, o proceso se completou, se completou todo o proceso de licitación, o que sucedeu, é que as ofertas dos licitadores non se axustaron á condición económica do prego.

Fala vostede de paralización, home debe ser unha proxección retrospectiva, porque a paralización chegou en xuño. Creo lembrar que a principios de xuño se lles entregou a vostedes o informe ao traspaso de poderes, e nese informe destacábase a necesidade de volver licitar os coches da policía local. Isto foi como digo a principios de xuño, e van seis meses, non é pouco, e iso que vostedes puideron utilizar durante estes meses unha fórmula de adquisición máis sinxela que a fórmula que tivemos que utilizar nós, xa que xa estaban os pregos técnicos feitos, con independencia de que tivesen que modificar algunha cuestión. E iso que vostedes tamén se atoparon con informes económicos, ou coas bases duns estudos económicos que tamén estaban feitos.

Xa digo, van seis meses, polo tanto non creo que se poidan gabar moito da súa dilixencia, pero en fin, este é un asunto no que non queremos polemizar, malia que temos algunhas dúbidas non queremos retrasar un procedemento que xa incorpora o retraso propio do novo goberno. E o que si queremos é lembrar dúas cuestións:

A primeira, que os coches se adquiren grazas a que o Partido Popular consignou unha cantidade nos orzamentos, din os ingleses que o orzamento é a política expresada en cifras, e en cifras o anterior goberno do Partido Popular expresou o seu compromiso coa seguridade e coa convivencia.

E o segundo que queríamos sinalar é que o proceso de renovación non pode ficar aquí. Como vostede mesmo indicaba, o parque móbil é un parque envellecido, presumimos que estes oito vehículos, oito máis un, servirán para renovar e para dar de baixa aos

Toledo e os Almera, pero tamén hai que indicar que nestes momentos os CITROEN C-4, que teoricamente son os máis novos, presentan serios problemas coas reparacións e co custo engadido que isto supón. Xa digo, non queremos retrasar máis este procedemento, e pola nosa banda imos votar favorablemente.

Alcalde: Grazas señor Brunete, alguén quere facer uso da segunda quenda?

Don Xan Duro Fernández: Tres cuestións moi breves. Descoñezo o tono que empreguei ao que aludía o concelleiro Don Gonzalo Muíños, tamén descoñecía que o grupo de goberno tiña impedida a potestade de presentar en rolda de prensa as iniciativas que pretende levar ao pleno, cousa que a oposición está plenamente habilitada para facelo. Este grupo de goberno presentou en rolda de prensa a iniciativa de someter a aprobación do pleno deste Prego. Nunca dixemos que estaba aprobado, e creo que é unha potestade deste goberno anunciar todas as medidas que considere, e por iso vivimos nun país teoricamente democrático.

Sobre as inexactitudes que falaba o compañeiro Alejandro, ben, estarían feitos todos os pregos técnicos e todos os estudos económicos, pero como pasaron perto de dous anos dende que se fixo ese estudo económico, houbo que facelo de novo, porque xa as condicións e os prezos deses vehículos non estaban actualizados, e iso foi o que demorou todo este tempo este traballo.

Houbo que facer novos pregos técnicos, consultar novamente os prezos, recibir eses prezos, e elaborar todo o proceso de licitación. Non discuto toda a habilidade que tivo o goberno anterior en facer eses pregos, pero a realidade é que estamos en novembro de 2015 e seguimos sen vehículos, procuraremos que de aquí a xaneiro-febreiro do ano que ven, isto estea solucionado. Grazas.

Alcalde: Algo que engadir?, Gonzalo, Rubén, Brunete?

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Non, simplemente dicir que o ano que estiven no goberno se me fixo moi longo, pero non tanto como para pensar que estiven dous anos, estiven somentes un ano, e os estudos económicos se fixeron cando nós cegamos, non fai dous anos, non.

Alcalde: Grazas señor Brunete, pasamos señor secretario á votación.

Xa que logo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes, á vista do ditame favorable da Comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas de data 1 de decembro de 2015, e da proposta transcrita ao inicio e co obxecto da licitación do subministro de 8 vehículos monovolume e un todoterreo para a Policía Local, mediante renting, acorda a excepcionalidade prevista no apartado 5 do

artigo 174 do TRLRFL, en canto á obriga prevista no apartado 3 de dito artigo que establece que o número de exercicios aos que poden aplicarse os gastos plurianuais non poderá exceder de catro, incrementándose este límite nun ano máis, segundo o reparto de anualidades previsto no Prego de Cláusulas Administrativas redactado con data 13 de novembro de 2015, como segue:

- . Anualidade 2016: 115.600'15 euros (once meses).
- . Anualidade 2017: 126.100'15 euros (doce meses).
- . Anualidade 2018: 126.100'15 euros (doce meses).
- . Anualidade 2019: 126.100'15 euros (doce meses).
- . Anualidade 2020: 10.500 euros (un mes).

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA A SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA SEMANA SANTA EN SANTIAGO, COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular con data 26 de novembro de 2015, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“Eu ¿por qué non dicilo si é verdade?, vou a Notre Dame ¿por qué? Pois porque me da gusto estar na igrexa á beira da xente que teña fe de verdade...” (Castelao, “Diario. 1921”. Editorial Galaxia.1977).

Non fai falta ser un católico practicante nin un beato en extremo para respectar e valorar o feito relixioso.

Resulta difícil definir a historia de Galicia sen ter en conta o sentimento relixioso que impregna a maior parte dos sinais de identidade que nos definen e caracterizan como pobo. Un sentimento relixioso latente desde a máis remota antigüidade e que arraigou maioritariamente arredor do cristianismo. Con el, fóronse estendendo na nosa terra ritos, cultos, tradicións, lendas, símbolos ou monumentos que forman parte esencial do acervo cultural e da alma colectiva dos galegos e das galegas de hoxe, tanto dos que manteñen a súa fe como daqueles que renegan abertamente das celebracións e das manifestacións que fan perdurar nos nosos días as mesmas crenzas arredor do feito relixioso.

O calendario tradicional de Galicia está marcado, como unha gran maioría dos nosos costumes e usos sociais, por unha presenza constante de realidades e conceptos de orixe cristiá, que dan fe da súa importancia e da súa influencia entre nós. Unha transcendencia colectiva que sintetizou Otero Pedrayo ao afirmar que *“no cristianismo atopou Galicia a verdadeira patria do seu espírito”*.

No calendario galego, a tradición da Semana Santa ocupou e segue a ocupar un lugar destacado. Unha época que é, sobre todo, a expresión dunha fonda fe relixiosa, pero que en moitos lugares é tamén o momento dunha representación con valor cultural e social. Iso fai que sexa moito máis ca unha celebración interior, dirixida unicamente a alimentar unha crenza e un sentimento persoal, para converterse nun motivo de atracción, de admiración e de respecto que prende en cantos se achegan e participan dela.

Unha Semana Santa que compartimos con outras zonas de España, aínda que mantendo o noso propio carácter dentro das variables dun “fenómeno plural”, tal e como o concibe a Administración do Estado, que ten iniciado o pasado 23 de novembro de 2015 o expediente para a súa declaración como “Manifestación Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial”, poñendo de realce a súa riqueza cultural e social, a proxección internacional, a súa influencia no vocabulario, na música e na gastronomía, así como a vinculación con oficios tradicionais e talleres artesáns dos pasos e das imaxes –que forman parte do Patrimonio Histórico- polo que “merecen o recoñecemento e valorización social e institucional”.

A Semana Santa adquire tamén en Santiago de Compostela unha dimensión moi especial que transcende do ámbito espiritual para converterse nunha cita coa arte e coa tradición, que lle achega un novo valor á nosa cidade, onde as procesións se ven realizadas nos seus percorridos polo barroco da nosa arquitectura. Son estas procesións reflexo dun sentimento popular nunha cidade que naceu e segue a medrar ligada a un feito relixioso e que, ao chegar a Pascua, renova con singular intensidade a vixencia do compromiso coas súas orixes.

Malia ter atravesado un período de declive e de escasa participación, a Semana Santa ten recuperado en Santiago nas últimas décadas o seu pasado esplendor, situándose entre as de maior participación de Galicia, contando para iso co alento do impagable traballo da actual Xunta de Confrarías, que manteñen o espírito que animou a súa creación -algunha vai para cincocentos anos- e coa constante participación das institucións locais -de forma moi especial o propio Concello-, que sempre se implicou de forma activa.

Da dilatada implicación municipal coa Semana Santa en Compostela é singular testemuña unha das procesións, a do Paso da Última Cea do Salvador, que foi asumida

nos seus inicios polos gremios e despois pola veciñanza, para acabar dependendo desde o inicio do século XVII do propio Concello de Santiago, que a recuperou cara a 1993 para transferirla á orde dos Franciscanos en 1997.

A cidade de Santiago debe continuar a poñer en valor esta celebración, complementando o atractivo dos artísticos pasos e das igrexas que os albergan, con outras actividades que realcen e reforcen esas datas, como se vén facendo nos últimos anos a través do Festival de Músicas Contemplativas ou coa implicación da hostalería ofrecendo menús cunha especial vinculación coa Semana Santa.

Tendo en conta a súa historia, o seu valor cultural, social e mesmo económico, a riqueza artística e o papel de atracción de visitantes que exerce na nosa cidade, o Grupo Municipal Popular propón que o Concello promova a declaración da Semana Santa como festa de interese turístico de Galicia, co obxecto de lograr unha especial consideración na planificación e promoción da Administración autonómica á hora de recibir axudas e subvencións, para que sexa incluída nas accións de promoción da Xunta de Galicia e para que poida beneficiarse na planificación de investimentos materiais que melloren e beneficien esta celebración.

En consecuencia propónse a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- Que se dirixa á Xunta de Galicia presentando a solicitude e a documentación pertinente para que a Semana Santa de Santiago de Compostela sexa considerada Festa de Interese Turístico de Galicia, en atención á súa antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural e continuidade no tempo;
- Que, promova ou colabore na elaboración dun programa turístico e cultural durante as datas de Semana Santa de 2016, en consonancia con esta celebración, que axude a potenciar e realzar o atractivo desta tradición na nosa cidade.”

Alcalde: Señor Hernández, se fai defensa.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Boas tardes señor alcalde, compañeiros e compañeiras. Hoxe presentamos unha proposición que trata de reiterar unha evidencia. Na nosa opinión, a importancia cultural, e gustaríame dicir que por riba de credos e ideoloxías, que ten na nosa tradición á celebración da Semana Santa de Santiago. Unha tradición que merece o apoio, en consideración deste grupo, e a consideración non só da maior parte da veciñanza, senón que tamén debería tela das institucións e das entidades

públicas, e nomeadamente do noso concello. Por iso, propoñemos que esa importante cita do noso calendario festivo e tradicional sexa declarada festa de interese turístico de Galicia, atendendo á súa antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural e tamén continuidade no tempo.

Non fai falta dicir que a Semana Santa, a nosa Semana Santa, xa ten o recoñecemento daquelas persoas que a coñecen, pero queremos que se dea un paso máis, e que ese recoñecemento sexa de toda Galicia, e que a Xunta de Galicia poña en valor a tradición e a singularidade desta festa. Un feito que repercutirá positivamente na imaxe da cidade, no seu atractivo como destino de visitantes. Na conservación dos nosos recursos turísticos, e tamén un pulo importante para a actividade económica en xeral do noso concello.

Á hora de elaborar esta proposta, que conta, gustárame suliñar, co visto e praxe das cofradías da nosa cidade coas que mantivemos conversas sobre esta cuestión, tívose en conta como dicía, á hora de elaborar esta proposta, a historia da celebración, o seu valor cultural, social, e mesmo económico, a riqueza artística das diferentes demostracións que se fan nesa semana, e o papel de atracción de visitantes que exerce na nosa cidade.

Con esta iniciativa pretendemos que o concello promova ante o goberno da Xunta, ante o goberno galego a declaración da Semana Santa como festa de interese turístico de Galicia, co obxecto de lograr unha especial consideración na planificación e a promoción que fai a Xunta de Galicia, e tamén que se teña en conta á hora de recibir axudas e subvencións por parte do goberno de Galicia, para que sexa incluída nas accións de promoción dese goberno e para que poida beneficiarse de investimentos que melloren e beneficien á devandita celebración.

Queremos que a declaración da Semana Santa de Santiago como festa de interese turístico de Galicia, ademais de ser un recoñecemento ao traballo das cofradías, sexa unha oportunidade para impulsar un sector importantísimo na nosa cidade, o sector turístico, e facer de Santiago aínda máis o foco de atracción de máis turistas nacionais, e porque non, internacionais.

Hoxe en día, contan con esta distinción de interese turístico de Galicia, moitísimas celebracións, non as vou citar aquí, pero gustárame subliñar que para contar con esta distinción, o Concello debería presentar a documentación pertinente á Xunta de Galicia para que se lle conceda o nomeamento. Confiamos no apoio unánime de toda a corporación, e agardamos non se quede unicamente no seu carácter relixioso, que o ten, senón que entendan que esta distinción pode ser unha oportunidade para o sector turístico e económico da nosa cidade.

Para que un evento determinado, nós cremos que a Semana Santa de Santiago cumpre as condicións, se considere festa de interese turístico de Galicia, valóranse uns requisitos como son a antigüidade, ten que ter como mínimo 10 anos, a continuidade no tempo, a singularidade e a súa orixinalidade, o arraigo popular e o seu valor cultural. Do mesmo xeito, téñense en conta criterios como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuran as celebracións en concreto, a creatividade, o coidado dos contornos paisaxísticos, urbanos e monumentais. Requisitos que nós consideramos que todos eles están totalmente acreditados na nosa Semana Santa.

No calendario galego en xeral, e no santiagués, a tradición da Semana Santa sen dúbida ocupa cada ano un lugar máis destacado, e máis ala de representar unha fonda expresión da fe relixiosa, tamén é o momento dunha demostración que encaixa nas tradicións culturais e sociais da nosa cidade. É un fenómeno que nós cremos que é un fenómeno plural, e cremos, ademais, que vai este posible impulso por parte do Concello da declaración de festa de interese turístico de Galicia co acordo que iniciou o Estado, a administración do Estado o 23 de novembro pasado en relación co inicio do expediente para a declaración da Semana Santa no conxunto do Estado Español como manifestación representativa do patrimonio cultural e material.

Non se pode esquecer, na nosa opinión, a forte vinculación que a Semana Santa ten tamén co patrimonio, con oficios tradicionais, e polo tanto, cremos que é unha cuestión a ter en conta, especialmente no relativo á vinculación da Semana Santa coa actividade económica e co pulo do turismo, especialmente do turismo nacional.

Non temos, é certo, datos en relación co impacto que a Semana Santa produce na nosa cidade, pero utilizando Semanas Santas como poden ser a de Palencia ou a de Valladolid, estamos a falar de impactos económicos de arredor de dous millóns de euros. Polo tanto cremos que pode ser unha oportunidade para a cidade, e por iso propoñemos ao pleno esta proposición, que en definitiva insta ao correspondente órgano de goberno municipal a:

En primeiro lugar, que se dirixa á Xunta de Galicia presentando a solicitude e a documentación para que a Semana Santa de Santiago sexa considerada Festa de Interese Turístico de Galicia, en atención ás circunstancias que concorren nesa celebración. Que promova ou colabore na elaboración dun programa turístico e cultural durante as datas de Semana Santa de 2016 en primeiro lugar, e en consonancia con esta celebración, que axude a potenciar e realzar o atractivo desta tradición na nosa cidade.

En definitiva, é por iso polo que plantexamos esta proposición para ser debatida, e agardamos que sexa apoiada polo resto dos grupos da corporación. Moitas grazas.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben, boa tarde, por suposto que non fai falta ser unha persoa católica practicamente nin beata en extremo para respectar e valorar os feitos relixiosos en plural, non en singular, como aparece nesta proposición do Partido Popular, onde se fala realmente dunha manifestación concreta, duns feitos relixiosos dunha, ben se ve polas veces que aparecen palabras como fe e cristianismo. E determinadas cuestións que se valoran aí correspóndenlle á igrexa, á igrexa facer a súa propia planificación a este respecto, e polo tanto a elas non me vou referir.

É certo que tamén na proposición que se presenta hai cuestións que teñen que ver con iniciativas de carácter cultural, de carácter social, de carácter turístico, de promoción turística. Nese respecto é no que me vou centrar dende a perspectiva do Bloque Nacionalista Galego, facer política significa establecer prioridades, non. Dende a nosa perspectiva, a prioridade no tema turístico para Santiago de Compostela, como ademais xa debatemos en ocasións, é que as persoas que veñan poidan saír do que é o centro, e coñecer tamén Santiago no seu conxunto.

Aproveitar que están aquí para saír xustamente dalgúns espazos que é practicamente onde se moven, e conseguir nese sentido que coñezan tamén outros edificios relixiosos, por exemplo está aí a Colexiata de Sar, enormemente descoñecida para as persoas que nos visitan, pero tamén poder ir ao Castelo da Rocha, coñecer os petróglifos. Hai cantidade de lugares onde os visitantes que están aquí, a Semana Santa é un tempo suficiente como para facelo, e normalmente tamén un tempo afortunado ou medianamente afortunado dende a perspectiva climatolóxica. Para nós esa debe de ser unha prioridade, así como que haxa actividades culturais para as persoas que tamén fican aquí, que tamén residen en Compostela e que non poden ir de vacacións, que son moitas, non. Polo tanto, pensamos aí, cara aí é a onde nos deberíamos de ir. Non estamos de acordo con que sexa fundamentalmente algo que se fai, que xa existe, pero que se promova ou colabore na elaboración dun programa turístico e cultural durante as datas de semana santa, e en consonancia con esta celebración, polo tanto, que todo vaia ligado xustamente a esta manifestación relixiosa. Non nos parece que sexa unha prioridade política, pensamos que hai outras, que nos debemos centrar aí, e polo tanto, o noso voto non vai ser favorable a esta proposición.

Por outro lado, eu non sei o que diría Castelao, a verdade, sobre esta proposición. Non se trata de que nós o digamos, pero chama a atención utilizar os nomes de Otero Pedrayo ou de Castelao para vir aquí acompañando esta proposición. Eu en todo caso quero recomendar que xa que o facemos o fagamos sempre, por exemplo, discutimos fai pouco aquí a respecto do uso de “Galiza”, cando o Partido Popular propuña que se prohibise que se fose utilizado a forma “Galiza” como topónimo, como fórmula para se referir ao noso país; ou verémolo máis adiante, imos falar dalgunha proposición relacionada coa pobreza, coa situación das persoas que máis padecen, e Castelao tamén nunha viñeta, viñeta significativa onde dúas persoas se dicían entre si, na cidade

prohibir o dos pobres, sería mellor que prohibisen a pobreza. Nós imos ir coas prioridades e non imos votar a favor desta proposición.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, concelleiros e concelleiras da Corporación. É certo, cando un fai unha análise, unha revisión de artigos de estudos publicados ao respecto, que o turismo relixioso da Semana Santa pode servir como motor de desenvolvemento económico. É certo que posibilita reactivación de actividades artesanais. É certo que fortalece, se fortalece, en épocas de crises como a actual, un exemplo é o Camiño de Santiago que cada ano esta a ter máis peregrinos.

Eu si que vou aportar un exemplo, a verdade, un exemplo que é bastante máis rico no seus resultados que o de Palencia que plantexaba o propoñente e defensor da proposición. Voume referir á cidade de Córdoba, datos de 2010, a cidade de Córdoba supuxo preto de 760 mil persoas como turismo de Semana Santa nese ano, dos que $\frac{3}{4}$ partes dos mesmos foron turistas hospedados e o resto foron turistas que asistiron ás procesións e aos actos da Semana Santa en calidade de visitantes. O impacto económico directo e indirecto, obviamente, foi de arredor de 42 millóns de euros, a maior parte da contribución desa contía, o 58%, correspondeu precisamente ao público.

Non é menos certo, e iso tamén temos que telo en conta, que a motivación primaria para todos os visitantes a unha Semana Santa, neste caso fago referencia a Córdoba, foi precisamente a visita cultural, por enriba da propia relixiosa, e non é menos certo que segundo todos os estudos o turista cultural é o máis rendible. Polo tanto, nós estamos de acordo en que efectivamente se promova esta declaración institucional de interese turístico para a Semana Santa de Santiago de Compostela, que favoreza a promoción da cidade, que favoreza o acceso ás subvencións, que favoreza a desestacionalización que está a padecer o turismo da nosa cidade. Polo tanto, o noso voto vai ser positivo, entre outras cousas, por pura coherencia co que teñen feito os gobernos socialistas nesta cidade.

Non podemos esquecer que os gobernos progresistas, e particularmente comezou co Alcalde Xerardo Estévez, prestaron claro apoio ás confrarías para relanzar as procesións. É certo que se coorganizou por parte do Concello e as confrarías a procesión da “última cea”, e non menos certo, e particularmente foi neste caso o Alcalde Xerardo Estévez, quen puxo en marcha o programa de “músicas contemplativas”. Como todo o mundo sabe, son celebracións de concertos durante a Semana Santa en diferentes igrexas en Santiago de Compostela.

Non é menos certo tamén, que esa declaración de interese turístico ten que ir acompañada dunha programación turística e cultural para desenvolver e promocionar a nosa cidade, polo tanto, facilitar esa desestacionalización do turismo tan necesaria. Polo tanto o noso voto vai ser favorable á proposición.

Dona Marta Lois González: Si, moi brevemente. En relación á proposición do grupo do Partido Popular relativa á solicitude de declaración da Semana Santa como festa de interese turístico de Galicia, nós tamén queríamos facer unhas reflexións aquí en alto a respecto. Bueno, tanto á formulación e argumentos que acompañan esta solicitude, como cales son os nosos puntos de partida. En primeiro lugar, cremos que esta solicitude, atendendo un pouco nos criterios que figuran no decreto 4/2015 de 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, insistindo en aspectos que aquí se sinalaron, como antigüidade, singularidade, arraigo e valor cultural, bueno, pois creo que algúns deles, efectivamente, podemos coincidir que así son, pero algúns outros tamén podemos valorar con certa cautela se o arraigo popular da Semana Santa en Compostela se pode equiparar a outros espazos, como por exemplo estoume a lembrar de Ferrol e o arraigo que a Semana Santa pode ter alí.

Dito isto, creo que tamén nesta argumentación, máis alá, e coincido coa compañeira Goretti, do uso sorprendido ou desacertado, dende o meu punto de vista, da cita Castelao para facer unha petición desta natureza, dáme a sensación que a reclamación desta festa da Semana Santa como festa de interese turístico para Galicia está adquirindo unha sobresignificación máis alá do sentido relixioso que a cidade en si mesma ten. Cando falamos do seu patrimonio cultural, do seu patrimonio gastronómico e das súas tradicións, consideramos que dende o ámbito do poder político, e neste caso da responsabilidade institucional local, podemos facer unha defensa da Semana Santa separando claramente os espazos daqueles actores que si claramente está nas súas mans responsabilizarse deste tipo de promoción, e as prioridades, accións, e políticas públicas de carácter turístico que queremos para esta cidade.

Son políticas turísticas de carácter máis integrador, cultural e transformador que engloban, iso si, dende o punto de vista cultural, a oportunidade que significa a Semana Santa, pero con moitos outros elementos que se poden potenciar dende o turismo de Santiago para que a Semana Santa encha de visitantes a cidade, para tratar non só de visitar monumentos e espazos relixiosos, senón outro tipo de patrimonios, como dicía antes, culturais, gastronómicos e naturais que ten a cidade. Polo tanto, insisto que creo que non é unha boa vía facer, en reiteradas ocasións este exceso de sobresignificación da Semana Santa, que claramente ten unha parte relixiosa con aspectos que a cidade por si mesma pode defender sen ter que recorrer á reivindicación dunha festa de interese turístico de Galicia.

E ao mesmo tempo, aproveito tamén para dicir que non concordamos en que dende o propio goberno de Compostela Aberta, que dende turismo de Santiago teñamos que elaborar un programa turístico específico vinculado á Semana Santa no senso de que a petición aquí foi redactada, senón que nós estamos traballando e redactando dende fai

un tempo para que esta Semana Santa sexa unha Semana Santa para a veciñanza, sexa unha Semana Santa que poña en valor os valores culturais e patrimoniais da cidade.

Dito todo isto, nós como grupo de goberno, a esta petición ímonos abster.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moi brevemente señor alcalde, para facer algunhas observacións. En primeiro lugar facer unha reflexión respecto da apropiación por parte dos grupos deste concello da figura Castelao, a min gustaríame saber se a referencia é correcta ou incorrecta, se é correcta, pois nada que dicir, axústase á realidade do pensamento de Castelao ou de Ramón Piñeiro, loxicamente.

En segundo lugar, facendo unha referencia á señora Sanmartín, dicir que no ADN do Partido Popular non está precisamente a prohibición de nada, e por suposto, non está para nada, nin esta recollido en ningún acordo deste Concello, a prohibición da utilización da palabra Galiza. O que si que temos claro é que hai unha denominación oficial, e polo tanto, consideramos que nos documentos e acordos debe aparecer a denominación oficial da nosa comunidade autónoma.

E por último, simplemente dicir que a realidade do impacto da Semana Santa na economía da cidade, pois non é necesario mirar noutras cidades para ter esa referencia. É certo que non temos datos concretos de Santiago, pero bueno, cuantificados economicamente, pero por exemplo no ano 2015 a ocupación da nosa cidade foi do 90%. Na semana santa do ano 2015 chegaron á nosa cidade 6.216 peregrinos, cando no resto do mes de marzo foron 5.080, polo tanto, temos obviamente un impacto positivo desas datas, que apoiemos e poñamos en valor a través desta declaración a Semana Santa non significa que deixemos de atender o resto das liñas estratéxicas do turismo da nosa cidade, a desestacionalización e o resto das cuestións nas que creo que todos estamos de acordo.

E ademais, que non é menor, permitiría estar en condicións de acceder ás axudas que a Xunta de Galicia ten para ese tipo de festas, por certo señora Lois, a Semana Santa de Ferrol creo que vai camiño de ser declarada festa de interese turístico internacional, está moi por riba da Semana Santa de Santiago, nós imos pasiño a pasiño.

Alcalde: Goretti, Reyes, Marta.

Dona Marta Lois González: Moi brevemente, tamén un pouco chamar a atención ás veces á necesidade de facer reflexións en relación aos análises cuantitativos dos visitantes, que habería que desagregar cantas desas persoas visitantes durante a Semana Santa, tendo en conta que son días festivos, están visitando, como dicía antes, a cidade por uns motivos moito máis amplos e globais que estes aspectos sinalados dende a petición do Partido Popular. Nada máis.

Alcalde: Señor secretario, pasamos á votación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PP e do PSdeG-PSOE, 2 votos en contra do/a concelleiro/a BNG, e 9 abstencións dos/as concelleiros/as de Compostela Aberta, acorda:

Instar ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- Que se dirixa á Xunta de Galicia presentando a solicitude e a documentación pertinente para que a Semana Santa de Santiago de Compostela sexa considerada Festa de Interese Turístico de Galicia, en atención á súa antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural e continuidade no tempo.
- Que, promova ou colabore na elaboración dun programa turístico e cultural durante as datas de Semana Santa de 2016, en consonancia con esta celebración, que axude a potenciar e realzar o atractivo desta tradición na nosa cidade.

4. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á SITUACIÓN DAS PERSOAS QUE SE ATOPAN NA CONFLUENCIA DA RÚA DO VILAR COA PRAZA DO TOURAL.

A proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, de data 26 de novembro de 2015, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico de Funcionamento, presenta para o seu debate na seguinte sesión do Pleno a seguinte Proposición:

Dende hai xa tempo, diversas persoas -refractarias ás posibilidades de inclusión social que se lles teñen ofrecido- atópanse na confluencia da Rúa do Vilar coa Praza do Toural. Semella que estas persoas teñen renunciado a vivir, e as súas horas son un continuo *abandonarse* e unha renuncia ao seu máis elemental coidado e aos máis elementais horizontes da vida humana.

Por riba, súa presenza xa é permanente e non se corresponde cun proceso de libre, lexítima e natural deambulación constitutiva dun dereito fundamental, senón que constitúe unha ocupación ou uso intensivo ou privativo e sen habilitación do dominio público, uso que exclúe as posibilidades utilización ou paso da maioría de cidadáns e que degrada o referido espazo público ao producirse, día e noite, día e noite, un acúmulo de enseres, un consumo de bebidas, a realización de necesidades fisiolóxicas e ata o arremeter contra as persoas que traballan na zona ou que transitan pola rúa, persoas que

se ven obrigadas a desviarse a fin de non ter que soportar cheiros ou a fin de non verse increpados ou a fin de esquivar as frecuentes rifas e pelexas que se producen.

Os comportamentos -propiciadores, entre outros efectos, de insalubridade e de inseguridade-, situáronse no límite do tolerable durante estes últimos anos, pero o seu agravamento foi contido e as condutas máis incívicas controladas polas autoridades municipais. Resulta público e flagrante que nos últimos meses se agravaron a ocupación do espazo e as súas indesexadas afectacións a terceiras persoas, dando lugar a unha situación que constitúe unha burla ás normas de convivencia, así como unha privatización excluín-te de tan singular tramo de rúa.

O Estado social, as posibilidades de integración que se lle ofrecen a estas persoas, e a súa liberdade e dignidade son compatibles co aseguramento das condicións mínimas que deben manter as nosas rúas e espazos públicos, condicións, entre outras, de seguridade e salubridade, desexadas por unha maioría de cidadáns no marco dun Estado de Dereito. Ao tempo, desfacer o acantonamento no que estas persoas están entrapadas é o primeiro paso para que poidan atopar o camiño da integración social.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular presente ao Pleno a seguinte Proposición:

O Pleno do Concello insta ao Goberno municipal a que:

1º) O servizos sociais municipais realicen novos intentos de mediación e inclusión social das persoas que ocupan incívicamente o referido espazo público.

2º) A fin de favorecer esa integración e a xeral convivencia:

a) De acordo ao Dereito vixente, recupere a posesión do referido dominio público municipal, e incida no cumprimento da vixente Ordenanza de Convivencia.

b) O servizo de limpeza incremente a frecuencia do seu paso pola referida zona.

c) Previos trámites oportunos, se modifique a actual Ordenanza de convivencia, a fin de garantir mellor o seu cumprimento, contemplando unha habilitación máis expresa á Policía, tal como se recolle, por exemplo, na Ordenanza-tipo proposta pola Federación Española de Municipios e Provincias e nas correspondentes ordenanzas doutros municipios de España.”

Alcalde: Se fan defensa da mesma.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Os integrantes do grupo municipal popular cremos sentidamente na dignidade das persoas, e sinaladamente cremos na dignidade daquelas que son vítimas dun proceso de destrución ou de autodestrución persoal, como é o caso das persoas que se asentan na confluencia da rúa do Vilar e do Toural. Semella que estas persoas teñen renunciado a vivir, as súas horas son un continuo abandonarse, unha renuncia ao máis elemental coidado, e aos máis elementais horizontes da vida humana. A súa vida, o seu proceso de autodestrución fai certa aquela afirmación de Baroja “todas las horas hieren, la última mata”, afirmación que cobra neste caso toda a fatalidade.

En todos estes homes e mulleres, os integrantes do grupo popular recoñecemos dignidade e humanidade, e precisamente por iso, porque recoñecemos neles os nosos conxéneres, entendemos que hai que ofrecerlles un camiño que lles permita recobrar unhas mellores condicións de vida, e que lles permita atopar o mellor de si mesmos. E que a humana solidariedade non consiste en que as persoas solidarias comprendamos, ou contemplemos, ou aceptemos resignadamente as duras formas de vida dos máis excluídos, antes ao contrario, a humana solidariedade consiste en ofrecerlle aos excluídos mellores formas de vida. Non en tanto, a solidaria comprensión cara as vidas máis destruídas e a humana disposición a tenderlles unha man, non debe implicar a renunciar á idea da responsabilidade e a idea de civismo.

Debemos sen comprensivos e solidarios, si, pero non por iso, debemos renunciar a que as rúas sexan espazos de convivencia, seguros, salubres, decorosos, transitables, humanos.

Estas persoas en proceso de autodestrución, inmóbiles do círculo da súa exclusión, son segundo a lei libres de rexeitar as axudas das institucións, son libres para dicir como Cervantes “bajo mi capa mato al rey”, son libres para autodestruirse, son libres de rexeitar unha alternativa que se lles ten ofrecido, e que compre volver a ofrecerlles, pero non son libres de imporlles aos cidadáns as expresións máis incívicas do seu acantoamento persoal.

Estamos eticamente obrigados a ofrecerlles unha alternativa, así se fixo, e así se ten que volver a facer. Estamos eticamente obrigados a ofrecerlles unha alternativa, si, pero non estamos eticamente obrigados a admitir a súa maneira nada convivencial de comportarse. Estamos eticamente obrigados a acompañalos na consecución dun teito, si, pero non estamos eticamente obrigados a admitir que ocupen de maneira incívica, degradante e excluínste o espazo público de todos.

Sexamos serios, sexamos íntegros e non esquezamos algo, a solidariedade non exclúe o civismo, a comprensión non exclúe a responsabilidade, o camiño da integración social que lles temos que volver a ofrecer implica movemento, e non un estéril

apalancamento, estancamento, ou acantonamento, ou asentamento nunha rúa, asentamento, por certo, incívico, degradante e excluín-te.

Acantonados na súa marxinalidade, a ocupación que fan do espazo público exclúe a día de hoxe o uso dese mesmo espazo polo conxunto dos cidadáns, pola xente do común, cidadáns que ven menoscabados os seus dereitos, acaso a xente do común non ten dereito a vivir razoablemente na cidade.

A presenza destas persoas na rúa do Vilar xa é permanente e como advertimos no texto da proposición, non se corresponde xa cun proceso xa de libre e de lexitima e natural deambulacón constitutiva dun dereito fundamental, senón que constitúe un asentamento, unha ocupación, ou uso intensivo ou privativo do dominio público. Uso intensivo ou privativo que exclúe as posibilidades de utilización ou de paso da maioría dos cidadáns. E uso que degrada o referido espazo, ao producirse día e noite, día tras noite un acumulo de enseres, un consumo de bebidas, a realización de necesidades fisiolóxicas, e ata arremeter contra as persoas que traballan na zona ou que transitan pola rúa. Persoas por certo, que se ven obrigadas a desviarse, a fin de evitar un ambiente literalmente irrespirable, ou ao fin de non verse increpadas, ou ao fin de esquivar frecuentes rifas e pelexas.

Os comportamentos propiciadores, entre outros efectos de insalubridade, inseguridade, situáronse no límite do tolerable durante estes últimos anos, aínda que o seu agravamento foi contido, e as condutas máis incívicas controladas polas autoridades municipais.

Resulta público e flagrante que nos últimos meses se agravaron a ocupación do espazo e as súas indesexadas afectacións a terceiras persoas e ao interese xeral. Situación actual, que a maiores do drama humano constitúe unha burla ás normas de convivencia, así como unha ocupación excluín-te da rúa, a situación é xa intolerable.

Así as cousas, urxe que o concello faga novos intentos de mediación e de inclusión social das persoas que ocupan abusivamente o referido espazo público, e particularmente, e por razóns obvias, urxe que o servizo de limpeza incremente a frecuencia do seu paso pola referida zona. E concretamente, urxe que se incida no cumprimento da ordenanza de convivencia, requisando por exemplo as bebidas alcohólicas que contribúen a alterar a mentada convivencia.

É convén que se modifique a actual ordenanza, na liña da ordenanza tipo suxerida pola FEMP e aprobada e aceptada, ademais, por diversos concellos de España, a fin de que a policía poida requirir unha máis clara habilitación e autoridade á corrección inmediata de condutas semellantes.

Aínda que neste caso, dada a intensidade e a permanencia da ocupación, e de acordo coa lexislación vixente, procede que, o expediente administrativo que corresponda se recupere a posesión dese tramo do dominio público, porque esta é a clave, esta é a clave señor alcalde, desfacer o acantonamento ou asentamento no que estas persoas están entrampadas e o primeiro paso para que poidan atopar o camiño da integración social. Esta é clave señor alcalde, recortar o espazo da súa degradación é a única maneira de mostrarlles os camiños da súa inclusión.

Volvo ao principio e xa conclúo, teñamos claro que a comprensión non exclúe a responsabilidade, teñamos claro que a inclinación solidaria non debe excluír a garantía do civismo. Señor alcalde contemplar indolente ou resignadamente o proceder destas persoas contribúe a agravar o seu proceso de destrución persoal, e menoscaba os dereitos dunha maioría. En nome dunha maioría falamos, dunha maioría que desexa a recuperación desas persoas, pero dunha maioría que tamén desexa a recuperación da rúa. Exerza a súa responsabilidade. Grazas.

Don Rubén Cela Díaz: Para o Bloque Nacionalista Galego este é un tema tremendamente complexo, que o último que precisa é de demagogia por parte de ninguén. Dende logo, cremos que é unha actuación difícil, e ademais que non é nova, que se puido ver agravada nos últimos tempos en determinados ámbitos da cidade, pero bueno, o señor Brunete que foi concelleiro ramo no seu día sabe que temos debatido tamén moito, longo e tendido sobre situacións parecidas noutros ámbitos, como podían ser a Praza de Cervantes, ou na Praza da Quintana, e que dende logo non é un problema de doada solución.

Nós, dende logo, co que non estamos de acordo é coa proposición do grupo do Partido Popular, nin con algún dos xuízos de valor aos que acaba de facer referencia o concelleiro na introdución, na exposición de motivos desta proposta como no apartado c) do segundo punto resolutivo desta proposición.

O propio Valedor do Pobo realizaba un informe fai poucas datas, onde dicía que explicar un fenómeno como este, con factores exclusivamente individuais, tanto de orixe social, de saúde mental e illamento, de soidade, de consumo de drogas ou alcohol, ou en circunstancias socio-relacionais, como pode ser a ruptura de lazos familiares, sociais ou laborais, pois resulta unha visión tremendamente reduccionista, máxime, se temos en conta que algunhas destas persoas non escolleron vivir nesa situación de precariedade, todo o contrario, foron expulsadas dun sistema que en teoría ofrece, e ofrece na Constitución, Constitución que algúns onte celebraban a todo o grande, dereito á vivenda, ó traballo, a un salario digno.

É certo que non se trata simplemente de persoas que polas circunstancias que sexan non teñen acceso a unha vivenda, hai persoas que non queren que se lles facilite un sitio para

pernotar, iso é certo, e en moitos casos, tamén é certo, que conflúen outras problemáticas, como poden ser as psiquiátricas, ou outro tipo de dependencias.

Nese sentido nós estamos de acordo co primeiro dos puntos plantexados, parécenos ben tamén todo o que ten que ver coa limpeza e cos servizos públicos no seu mantemento, pero como dicía ao principio, non estamos de acordo coa redacción do segundo dos apartados. Nós cremos que este problema non é solucionable, nin exclusiva, nin fundamentalmente pola vía represiva, pero tampouco é menos certo, que hai que dar resposta aos veciños as veciñas, aos comerciantes, e as persoas que pasan por esas rúas. Por ese motivo a posición do Bloque Nacionalista Galego será de abstención.

Alcalde: Grazas Rubén, Paco, Mila.

Dona Milagros Castro Sánchez: Grazas, boa tarde señor alcalde, compañeiros e compañeiras de Corporación. Como xa recordou o noso grupo municipal noutras ocasións aquí neste pleno, son moitas persoas as que se atopan nunha situación límite polas circunstancias da súa vida. Recordar que nun dos últimos informes de Cáritas, denunciase que máis de 3600 galegos/as se atopan e viven nas rúas. Persoas sen teito, por mor dunha ruptura brusca e traumática dos seus lazos sociais, familiares e laborais. Situacións e circunstancias que lles aconteceron na súa vida, fan na maioría dos casos que a súa vontade a teñan debilitada para levar unha vida digna. Ademais a vida na rúa agrava aínda máis esa apatía, e os seus comportamentos que non son moi correctos.

Por iso, despois de facer esta reflexión, o grupo municipal socialista non podería facer afirmacións tan rotundas e de forma tan ousada como as que recolle o escrito desta proposición, como por exemplo cando se di “semella que estas persoas teñen renunciado a vivir”, home, semella que estas persoas teñen renunciado a vivir, o que se semella para nós, é que a situación desta xente que vive na rúa ponnos a diario diante dos ollos que algunha culpa deste fracaso ao mellor a temos cada un de nós. Culpamos sempre ao que está na rúa da súa situación, sen ter en conta as múltiples circunstancias que puideron confluír e que conduciron a este modo de vida.

Por iso cremos que este problema que estamos a padecer nas nosas rúas debe ter un enfoque nun contexto máis de servizos sociais que de prohibicións. Temos a obriga de responder ante as necesidades sociais, porque ás veces estas necesidades nin sequera poden ser demandadas, porque os que as teñen non teñen nin voz, nin espazo, nin foro para facer valer a súa palabra.

O compañeiro Sánchez-Brunete facía referencia a Baroja, a min quédame máis cerca Ángel Gabilondo, e Ángel Gabilondo di que a pobreza en todos os sentidos, e a indixencia, son a gran soidade, a gran exclusión. Estes comportamentos que se recollen na proposición do Partido Popular non se atallan só con prohibicións, senón con

medidas verdadeiramente eficaces para combater a exclusión social que está a padecer esta xente. Repito, hai unha problemática real de persoas que viven na rúa, de persoas sen fogar, e verdadeiras traxedias humanas detrás das persoas que viven nas rúas.

Consideramos imprescindible, a prevención e a coordinación entre as institucións, e cando falamos de prevención e coordinación estamos a falar por exemplo de xoves, que con dezaioito anos teñen que abandonar os centros de menores. Que seguimento teñen estes xoves despois? Que axudas teñen para a inserción na vida diaria? Quen se preocupa de que estean ou non estean na rúa? Canto máis tempo pasa unha persoa na rúa, está claro que máis difícil é a súa recuperación. Estamos a falar de persoas que necesitan axuda a todos os niveis, como dicía o compañeiro Rubén Cela, persoas con adicións, persoas con problemas de enfermidades mentais que poden ser a causa de que estean na rúa, pero tamén poden ser consecuencia da vida sen teito, da vida sen fogar.

Así pois, dende o grupo socialista, estando de acordo co mantemento dunhas condicións de salubridade e seguridade adecuadas para a nosa cidade, botamos de menos nesta proposición máis reforzo nun proxecto que ofrezca solucións concretas para estas persoas que se atopan nas rúas. Para nós prevención e solucións, o arranxo non pode pasar só por unha habilitación máis expresa da policía, que por suposto entendemos e apoiaremos sempre o seu cometido de facer cumprir as normas de convivencia, pero tanto para os que viven nas rúas, como para os que temos teito. Así pois, e tendo en conta a emenda de modificación do grupo municipal de Compostela Aberta na que se fai referencia a esa coordinación da que falei fai un pouco entre as diferentes institucións, o noso voto será favorable a esta proposición.

Alcalde: Teñen que aclarar antes se aceptan a emenda.

Dona Milagros Castro Sánchez: Si, si, é aceptada.

Dona Concepción Fernández Fernández: Boa tarde señor alcalde, concelleiros e concelleiras. Concordamos co grupo municipal do Partido Popular na situación de deterioro persoal e socio sanitario no que se atopan as persoas que pasan os seus días nos soportais da rúa do Vilar, na confluencia co Toural. Tamén compartimos e lamentamos o malestar na convivencia que ocasionan a veciños e veciñas e a comerciantes do entorno da antedita praza do Toural.

Desafortunadamente, e como ben dicía o compañeiro Rubén Cela, esta é unha situación que se arrastra dende fai moito tempo, e que ten unha complexa abordaxe, para que teña un horizonte de recuperación para as persoas e de inclusión social. É por iso, que para o grupo de goberno de Compostela Aberta é unha prioridade política, e por iso traballamos na abordaxe desta situación dende os primeiros días do mes de setembro.

Durante este tempo mantivemos unha xuntanza cos comerciantes e veciños da zona, intensificáronse os servizos de limpeza da Praza do Toural e dos soportais, intensificouse tamén a presenza da policía nesa zona, mantivemos tres xuntanzas da mesa de traballo e coordinación con entidades sociais, que traballan con persoas que están nesta difícil situación. Presentouse no último pleno como ben saben, e aprobouse por unanimidade unha moción que recolle unha primeira intervención en rúa e facilitarlles servizos de habitacións e de hixiene para estas persoas. Continuamos a traballar para xerar un protocolo de intervención, e a medio prazo un plan de atención integral ás persoas sen teito e transeúntes na cidade.

Entón, o que si non podemos compartir é a escasa sensibilidade se queren na abordaxe política desta situación, levando este tema ao terreo da inseguridade, e insalubridade, e utilizando nalgúns ocasións como unha arma arrojadiza ou como un elemento de confrontación social e partidaria.

Son persoas con nome e apelidos nunha situación de extrema vulnerabilidade e risco social, e non se poden por contra as cordas da opinión pública ou contra os dereitos dos outros cidadáns e cidadás e propoñer modificar, logo, para abordar a situación a ordenanza de convivencia. Por iso, nós solicitabamos do Partido Popular que retirara o punto segundo da súa proposta e incorporara unha nova redacción que dixera:

“Que se establecerá un mecanismo para coordinar o protocolo de actuación da policía local e o equipo de intervención en rúa, e cos demais servizos de emerxencia social e coas entidades sociais que atenden ás persoas sen teito e transeúntes na cidade.”

Non sei se o Partido Popular está disposto a incorporar esta nosa proposta que é de substitución do punto dous. Consideramos que a proposta que facemos non é indolente, nin é irresponsable. Unicamente solicitamos o necesario tempo, o tempo mínimo para que cometen a traballar e a ter algún resultado os equipos de rúa e a coordinación que estamos a manter coas entidades sociais que na cidade traballan, e pediámoslles que retiraran este punto, xustamente, para sacar este tema da controversia que ten que ver coa inseguridade, coa convivencia e coa insalubridade. Non sei que di o Partido Popular.

Alcalde: Grazas Concha, o Partido Popular o que di vaino dicir agora o señor Brunete na segunda quenda.

Don Alejandro Sánchez Brunete Varela: Moitas grazas señor alcalde. A verdade é que teñen unha formidable capacidade para manipular as proposicións do grupo popular, porque en ningún caso, en ningún caso esta é unha proposición pensada para o conxunto da xente que vive na rúa, con independencia de que o conxunto de xente que vive na rúa, lóxicamente, requira dos apoios dos servizos sociais. Pero esta proposición

en concreto está pensada para un grupo de persoas que presentan unha complexidade particular e que supoñen ademais unha afectación á convivencia que non xera o conxunto da xente que desgraciadamente vive na rúa. Teñen tamén unha certa capacidade manipulativa, dende o punto e hora en que falan de represión, ...

Alcalde: Non entredes no diálogo, Concha, cada quen está súa quenda.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Esa palabra escoitouse aquí. Aquí do que se fala é de recuperar o espazo público para o conxunto dos cidadáns, incluído, incluíndo medidas de acción social, que por certo señora Castro se lle corresponderá ao goberno, evidentemente, desenvolver esas medidas de acción social.

Por certo, hoxe vivimos aquí un exemplo do que é a hipogresía da esquerda, ou de determinadas persoas de esquerda, a hipogresía que se define como fai o que digo, pero non fagas o que fago. Fai o que digo neste caso deixa a moción enriba da mesa, pero non fagas o que fago, e isto o digo pola señora Castro, porque na Comisión de queixas e suxestións, por dúas veces aludiu a un problema que hai nun centro de saúde en Fontiñas onde ao parecer viven persoas sen teito, e pediu alí, que por favor, a ver se as persoas sen teito desaloxan aquilo. É curioso, é curioso en circuítos privados, en circuítos privados se propón algo que despois nun pleno diante dos medios de comunicación se nega, e non hai porque negalo, porque nós propomos unha iniciativa que é absolutamente respectuosa cos dereitos individuais, pero cos dereitos individuais de todo o mundo, que como digo, inclúe medidas sociais.

Falan de sensibilidade, home, eu non sei se sensibilidade é deixar que un grupo de persoas se autodestrúa, eu non sei se de sensibilidade é deixar que aconteza, que aconteza na rúa o que está a acontecer. E dende logo temos moi claro que vostedes tamén teñen clara o que é a diagnose, iso o temos todos claro, pero agora o que fai falta é implementar novas políticas. E por certo, a situación non é a mesma que se viviu ata agora. Ata agora o que se vivía era unha situación que se podía enmarcar nun ámbito dunha certa liberdade deambulatoria, agora hai un asentamento, e ate o de agora, a cuestión non é a mesma señor Duro. Entendo que vostede non a entende, pero non é a mesma, non é a mesma, é moi distinta, a situación é moi distinta, e evidentemente, as expresións e os comportamentos que suceden dende fai uns meses non son os comportamentos que sucedían uns meses atrás. Polo tanto, hai un cambio na gravidade, ou hai un cambio na natureza da situación. En todo caso, nós preferimos e apostamos antes por unha situación baseada nunha seriedade humana e frutífera, e non nun buenismo estéril e indolente. Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Señor Brunete ten que clarificar, a respecto da emenda.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: A respecto da emenda, nós non temos ningún inconveniente en incorporar, en engadir unha emenda que reforce o papel, que reforce o papel de coordinación da policía local cos servizos sociais. Pero evidentemente, nós entendemos que á policía local, que á policía dun Estado de dereito, hai que dotala de recursos, neste caso, de habilitacións legais, como sucede en tantos e tantos concellos de España, entre eles o de Barcelona.

Alcalde: Pero entón entendo que non aceptan a emenda de substitución, non a aceptan, como dixo hoxe na xuntanza o señor Hernández, e propoñen unha emenda de engádegas, pero a emenda presentada era de substitución dun punto, non a aceptan a substitución.

Dona Milagros Castro Sánchez: Moitas grazas, señor alcalde. Sábeme mal, sábeme mal empregar este ton aquí, porque a señora Castro en ningún momento di: “e quero que os desaloxen”. Non, non acostumo a falar así, falo tranquilamente, e en ningún momento utilicei ese ton para dicilo, en ningún momento falei de desaloxo, en ningún momento dixen que había unhas persoas que estaban ás portas do centro de saúde de Fontiñas que é onde traballo, que a encargada dos asuntos sociais, púxose en contacto co concello, incluso con Cruz Roja, e estaban vendo a posibilidade de sacalos de alí, eu en ningún momento dixen: “que os desaloxen, que veña a policía”, paréceme absurdo dicir estas cousas no pleno.

Vamos a manter a nosa postura de que se se ten en conta a emenda de modificación do grupo municipal de Compostela Aberta, votaremos que si, e senón o noso voto será de abstención.

Alcalde: Grazas Mila, a túa quenda Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Dúas aclaracións para o señor Brunete. Manipular, non sei que entende vostede por manipular, os tres grupos que estamos neste pleno distintos do Partido Popular entendemos o mesmo, que se estaba intentando e se propón modificar a ordenanza de convivencia nesta cidade, para levar ao terreo logo da seguridade e da insalubridade unha cuestión social, complexa e delicada, entendémolo os tres grupos, non un. Por iso é que nós facemos unha emenda de substitución, que polo menos un grupo manifestou que nese punto estaría a favor da proposición. É de substitución, e substitución xustamente no sentido de coordinar os servizos sociais, os de emerxencias sanitarias, as entidades que traballan con estas persoas, e máis a policía local, pero non levalo a unha modificación da ordenanza de convivencia, que ten que ver exclusivamente con seguridade.

E despois algunhas palabras que non eran apropiadas, represión e demais, foi vostede a única persoa que aquí as utilizou. Igual esa falta de comprensión que ten que ver con manipulación, represión e demais, ten que ver con que utilizamos verbos distintos, ou

formas expresivas distintas, entón, nós mantemos a nosa emenda de substitución, porque entendemos que non se pode levar a modificación da ordenanza de convivencia desta cidade, motivada por esta situación, e se vostedes a aceptaron poderíamos pasar esta proposición, esta proposición podería ser unha proposición unánime deste pleno, noutro caso nós votaríamos en contra.

Alcalde: Ten que aceptar o propoñente?

Secretario: Ten que aceptar o propoñente a emenda, senón vótase o que propón.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Aceptamos loxicamente esa petición, esa petición que vostedes fan de reforzar a idea de coordinación entre os axentes da política social e os axentes de policía local, pero non como substitución, porque entendemos ..

Alcalde: Entón non aceptan a emenda señor Brunete.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Non, non aceptamos. Por recapitular, simplemente, señor alcalde, nós cremos que este é un problema social. Indudablemente é un problema convivencial, ao que hai que darlle unha solución social, pero tamén unha solución dende a convivencia.

Alcalde: Entón o Partido Popular non acepta a emenda de Compostela Aberta de substitución.

Así mesmo, con data 4 de decembro de 2015, presentouse por parte do grupo municipal de Compostela Aberta unha emenda á anterior proposición que non foi aceptada polo grupo propoñente.

Rematado o debate sométese esta proposición á consideración do pleno, acadando 9 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, e 6 abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE, polo que se acada o resultado de empate. Procédese a unha segunda votación, acadando 9 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, 6 abstencións dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE, e 9 votos en contra dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta mailo voto de calidade do señor alcalde, polo que queda rexeitada dita proposición.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA Á ADQUISICIÓN DE POSTES ELECTRÓNICOS CON CARGO A VINDEIRO ORZAMENTO PARA O ANO 2016.

O texto da proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con data 27 de novembro de 2015, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico de Funcionamento, presenta para o seu debate na seguinte sesión do Pleno a seguinte Proposición:

O anterior goberno municipal do Partido Popular foi plenamente consciente de que as novas tecnoloxías da información e da comunicación podían mellorar notablemente a mobilidade, contribuíndo á súa sustentabilidade económica e ambiental, e mellorando a experiencia e as posibilidades de desprazamento urbanos dos cidadáns. Foron varias as alternativas tecnolóxicas que contemplaba o anterior goberno en orde a mellorar a mobilidade, e entre elas destacaron a aplicación “Appacar” -una innovadora aplicación para teléfonos móbiles que favorecía a mellor xestión e racionalidade dos estacionamentos en superficie, e que, sorprendentemente, non semella ter suscitado o interese do novo goberno, pese a que sí suscitou o aplauso de usuarios locais e especialistas internacionais- e a aplicación “Máis bus”, unha ferramenta que pode resultar decisiva no propósito de incorporar máis e distintos usuarios ao transporte urbano colectivo, pero que non semella ser o suficientemente coñecida.

“Máis bus” é unha aplicación que, como se sabe, permite ao usuario ser advertido, a distancia, da chegada do autobús a unha parada, ou que lle permite coñecer o mellor traxecto en transporte urbano dun punto a outro, e que, sobre todo, lle permite coñecer o tempo que falta para que chegue o autobús a unha parada; unha información esta última que tamén achegan os algo máis de vinte postes electrónicos instalados en concretas paradas, postes aos que, consonte a iniciativa do anterior goberno, deberían incorporarse en breve dúas unidades máis.

É evidente que a aplicación “Máis bus” -ademais de prestixiar o propio transporte colectivo ao vinculalo á innovación e á modernidade- resulta máis eficiente e de máis alcance que a alternativa dos postes electrónicos, pero tamén é certo que unha porcentaxe importante das persoas usuarias do transporte urbano colectivo, ben sexa por razóns de idade ou incluso por razóns económicas, non teñen acceso á aplicación móbil, e que non deben quedar excluídas do acceso a unha información elemental sobre o transporte público. Unha información, a relativa ao tempo de chegada dun autobús, que se revela como un elemento esencial para atraer usuarios a este servizo público, para superar a incómoda incerteza que se expresa na habitual pregunta de tantas paradas: “Sabe se xa pasou o cinco?”.

O certo é que a sociedade municipal de transporte -Tussa- é unha sociedade economicamente saneada que no anterior exercicio non puido contemplar determinados investimentos por unha razón de prudencia orzamentaria, toda vez que a pendencia dunha reclamación laboral e a mera posibilidade de ter que afrontar as consecuencias

económicas dun fallo adverso limitaban a disposición de fondos. Exonerada a sociedade de calquera responsabilidade cabe que faga investimentos que redunden na mellora da mobilidade das cidadás e cidadáns.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular insta ao Goberno Municipal a que, a través da sociedade municipal Tussa:

Primeiro.- Impulse a adquisición no próximo exercicio 2016 de oito postes electrónicos.

Segundo.- Sen maior coste publicitario de deseño ou de soportes, e a través, por exemplo da distribución de folletos ou de envíos dixitais, difunda en determinados centros atractores de viaxeiros ou en determinadas corporacións profesionais ou empresas a aplicación “Mais bus”.

Alcalde: Se fai defensa señor Montiel.

Don Claudio Ricardo Montiel Carracido: Boas tardes a todos. O anterior goberno municipal do Partido Popular foi plenamente consciente de que as novas tecnoloxías da información e da comunicación podían mellorar notablemente a mobilidade, contribuíndo á súa sustentabilidade económica e ambiental e mellorando a experiencia e as posibilidades de desprazamento urbano dos cidadáns.

Foron varias as alternativas tecnolóxicas que contemplou o anterior goberno en orde a mellorar a mobilidade, e entre elas destacaron a aplicación “Apparcar”, una innovadora aplicación para teléfonos móbiles que favorecía a mellor xestión e racionalidade dos estacionamentos en superficie, e que, sorprendentemente, non semella ter suscitado o interese do novo goberno, pese a que sí suscitou o aplauso de usuarios locais e especialistas internacionais. E outra aplicación “Máis bus”, unha ferramenta que pode resultar decisiva no propósito de incorporar máis e distintos usuarios ao transporte urbano colectivo, pero que non semella ser o suficientemente coñecida.

“Máis bus” é unha aplicación que, como se sabe, permite ao usuario ser advertido da distancia da chegada do autobús a unha parada, o que lle permite coñecer o mellor traxecto en transporte urbano dun punto a outro, e que, sobre todo, lle permite coñecer o tempo que falta para que chegue o autobús a unha parada. Unha información, esta última, que tamén achegan os algo máis de vinte postes electrónicos instalados en concretas paradas, postes aos que, consonte a iniciativa do anterior goberno, deberían incorporarse en breve dúas unidades máis.

É evidente que a aplicación “Máis bus”, ademais de prestixiar o propio transporte colectivo ao vinculalo á innovación e á modernidade, resulta máis eficiente e de máis alcance que a alternativa dos postes electrónicos, pero tamén é certo que unha

porcentaxe importante das persoas usuarias do transporte urbano colectivo, ben sexa por razóns de idade ou incluso por razóns económicas, non sempre teñen acceso á aplicación móbil, e que non deben quedar excluídas do acceso a unha información elemental sobre o transporte público.

Unha información, relativa ao tempo de chegada dun autobús, que se revela como un elemento esencial para atraer usuarios a este servizo público, pode superar a incómoda incerteza que se expresa na habitual pregunta de tantas paradas: “Sabe se xa pasou o autobús?, Sabe xa se pasou o cinco?”.

E certo é que a sociedade municipal de transporte -Tussa- é unha sociedade economicamente saneada que no anterior exercicio non puido contemplar determinados investimentos por unha razón de prudencia orzamentaria, toda vez que a pendencia dunha reclamación laboral e a mera posibilidade de ter que afrontar as consecuencias económicas dun fallo adverso limitaban a disposición de fondos. Exonerada a sociedade de calquera responsabilidade cabe que faga investimentos que redunden na mellora da mobilidade das cidadás e cidadáns.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular insta ao Goberno Municipal a que, a través da sociedade municipal Tussa:

Primeiro.- Impulse a adquisición no próximo exercicio 2016 de oito postes electrónicos.

Segundo.- Sen maior custe publicitario de deseño ou de soportes, e a través, por exemplo da distribución de folletos ou de envíos dixitais, difunda en determinados centros atractores de viaxeiros ou en determinadas corporacións profesionais ou empresas a aplicación “Mais bus”.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Claudio, Rubén Cela.

Don Rubén Cela Díaz: Imos votar favorablemente a esta proposición do Partido Popular, porque cremos que é razoable, aínda que cremos sinceramente que incluso queda curta. Nese sentido, nós plantexamos outra proposición, que intentou ir máis alá de oito postes electrónicos, do que trata como comentarei noutro punto, de facer unha planificación plurianual non só no que ten que ver cos postes de información electrónica, senón tamén coa disposición de novas marquesiñas e de mellorar conxuntamente o servizo, sobre todo no que ten que ver con materia de mobilidade.

En calquera caso, as dúas cuestións que plantexa o Partido Popular nesta proposición, tanto a colocación dos ditos postes electrónicos novos, como a maior promoción da aplicación “máis bus”, parécenos acaído e ímoslle votar favorablemente.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa tarde de novo alcalde e compañeiros e compañeiras de corporación. O grupo municipal socialista vai votar favorablemente á proposta do Partido Popular da posta en marcha para o próximo exercicio de oito postes electrónicos nas distintas paradas, así como a súa difusión publicitaria.

Coidamos que estes postes deben ser ubicados nas paradas de maior afluencia de xente, de maior tráfico de autobuses coa fin de que a información chegue ao maior número de usuarios do servizo. Por iso consideramos que por parte da sociedade municipal, TUSSA, deberase estudar a súa ubicación máis rendable.

Compre recordar, que este servizo de información e de modernización dos postes xa foi posto en marcha polo goberno socialista, e que é unha mágoa que nestes derradeiros catro anos non se fixera ningún tipo de actuación. Agora ben, non está de máis dicir que a sociedade municipal de transporte TUSSA é unha empresa que no exercicio anterior obtivo beneficios, concretamente en máis de 50.000 euros, polo que tamén consideramos, e así o imos expoñer no vindeiro Consello de Administración, unha serie de prioridades que se deberían desenvolver no vindeiro ano. Unha delas estudar os percorridos das diferentes liñas de autobús de acordo coas conclusións do plan de mobilidade posto en marcha. Negociar un convenio colectivo cos representantes dos traballadores de TUSSA para solucionar a realización das horas extras, festivas e nocturnas. Estudar xuridicamente as solicitudes de xubilacións anticipadas, presentadas por dous traballadores. Levar a cabo un mantemento adecuado no aparcamento de Xoán XXIII, porta de entrada de moitos turistas que se acercan diariamente a nosa cidade, alí como todos podemos ver, hai falta de cámaras, humidades, falta de reixas, filtracións de auga, etc. E por último, estudar a ampliación e arranxo do parking de Belvís. Nada máis e moitas grazas.

Don Jorge Duarte Vázquez: Boas tardes señor alcalde, e boas tardes a todos e todas. Vou intentar ser breve. Claramente non podemos estar máis de acordo no tocante en que a información é un dos piares máis importantes no referente á confiabilidade dos usuarios no servizo de transporte, e polo tanto a utilizar o transporte público. Cabe destacar que nestes momentos, dende o grupo municipal de goberno, impulsouse a elaboración dun pacto pola mobilidade, no cal poidamos poñer sobre a mesa todas as necesidades da veciñanza para mellorar a mobilidade nesta cidade, e un dos puntos fundamentais, e especificamente, é mellorar o transporte público, cun camiño que posiblemente nos leve a modificar liñas, frecuencias, e incluso o modelo de transporte público, entendido tal e como está na actualidade.

Cun cambio deste calado entendemos que é prioritario facer unha boa planificación de que queremos que sexa o transporte público e a partir de aí, si facer os investimentos. Entendemos que no caso da instalación destes novos, destes oito novos postes electrónicos, non temos moi claro cal foi o análise que fixo o grupo do Partido Popular para entender onde son necesarios, e onde non son necesarios. Nós entendemos que a aplicación “Máis bus”, realmente a aplicación que máis información pode dar ao usuario, e entendemos que tal e como pon na proposta que para a xente que non utiliza o móbil con frecuencia e con habilidade estes postes son desexables e son unha información interesante, pero non sabemos cantos teñen que ser, seis, oito ou vinte e cinco, e polo tanto, entendemos que o lóxico sería ter claro primeiro outros pasos para poder avanzar.

Por último, nestes próximos días, un pouco ao fio do que falaban tamén os outros dous portavoces do BNG e do PSdeG-PSOE, nos vindeiros días convocarase un Consello de Administración, onde aprobaremos os orzamentos da Sociedade TUSSA, nos que é evidente que haberá que incluír unha importante partida para a promoción do transporte público, e que aí será, realmente, onde deberemos de decidir onde gastamos ese posible beneficio que tiña a Sociedade municipal TUSSA, aínda que entendemos que o que temos que facer é mellorar o servizo, estudar as rutas dos rurais, estudar frecuencias, e ver neste ano 2016 en transición ao que será o novo plan de rutas de transporte público que nacerá a partir da aprobación do PEMMUS que se elaborará durante o 2016. Mentres non teñamos ese novo modelo de rutas que entendemos que será de aplicación no 2017, deberíamos de, a través dos orzamentos de TUSSA, ver en que se gastará.

Creo que dende aquí estariamos a comprometer, decidindo se teñen que ser dous, seis ou oito, e creo que sería máis lóxico que este punto fose á aprobación dos orzamentos da empresa municipal TUSSA. Polo tanto, eu estando de acordo no fondo de que é necesario mellorar e reforzar toda a información para os cidadáns, creo que o lugar onde debemos debater e tomar estas decisións, xa que supoñen comprometer unha partida orzamentaria, creo que se debería levar a aprobación ao próximo Consello de Administración de TUSSA.

Polo tanto, nós entendendo que a proposta excede, e que debería estar dentro do funcionamento de TUSSA, entón cremos que debe ser a propia sociedade quen teña que decidir cantos teñen que ser e cales deben de ser as modificacións ou os postes que se introduzan para informar mellor aos cidadáns.

Polo tanto, o noso punto de partida, será a abstención, entendendo que debe ser o propio orzamento de TUSSA o que defina os criterios.

Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo: Estou encantado que por fin se nos informe de que vamos ter esa reunión de TUSSA que botaba de menos dende fai un tempo. Evidentemente, “Máis bus”, é unha excelente forma de informar a todo o mundo, o que pasa que calquera que vaia polas paradas desta cidade ve que a porcentaxe de xente maior que utiliza o medio público non ten nin móbil habitualmente, nin ten capacidade moitas veces para lelo, esa é a miña observación como usuario habitual do sistema público de transporte de Santiago.

E en referencia ao número de postes, encantado de explicarlles na vindeira reunión de TUSSA onde cremos ou onde consideramos que podería ser interesante colocar eses postes, e explicarlle a contía económica que estaba derivada dos beneficios de TUSSA en orde aos condicionamentos económicos que nós tiñamos estudados de beneficios.

Alcalde: Algo que engadir? Pasamos á votación señor secretario.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e BNG, e 9 abstencións correspondentes aos/as concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda que o goberno municipal a través da sociedade municipal Tussa:

Primeiro.- Impulse a adquisición no próximo exercicio 2016 de oito postes electrónicos.

Segundo.- Sen maior custo publicitario de deseño ou de soportes, e a través, por exemplo da distribución de folletos ou de envíos dixitais, difunda en determinados centros atractores de viaxeiros ou en determinadas corporacións profesionais ou empresas a aplicación “Máis bus”.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á CONVOCATORIA DA CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE CONDECORACIÓNS.

A proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 27 de novembro de 2015, ten o seguinte contido:

“Exposición de motivos

O Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, recoñece aos Concellos a facultade de premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao Municipio por persoas, entidades ou institucións.

O Concello de Santiago no ano 1966 aprobou un Regulamento para a concesión de condecoracións, este Regulamento serviu durante moitos anos para o recoñecemento e

mención de ilustres personalidades, institucións e entidades acreedoras de moitas distincións pero a día de hoxe resulta de todo obsoleta e por tanto débense introducir modificacións substanciais que o fagan máis acorde co sentido que debe ter hoxe en día a concesión destas distincións e honras.

A concesión de distincións, polo seu carácter de recoñecemento público e xeral dunha colectividade, debe, ante todo, basearse en criterios de ponderación e prudencia, que aseguren a maior unanimidade social posible.

Así mesmo, o Grupo Municipal Socialista estima necesario regular, non só a concesión das Medallas de Ouro da cidade, Fillo Adoptivo e Fillo Predilecto, senón tamén a entrega da Chave de Ouro da Cidade, a colocación de monumentos, bustos, placas conmemorativas, así como a denominación de rúas, edificios, instalacións municipais, prazas ou outros espazos públicos abertos, sen esquecer a institución dos irmandamentos entre cidades como mecanismos integrados de gran eficiencia para a defensa e achegamento dos intereses dos cidadáns dos municipios irmandados.

Con este obxectivo, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

PROPOSICIÓN:

- 1.- Que o Goberno convoque para a súa constitución a Comisión de Condecoracións.
- 2.- Que se estude e redacte un Regulamento consensuado entre todos os membros que forman parte da Comisión de Condecoracións para a concesión de honras e distincións outorgadas polo Concello de Santiago.
- 3.- Que o Pleno da Corporación aprobe un Regulamento de Concesión de Honras e Distincións do Concello de Santiago.

Alcalde: Se fai defensa señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Moitas grazas señor alcalde. Novamente boa tarde compañeiras e compañeiros de Corporación. Como todo o mundo sabe, o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o ROF, recoñece aos concellos a facultade de premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios prestados ao municipio por persoas, entidades ou institucións.

O Concello de Santiago no ano 1966 aprobou un Regulamento para a concesión de condecoracións, este Regulamento serviu durante moitos anos para o recoñecemento e mención de ilustres personalidades, institucións e entidades acreedoras de distincións,

pero a día de hoxe resulta de todo obsoleta, e por tanto, débense introducir modificacións substanciais que o fagan máis acorde co sentido que debe ter hoxe en día a concesión destas distincións e honras.

A concesión de distincións, polo seu carácter de recoñecemento público e xeral dunha colectividade, debe, ante todo, basearse no consenso que asegure a maior unanimidade social posible.

Así mesmo, o Grupo Municipal Socialista estima necesario regular, non só a concesión das Medallas de Ouro da cidade, e nomeamentos de fillo adoptivo e fillo predilecto, senón tamén a entrega da Chave de Ouro da Cidade, a colocación de monumentos, bustos, placas conmemorativas, así como a denominación de rúas, edificios, instalacións municipais, prazas ou outros espazos públicos abertos, sen esquecer a institución dos irmanamentos entre cidades como mecanismos integrados de gran eficiencia para a defensa e achegamento dos intereses dos cidadáns dos municipios irmandados.

Con este obxectivo, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a a seguinte proposición:

Primeiro: Que o Goberno convoque para a súa constitución a Comisión de Condecoracións.

Segundo: Que se estude e redacte un Regulamento, na medida do posible, consensuado entre todos os membros que forman parte da Comisión de Condecoracións para a concesión de honras e distincións outorgadas polo Concello de Santiago.

Terceiro: Que o Pleno da Corporación aprobe un Regulamento de Concesión de Honras e Distincións do Concello de Santiago.

Moitas grazas.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben, a verdade é que facer unha proposta para modificar un Regulamento do ano 1966, a min de primeiras xa me leva un pouco de que igual xa non é necesario, igual non é obsoleto só o que é o Regulamento, senón a propia Comisión de Condecoracións.

O certo é que aparece na proposición unha serie de elementos que a min me gustaría que o Partido Socialista nesta proposición fose bastante máis alá, ao mellor había que por en dúbida de se iso de fillo adoptivo e fillo predilecto é unha boa denominación ou non, case estou segura de que non aprobaremos nada que leve esa terminoloxía, e non sei se é necesario realmente que exista unha comisión de condecoracións.

Non sei se isto se podería facer, pido desculpas por non facelo a través dunha emenda, pero parecíame que cunha emenda me cargaría toda a proposición, que a Xunta de portavoces aqueles casos que sexan necesarios, eu creo que é absolutamente factible, porque creo que tampouco. Outra cousa sería que aquí se introducise un elemento corrector, que en todas aquelas cuestións relacionadas con facer distincións e certas honras se teñan en conta colectivas e persoas invisibles até o de agora, que se teñan en conta certos criterios que poidan modificar un pouco.

Eu xa digo, que en principio como hai algunhas das cuestións que aparecen aquí que me parecen excesivamente rixidas e que avanza un pouco a respecto do que significa iso da concesión de consideracións a posición do Bloque Nacionalista Galego vai ser de abstención. Pensamos que se podería solucionar isto doutra maneira máis simple.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: O grupo popular vai apoiar esta proposición, entendemos que efectivamente é necesario revisar o regulamento vixente, sistematizalo.

Este asunto das distincións deriva do sistema honorífico francés, e foi precisamente o pai do ensaismo francés quen dicía que as distincións non debían ser concedidas con largueza. El apelaba non só a número, senón tamén á fundamentación, e nós agardamos que cun novo regulamento se poidan conceder as distincións con certo fundamento, como creo que tradicionalmente, dende logo no período democrático sempre foi así, e poidamos facer que as distincións perduren, precisamente porque conflite o maior acordo posible.

Simplemente desexamos que no futuro as persoas distinguidas respondan a un criterio de singularidade, non de extravagancia, e o único que nos preocupa, é que ao final con esta comisión ao mellor algúns membros do grupo de goberno se poidan distraer, e ao final estean máis empeñados en retirarlle a concesión á Virxe María en calquera das súas avogacións que en sacar adiante algún contrato fundamental para os cidadáns, pero bueno, agardamos que non se distraian.

Alcalde: Xa me tardaba señor Brunete, señor Manuel Dios a súa quenda.

Don Manuel Dios Diz: Grazas señor alcalde, amigas e amigos. Permítame señor Reyes que empece por adiantarlle en que imos apoiar a súa proposición. Nembargantes non me resisto a facer sobre a mesma algún comentario.

Estou, estamos en Compostela Aberta, moi agradecidos por lembrarnos que existe neste un concello unha denominada Comisión de Condecoracións, para algunhas persoas podería ser algo completamente descoñecido, alomenos ata que este edil o fixera público fai unhas semanas, logo de comunicar publicamente o meu desexo de reunila a

maior brevidade para constituíla oficialmente logo das eleccións municipais do pasado mes de maio.

Manifestei daquela que a citada comisión de condecoracións deste concello tiña un regulamento que data efectivamente da época da postguerra “incivil”, anos 40, e que foi parcialmente revisado a mediados dos anos 60, en plena ditadura franquista. Parece lóxico, entón, que calquera dentro deste pleno como fora del, entre a cidadanía, nos medios de comunicación, se pregunte por que a comisión de condecoracións en tantos anos, alomenos dende 1979 que temos corporacións democráticas, ninguén atopara un momento para revisar o seu regulamento ou para avaliar as condecoracións concedidas. Resulta realmente difícil de explicar, dende logo, moito máis difícil de comprender, que en todo este tempo, mesmo nos anos en que o señor Paco Reyes foi concelleiro desta corporación, a ninguén se lle ocorrera revisar un regulamento, obviamente anacrónico, pero non só anacrónico, antidemocrático, mesmo ofensivo para calquera demócrata, para a cidadanía e para a cidade de Santiago de Compostela, porque non é simplemente que o Regulamento da comisión de condecoracións resulte anacrónico, que as condecoracións concedidas ao seu amparo sexan farragosas, mesmo sexistas, discriminatorias, senón que a lista de persoas recoñecidas como alcaldes e alcaldesas perpetuas, fillos ou fillas adoptivas, medallas de ouro outorgadas, figuran algunhas que non só non resisten o paso do tempo, senón que son un auténtico insulto á democracia, aos principios e aos valores que todos e todas dicimos defender, e propia cidadanía de Compostela con independencia, mesmo, do noso propio pensamento, crenzas ou práctica política.

Remato xa, como é lóxico, e tal e como defendemos publicamente, reuniremos e constituiremos oficialmente a comisión de condecoracións deste concello, revisaremos por acordo, se así o consideran, o seu regulamento caducado, e faremos unha proposta concreta en relación coas persoas recoñecidas, algunha á perpetuidade, porque para nós algunhas delas son unha ofensa a esta cidade e á nosa cidadanía.

Quixera lembrarlles a todos e a todas vostedes que a comisión de condecoracións non se reuniu nunca na pasada lexislatura, con maioría absoluta do Partido Popular, pero tamén teño que dicir, para ser xusto que a súa última reunión oficial tivo lugar o 21 de novembro de 2007, que como vostede sabe moi ben daquela había un goberno de coalición en Santiago de Compostela, presidido por don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, que aínda tivo catro anos máis para reunir e modificar o Regulamento da Comisión de condecoracións se quixera. Como ve, señor Reyes, tempo houbo para facelo, pero esta ben que a cidadanía de Santiago saiba agora do seu interese. Moitas grazas.

Alcalde: Por se quedou algunha dúbida imos votar a favor, señor Reyes a súa quenda.

Don Francisco Reyes Santiás: Vou procurar ser breve. Bueno, con respecto ao plantexamento que facía a compañeira e voceira nesta proposición do BNG, pois plantexarlle que se se entende obsoleta a comisión, se se entende que debería modificarse a terminoloxía, se se entende que a Xunta de voceiros é quen debería de atender estas cuestións, que por certo, que é quen o veu facendo dende 2007, mesmo dende antes do 2007, e se entende que hai que establecer novos criterios como elementos correctores, pois precisamente a modificación e a reforma deste regulamento é unha ocasión acaída para facelo.

Bueno, ao Partido Popular darlle as grazas polo seu voto favorable, do mesmo xeito que a Compostela Aberta tamén darlle as grazas. Simplemente facer, somentes, tres puntualizacións:

Primeiro, darlle as grazas ao compañeiro de corporación, Manolo Dios, por lembrarme cales son as miñas responsabilidades, ou cales tiñan que ser as miñas responsabilidades durante os últimos catro anos que gobernou o Partido Popular. Eu estaba na oposición ao igual que estou agora neste momento, pero dicirlle que nos catro anos anteriores o que aconteceu foi algo un pouquiño diferente do que acontece neste momento, teño que lembrarllo, porque, efectivamente na xunta de voceiros na que se plantexaba, na que se debatían, na que se consensuaban os nomeamentos, eu teño que dicirlle que alomenos lembro neste momento dúas circunstancias, como foi a placa conmemorativa na casa na que viviron Camilo Díaz Valiño e Isaac Díaz Pardo, ou máis recentemente, precisamente por D. Manolo Dios, o comentario xeralizado de que querían darlle á ludoteca o nome de María Miramontes, a que fora a muller de Ánxel Casal, pois estes dous plantexamentos por unha xunta de voceiros.

Polo tanto iso foi o que fixo despertar o meu interese no referente á recuperación desa comisión de condecoracións, entendo que probablemente sería o lugar onde se tería que realizar, e despois, absolutamente conforme, compañeiro e concelleiro de corporación, coa aplicación da Lei da memoria histórica, que por certo, foi unha lei promovida por un goberno socialista. Moitas grazas, polos apoios manifestados.

Don Manuel Dios Diz: Só un comentario, para dicirlle ao señor Brunete que sabe moi ben que este edil non se distrae con este asunto.

Alcalde: Señor secretario pasamos á votación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 22 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, Grupo Popular, e Compostela Aberta, e 2 abstencións do BNG, acorda:

1.- Que o Goberno convoque para a súa constitución a Comisión de Condecoracións.

2.- Que se estude e redacte un Regulamento consensuado entre todos os membros que forman parte da Comisión de Condecoracións para a concesión de honras e distincións outorgadas polo Concello de Santiago.

3.- Que o Pleno da Corporación aprobe un Regulamento de Concesión de Honras e Distincións do Concello de Santiago.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á POSTA EN MARCHA DUNHA REDE DE CENTROS DE DÍA.

A proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con data 27 de novembro de 2015, ten o seguinte teor literal:

“Exposición de motivos

O Grupo Municipal Socialista de Santiago sempre apostou porque a Concellaría de Benestar Social tivera como obxectivo básico o desenvolvemento e extensión dos Servizos Sociais de forma descentralizada e diversificada para asegurar a proximidade e favorecer a equidade no acceso. O Concello de Santiago debe consolidar un sistema de Servizos Sociais que ofrezan unha variedade de respostas e prestacións para evitar, no posible, o alonxamento das persoas maiores dependentes do seu entorno familiar e da exclusión social e para preservar e fomentar a autonomía persoal. Todas estas actuacións deben estar pensadas para mellorar a calidade das prestacións sociais.

Con este obxectivo, os socialistas entendemos como unha prioridade o estudo da posta en marcha de Centros de Día para persoas maiores con dependencia, nos que se recollan tanto a conceptualización do servizo como aspectos administrativos, metodolóxicos, sistemas de participación, aspectos éticos e legais, un plan xeral de intervención e un sistema de avaliación.

O Concello de Santiago dispón dunha ampla rede de Centros Socio Culturais nos que desenvolver Centros de Día para persoas maiores con dependencias co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas maiores que necesitan axuda, como a das súas familias. Asistimos a un crecente envellecemento da poboación, fenómeno ao que non é alleo o noso Concello, e isto provoca estados carenciais e situacións de necesidade diversas e ás veces moi específicas en este grupo da poboación.

A realidade do noso país sinala que a previsión de coidados á persoa maior dependente provén fundamentalmente da rede informal, onde a familia -especialmente as coidadoras de xénero feminino- desempeña un papel primordial. Sen embargo, detectamos xa un debilitamento desta rede de coidados, circunstancia que ven

provocada por varios factores: o cambio no rol social da muller, o envellecemento e aumento da fragilidade dos coidadores, así como o estrés do coidador/a xenerado por unha situación de coidados longa e intensa -e a miúdo dificultosa- en ausencia dun apoio axeitado.

Para desenvolver a actual e consensuada política social de envellecer na casa, sen mermar a calidade de vida das familias, é necesaria a reorientación das políticas dirixidas aos nosos maiores dependentes, favorecendo recursos de apoio que posibilitan unha permanencia axeitada na súa contorna habitual e/ou sociofamiliar.

Un Centro de Día para maiores dependentes é un recurso social intermedio, un centro xerontolóxico socioterapéutico e de apoio á familia que durante o día presta atención ás necesidades básicas, terapéuticas e sociais da persoa maior dependente, promovendo a súa autonomía e unha permanencia axeitada no seu entorno familiar.

Nesta liña, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación a seguinte

PROPOSICIÓN:

- 1.- Que os Servizos Sociais municipais estuden e informen sobre a posibilidade de por en marcha unha rede de Centros de Día que estarían ubicados en determinados Centros Socio Culturais de referencia da nosa cidade.
- 2.- Que elaboren un proxecto marco que sirva como modelo xenérico para os Centros de Día para os nosos maiores dependentes que reoriente e coordine os servizos existentes á vez que ofrezca directrices aos futuros desenvolvementos.
- 3.- Estes Centros de Día deberán contribuír a cubrir varios aspectos: conceptualizar o modelo de servizo, unificar e/ou coordinar os procedementos de actuación, homoxeneizar os niveis de atención que deben ofrecer para maiores dependentes, así como sentar as bases para o control da calidade da atención prestada. Os protagonistas sobre os que deberán xirar as intervencións a realizar nestes Centros de Día son: as persoas maiores dependentes, as familias coidadoras e os coidadores profesionais.”

Don Francisco Reyes Santiás: Boa tarde novamente compañeiros e compañeiros de corporación. Vou tentar de ser breve nesta proposición, pero somentes me comprometo a tentalo. Gustaríame primeiro plantexar uns datos demográficos aquí en Santiago, coñecidos de todos, particularmente baseados no Padrón do 2014, no que di que a poboación de máis de 64 anos representa o 20% do total, é dicir, máis de 19.000 habitantes na nosa cidade. Que temos un índice de envellecemento do 121,9, polo tanto, dos máis altos mesmo da nosa Comunidade Autónoma, do noso país. E que a poboación

de máis de 85 anos esta preto dos 3000 habitantes, en realidade son 2944. E poñer de releve unha singularidade, que o 26% dos fogares teñen como persoa de referencia un pensionista.

Diante dunha falta clara dunha rede de centros de día no noso concello, nós o que facemos é unha proposta como un recurso social intermedio, que é un programa de apoio diurno, baseado no que é a rede, que esa si que a temos de centros socioculturais.

O ámbito preferencial nun primeiro momento, no que ten que ser ese proxecto, debería, dende o noso punto de vista, o rural de Santiago. O dispositivo tería que ser de carácter preventivo, asistencial e rehabilitador, que prestase atención ás persoas maiores en situación de dependencia, fragilidade ou risco, facilitando ao mesmo tempo un respiro familiar e apoio e asesoramento aos familiares coidadores.

O público obxectivo claramente serían para nós maiores de 60 anos, esa é a nosa proposta, en situación de dependencia, vulnerabilidade, illamento ou risco. Os obxectivos serían claros, favorecer a permanencia das persoas maiores no seu entorno habitual. Mellorar a calidade de vida das persoas maiores, promovendo a súa autonomía e favorecendo o mantemento das súas capacidades psico-físicas e sociais. Fomentar a convivencia, relacións sociais, e a participación das persoas maiores. E proporcionar apoio, asesoramento e respiro ás familias coidadoras.

As modalidades de atención serían todos os días laborables nunha xornada no proxecto piloto de 9 de mañá a 3 da tarde. Os servizos básicos a prestar serían: manutención, almorzo, tente en pe a media mañá, terapias funcionais, xerontoximnasia, entrenamiento, psicomotricidade, terapias cognitivas, orientación á realidade, psicoestimulación cognitiva, terapias psico-afectivas, como a terapia de reminiscencia, terapias socializadoras e naqueles casos, que fose necesario un transporte adaptado.

O persoal fundamentalmente sería técnico en actividades socioculturais, para fomentar o desenvolvemento integral dos usuarios mediante a acción lúdico educativa, e un fisioterapeuta que traballaría durante 3 días á semana a rehabilitación que prescribira un facultativo/a.

Os custes fundamentalmente serían de persoal. Nós fixemos un cálculo baseado no cuarto convenio marco estatal, material funxible e transporte para aquelas persoas que o necesitasen, adaptado. Polo tanto, nós fixemos un cálculo de que o custo total do programa para un proxecto piloto, ata dez centros de referencia segundo as isocronas, pois sería ao redor dun 675.000 euros. Paseime un minuto do que tiña previsto, perdón.

Don Rubén Cela Díaz: Dende o Bloque Nacionalista Galego, dende logo, coincidimos coa necesidade de dotar a Santiago de Compostela de novos equipamentos para os

nosos maiores de carácter público e de calidade, sexan estes centros de día, sexan prazas residenciais para persoas da terceira idade, ou sexan, incluso de coidados paliativos. No que non estamos de acordo, e por iso non imos votar favorablemente esta proposición do grupo socialista, é en dúas cuestións: en quen o ten que facer e onde hai que facelo.

Con respecto a quen o ten que facer, para nós é evidente que ten que ser a Xunta de Galiza, e ademais, creo que este é un dos investimentos que debера ser prioritario para un goberno minimamente preocupado no ámbito dos servizos sociais, en concreto no anterior goberno bipartito, con área de goberno, responsabilidade do BNG, fixéronse 57 novos centros de día no país, evidentemente, comezando por aqueles concellos que tiñan necesidades máis apremiantes.

É certo que a Xunta de Galiza nos últimos tempos non se ten caracterizado precisamente polo grande compromiso con esta cidade en materia de equipamentos de tipo sociais. As últimas escolas infantís, como saben todos e todas vostedes, tanto Tambre, San Roque, como Tras Parlamento, son da época do bipartito. As últimas vivendas de protección pública que se realizaron en Santiago tamén son da época do bipartito, en concreto as de Belvís, ou as últimas prazas residenciais tanto Volta do Castro, como Pontepedriña. Pero dito todo iso, cremos que quen ten que facer unha actuación deste tipo é a Xunta de Galiza, que é a competente, e que ten as competencias.

A segunda cuestión coa que non estamos de acordo é que se faga nos centros socioculturais, é certo que aí houbera unha proposta do Partido Popular que non se chegara a materializar, en concreto daquela concelleira, Paula Prado, ao respecto de facer unha experiencia piloto no centro socio cultural do Romáño, que por certo, aínda non está operativo e nós xa daquela non viamos aquela experiencia piloto, por dúas cuestións:

A primeira polo que é un centro de día, tecnicamente cando falamos de centro de día, ó que nos estamos a referir é a un centro xerontolóxico, terapéutico, de apoio ás familias de forma ambulatoria, e que presta unha atención integral á especialidade, ás persoas maiores en situación de dependencia tal e como comentaba o voceiro do partido socialista.

Nos requirimentos técnicos das instalacións dos centros de día, figuran especificidades, ás que creo que non se adapta a actual rede de centros socioculturais, tanto en todo o que ten que ver con barreiras arquitectónicas, dotacións de ramplas e varandas, na cuestión da iluminación, na cuestión, incluso, de medidas preventivas doutro tipo de cuestións, incluso, no que ten que ver con instalacións de cociña ou comedor, vostede facía referencia a que puidera haber determinado tipo que requiren unhas instalacións mínimas e que están perfectamente taxadas, e o mesmo no que ten que ver co mobiliario, hai que dispor de cadeiras de brazos axeitadas, ergonómicas, lavables, mesas

con altura adecuada, mobiliario adaptado ás necesidades de persoas dependentes, incluso, nos centros de día, unha das funcións importantes que teñen é todo o que ten que ver con fisioterapia, creo que non tería moito sentido, facer dotacións dese tipo en centros que teñen unha función, que eu creo que é primordial tamén, que é a difusión da cultura, e a promoción do asociacionismo tamén veciñal, polo tanto, creo que a función da rede de centros socioculturais hoxe en Santiago está ben definida, todo iso, sen entrar pois en todo o tema dos recursos humanos, hai que contar con enfermeiros/as, médicos, con psicólogos, auxiliares, se se quere realmente que sexa un centro de día merecente de tal nome.

Eu co que non estou de acordo, con concepto, e entendáseme ben, o que vou dicir, de aparcavellos, é dicir, un centro de día é unha cousa, e un sitio onde deixar unha persoa maior para ler o periódico, xogar a partida, ou facer outro tipo de cousas, é outra cousa, en calquera caso, eu creo que temos que ter centros de día públicos en Santiago.

Nós facíamos unha proposta moi concreta no seu día e que se debateu neste pleno, a respecto do vello edificio de Galeras, que se puidera implementar por parte da Xunta de Galiza que se comprara ese edificio á Universidade de Santiago, que se puidera facer un equipamento dotacional que puidera ter diferentes funcionalidades, unha delas centro de día, pero que puidera ter incluso prazas residenciais, coidados paliativos doutro tipo, etc.

Polo tanto, non imos votar favorablemente a esta proposta sendo coincidentes como dicía co grupo socialista no fundamental, e é que Santiago precisa de novas prazas, non só de centros de día, senón residencias e tamén de coidados paliativos.

Alcalde: Gracias, Rubén, María Corral.

Dona María José Corral López: Grazas alcalde e boa tarde.

O grupo municipal popular votará favorablemente esta iniciativa, cos seguintes matices, dende logo contribuír ao benestar e calidade de vida dos nosos maiores debe contar coa sensibilidade e preocupación do concello, eu estou segura que a concelleira tamén, pero bueno, hai que ser realista, e entón estamos a favor partindo do primeiro punto que os servizos sociais, s estuden a posibilidade, hai que ser realista, que estuden a posibilidade dun centro de día, que dende logo é un recurso moi proveitoso, porque evita a desvinculación dos maiores co seu entorno habitual, coas súas familias, certo é que non permanecen alí todo o día, nin todos os días. Contribúen ao respiro dos familiares, é obvio que estaría moi ben contar con esa posibilidade no noso concello, pero como digo, aínda que votemos favorablemente, é preciso, penso que estudar, e como se parte do punto un da proposición que é estudar, estou segura que a concelleira ten a mesma sensibilidade, estudar a posibilidade nos centros socioculturais, ou noutros edificios de

titularidade municipal no que poida ser, non penso que iso sexa unha problemática por iso imos votar favorablemente.

Nada máis grazas.

Alcalde: Grazas María, Concha.

Dona Concepción Fernández Fernández: Boas tardes de novo.

En primeiro lugar, temos que sinalar que se lle está a pedir ao goberno municipal que asuma competencias impropias, competencias que son da administración autonómica, polo tanto, en todo caso, a través desta proposición debería o Partido Socialista instar a Xunta de Galicia para que desenvolva adecuadamente a lei de servizos sociais e a dote de recursos e servizos suficientes.

En segundo lugar, se ben, como ben dicía a compañeira María Corral compartimos a preocupación dos grupos municipais, sobre o dereito a asistencia ás persoas maiores con dependencia, e a necesidade que hai no Concello de Santiago de Compostela, de que exista un ou máis centros de día de titularidade pública.

Non nos parece serio propoñer que sexan os centros socioculturais os equipamentos encargados de prestar unha atención especializada, que requiren as persoas maiores con dependencia e que como ben dicía o compañeiro do grupo do BNG, pois requiren tamén dunhas dotacións, duns equipamentos dotacionais específicos.

Nos reivindicamos que tanto a administración estatal como a administración autonómica, orzamenten adecuadamente e doten de recursos a lei de dependencia, e a lei autonómica de servizos sociais, porque queremos que todas as persoas poidan exercer os seus dereitos de cidadanía, o que inclúe garantir a atención e os apoios específicos que precisan as persoas maiores en situación de dependencia.

Pero temos moi claro que cada administración ten que asumir as responsabilidades que son da súa competencia, e neste caso, pois esta non é unha responsabilidade ou competencia da administración municipal.

Por último non podemos deixar pasar a ocasión para dicir que cremos que resulta cando menos moi contraditorio que sexa precisamente o grupo municipal do Partido Socialista o que propoña que sexa o concello quen teña que asumir a competencia de atención a persoas con dependencia, despois de ter limitado os ingresos municipais a través das ordenanzas fiscais que promoveu, non deixar de ser unha postura demagóxica, da cal, pois seguramente a cidadanía tomara nota, non se pode manter, esta bipolaridade política señor Reyes, é totalmente irresponsable, que presenten esta proposta, vale, se

vostedes queren que o concello promova políticas sociais, se queren que asuman competencias complementarias ás propias, o primeiro sería garantir, recursos públicos para poder levalas a cabo, senón estamos falando por falar, porque como ben sabe, os impostos e os cartos son a plasmación das vontades políticas.

Con todo teño que dicirlle que os orzamentos 2016 incorporarán un incremento notable adicado a promoción de envellecemento activo, a participación das persoas maiores, e a atención domiciliaria e de servizos complementarios para maiores dependentes.

Alcalde: Gracias Concha, señor Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas.

O primeiro que teño que dicir neste ao Bloque Nacionalista Galego, é que estamos totalmente de acordo, que a rede de centros de día, ten que ser unha obriga da Xunta de Galicia, que houbo algunha posibilidade que se malogrou como por exemplo empregar o asilo de Carretas para o centro de día do casco histórico, pero que rematou sendo un albergue de peregrinos, e que nos sempre plantexamos que fose un centro de día.

O certo é que cando falamos, neste caso, non exactamente de centros de día, senón de programas de apoio diurno como un recurso social intermedio, do que estamos a falar dunha serie de cuestións que se poden realizar nos centros socioculturais, alomenos nalgúns, quero dicir, que non é unha cousa que se lle ocorrera curiosa e casualmente ao grupo socialista, hai moitos concellos ao longo da xeografía do estado español, que están a funcionar desta maneira, e están a resolver unha cuestión, primeiro de atención aos maiores, non todos eles dependentes, e despois dunha cuestión que é a conciliación da vida familiar e laboral.

A fisioterapia non toda necesita un equipamento fixo, como sabe moi ben o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, e particularmente os plantexamentos de alimentación que nos propoñemos neste caso, pois obviamente non necesitan exactamente unha gran cociña, porque fundamentalmente é o almorzo.

Polo tanto, o que dende logo rexeitamos, é o plantexamento de que sexa un aparcavellos, é dicir, eu penso que é entre ter uns centros cunha serie de dotacións, de recursos humanos, como pode ser mesmo enfermería, ou ter terapias funcionais, e polo tanto, técnicos en terapia funcional, particularmente, os que van desenvolver integralmente a situación dos usuarios a través de técnicos en actividades socioculturais, permiten perfectamente o obxectivo que nos entendemos e cada máis insisto, é un plantexamento, pois no que se entende como un programa de apoio, un recurso intermedio neste caso, e que non quita obviamente as obrigas da Xunta de Galicia.

Bueno pois agradecer o voto favorable do Partido Popular, e a incorporación efectivamente do tema da conciliación da vida familiar e laboral.

E con respecto ao tema do límite orzamentario, pois a min gustárame lembrar unha cousa, das informacións non vou dicir das negociacións previas ao pleno das ordenanzas fiscais, pero si das informacións previas, pois unha das cuestións que se plantexou foi que a proposta que facía o Partido Socialista dun 5% de bonificación pola domiciliación, neste caso do pago do IBI, pois iso supoñía unha perda, unha merma de ingresos para o concello de aproximadamente, se non lembro mal, de 842.000 euros ao ano, e que se plantexaba que esa cantidade podería ser a máis útil adicala a tema de servizos sociais. O partido socialista así o entendeu, e no pleno de ordenanzas fiscais, plantexamos a retirada da nosa emenda, e polo tanto, polo tanto sempre no que se quedou foi que se adicaran eses 842.000 euros a gastos, precisamente, en servizos sociais.

Se nos facemos un cálculo aproximado de 675.000 euros, pois a miña bipolaridade permite, que deses ingresos 842.000 euros, por retirada da nosa emenda, pois poderíase cubrir a prestación deste servizo.

Máis nada, moitas grazas.

Alcalde: Gracias señor Reyes, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas. Só unha cuestión por aclarar, non, quero dicir que na proposta do grupo socialista fálase expresamente do tema dos centros de día, entón, a min non me parece mal que dentro da rede de centros socioculturais, poida incorporarse de xeito transversal actuacións, xa se teñen realizado no pasado, pois para todos os tramos de idade, e para necesidades específicas, e que nese sentido, na programación da rede de centros socioculturais, poidamos ter medidas específicas deseñadas e pensadas fundamentalmente para persoas maiores, iso é unha cousa, pero outra cousa é integrar centros de día na rede de centros socioculturais. Son cousas diferentes. Quero dicir, unha escola infantil, é unha escola infantil, non é unha ludoteca ou non é outra cousa, ben taxado por decreto o que é os ratios, etc.

Entón nos o que non viamos era o tema dos centros de día. Hai que facer centros de día, ten que facelos novos e ten que facelos a Xunta de Galiza, e eu creo que aí si que sería de interese que como noutro tipo de equipamentos, pois que certamente o Concello de Santiago presionase para que a dotación dese tipo de equipamentos, pois sexa a que se merece unha cidade con 100.000 habitantes e que ademais é capital de Galiza.

Alcalde: Gracias Rubén, Concha algo que engadir?. O noso voto segundo o expresado por Concha vai ser en contra.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais Socialista e Popular, (4 PSdeG-PSOE e 9 PP), e 11 votos en contra dos/as concelleiros/as dos grupos municipais Compostela Aberta e BNG (9 CA e 2 BNG), acorda:

1.- Que os Servizos Sociais municipais estuden e informen sobre a posibilidade de por en marcha unha rede de Centros de Día que estarían ubicados en determinados Centros Socio Culturais de referencia da nosa cidade.

2.- Que elaboren un proxecto marco que sirva como modelo xenérico para os Centros de Día para os nosos maiores dependentes que reoriente e coordine os servizos existentes á vez que ofrezca directrices aos futuros desenvolvementos.

3.- Estes Centros de Día deberán contribuír a cubrir varios aspectos: conceptualizar o modelo de servizo, unificar e/ou coordinar os procedementos de actuación, homoxeneizar os niveis de atención que deben ofrecer para maiores dependentes, así como sentar as bases para o control da calidade da atención prestada. Os protagonistas sobre os que deberán xirar as intervencións a realizar nestes Centros de Día son: as persoas maiores dependentes, as familias coidadoras e os coidadores profesionais.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, RELATIVA Á ELABORACIÓN DUN PLAN DE ACCIÓN DE TURISMO INCLUSIVO.

O contido da proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE con data 27 de novembro de 2015, é a que a seguir se transcribe:

“Exposición de motivos

O turismo é un sector en plena expansión e un dos motores esenciais da nosa Cidade, Patrimonio da Humanidade, consolidar a Santiago como potencia turística é o principal reto que temos agora por diante e, para iso, é necesaria a colaboración de todas as administracións e do sector privado. A política turística é unha tarefa de todos e esta premisa é clave para encarar o futuro.

Por este motivo, o Plan de Acción de Turismo Accesible para todas as persoas, elaborado polo Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade, CERMI, contribúe de forma moi positiva a afrontar este reto.

Enténdese por Turismo Accesible ou Inclusivo o complexo de actividades orixinadas durante o tempo libre orientado ao turismo e ao ocio, ao que poden acceder todas as persoas con independencia das súas capacidades, posibilitando a plena integración de

quenes teñen capacidades distintas e obtendo a través delas unha plena satisfacción individual e social do usuario. O Turismo Inclusivo establece pautas de integración durante as actividades entre as persoas que teñen capacidades diversas e quenes non as teñen.

O término de Turismo Inclusivo expresa, polo tanto, a necesidade de incorporar a grupos con necesidades específicas de accesibilidade ás infraestruturas e servizos turísticos. Neste grupo engádense principalmente as persoas con discapacidade, as persoas maiores e aquelas outras que de maneira temporal teñen capacidades diversas.

En relación coa potencialidade da demanda, o documento do CERMI alerta a administracións e sector privado de que estamos ante un segmento de mercado en crecemento, que soamente en España chega aos 3,5 millóns de persoas, e solicita aos axentes implicados unha maior atención a este colectivo, a través dunha comercialización máis adecuada.

Os beneficios para os destinos e empresas turísticas que se desprenden dun Turismo Inclusivo son evidentes e moi importantes. Según o CERMI estes beneficios son: aumento da cota de mercado turístico; mellora da imaxe da cidade como destino turístico; enfoque multicientista do mercado turístico e desestacionalidade.

O Concello de Santiago, xunto coa Xunta de Galicia, deben aprobar accións promocionais para estimular a demanda en actividades turísticas de persoas con discapacidade, e para fomentar a accesibilidade turística deben engadir nas páxinas Web oficiais de turismo ofertas turísticas accesibles.

En relación coa renovación e posta en valor de infraestruturas turísticas, o Concello debe contemplar a accesibilidade como un elemento a ter en conta no desenvolvemento dos proxectos, valorando as actuacións a desenvolver nos proxectos que contemplan a eliminación de barreiras.

O noso concello debe intentar garantir ás persoas con discapacidade as mesmas oportunidades de acceso aos servizos turísticos do noso municipio que teñen o resto dos cidadáns. Para posicionarnos como un destino de calidade de primeira orde no futuro, debemos ser conscientes de que sen accesibilidade non hai igualdade de oportunidades. En definitiva, debemos traballar para non pechar as nosas portas a este colectivo, 500 millóns de persoas en todo o mundo, dos que 50 millóns son europeos.

Por todo isto é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **PROPOSICIÓN**:

1.- Que o Concello de Santiago elabore un Plan de Acción de Turismo Inclusivo para

todas as persoas, como medio para mellorar as condicións de vida da cidadanía, facilitando a accesibilidade aos bens e servizos relacionados coas actividades turísticas e de ocio da sociedade para todas aquelas persoas que presenten dificultades de mobilidade, comunicación, comprensión ou calquera outra capacidade por falta de adecuación dos entornos onde se desenvolva a vida dos cidadáns.

2.- Que o Concello de Santiago realice unha análise do estado actual da oferta turística de Santiago desde o punto de vista da súa accesibilidade e estableza criterios de actuación co obxectivo de acadar a máxima accesibilidade da oferta e garanta o disfrute en equidade con seguridade e comodidade para todas as persoas, independentemente de que teñan ou non algunha discapacidade.

3.- Que o Concello de Santiago elabore un Plan de actividades orixinadas durante o tempo libre orientadas ao turismo e ao ocio, ao que poidan acceder todas as persoas con independencia das súas capacidades.”

Alcalde: Señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas novamente señor alcalde.

Gustaríame diante desta nova proposición, pois plantexar algúns datos do turismo da nosa cidade, particularmente, referidos ao mes de outubro que son os últimos que aparecen publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

O primeiro que chama a atención é unha nova caída da estadía media, cae nun 12,4%, é de todas as cidades histórico monumentais a cidade na que máis cae a estadía media, non chegamos máis que a 1,7 días, cando no 2014 era de 1,94.

Segundo a caída de viaxeiros un 0,67%, e de pernotacións un 7% dos residentes en España; é certo que hai un incremento de viaxeiros estranxeiros nun 26%, pero as pernotacións de só un 6,5%, polo tanto, maniféstase novamente que Santiago se está a converter, nunha cidade de turismo de visitantes, e non de pernotacións.

Terceiro, a caída, da ocupación de fin de semana, cae un 3,4%, tamén das cidades que máis cae.

A rentabilidade por habitación é inferior á media estatal, 44,9 euros por habitación e noite en Santiago, fronte a 64,3 euros por habitación e noite na media do Estado, o que claramente evidencian, ademais, estes datos é a estacionalidade do turismo de Santiago de Compostela.

Polo tanto, precisamente, diante disto nos que facemos é o estudo da proposta de desenvolvemento dun Plan de Turismo inclusivo para todas as persoas, tamén coñecido como turismo accesible para todo, co obxectivo de promover a Santiago nun futuro como cidade referente do turismo inclusivo.

A demanda potencial é evidente, persoas con discapacidade permanente, son aproximadamente o 8,8% da poboación, máis persoas afectadas por idade, tanto maiores como nenos, máis persoas afectadas por circunstancias transitorias e discapacidade, en conxunto estamos a falar do 40% da poboación.

Se facemos referencia a outros países, da nosa contorna, en Alemania hai 14 millóns de habitantes que teñen discapacidade, no Reino Unido serían 11 millóns, en Francia 9 millóns e en Italia 4,85 millóns practicamente 5 millóns.

As persoas con discapacidade europeos que viaxan son aproximadamente, oito millóns, viaxan todos os anos ao estranxeiro. A súa estadía media é máis alta que o habitual, pode chegar ata dúas semanas.

Hai que dicir que o 50% se atopan no intervalo de máis do 75% de incapacidade; o 50% deles cambiaría o destino de viaxe diante da supresión de barreiras.

O gasto medio de viaxeiro con discapacidade, é bastante superior, é do 82,3 euros/día, mentres que o gasto medio dun viaxeiro neste caso español, é de 46,05 euros/día.

As ventaxas para a cidade deste plan, sería primeiro a desestacionalización, axudar a desestacionalización.

Segundo, estes viaxeiros son viaxeiros multiclientes, porque raras veces viaxan sos.

Terceiro, será un beneficio social, porque se eliminan desigualdades no acceso á actividade turística de todos e todas.

Cuarto, se mellora a imaxe social do destino turístico, neste caso de Santiago de Compostela.

Quinto, mellora a calidade de vida dos veciños e das veciñas.

Hai que dicir, tamén, neste caso, que non partimos de cero, Santiago foi no 2006 premio Raiña Sofía da accesibilidade, e ademais ten unha liña de accesibilidade que todo o mundo coñece, porque se pode, ademais, obter na páxina web, onde existen achegamentos nese sentido, tanto recursos turísticos, como hospedaxe, a restauración, itinerarios, viarios accesibles, máis o plan de mobilidade.

Exemplos neste sentido existen dabondo particularmente no noso país, como por exemplo pode ser Ávila que foi cidade europea da accesibilidade no ano 2011, ou cidades como Pamplona, Santander, Barcelona, e particularmente cidades en Andalucía como Linares, Córdoba, Granada ou Sevilla, do mesmo xeito que Toledo, que ten sido, elixida para competir no 2015 a 2016, e particularmente a posibilidade de formar parte da rede de cidades e pobos para todos e todas.

Polo tanto, nos entendemos que esta é unha posibilidade que teríamos que desenvolver na nosa cidade, insisto, non partimos de cero, existe unha grande demanda potencial, hai posibilidades de financiamento da Unión Europea, e polo tanto, entendemos que é unha posibilidade acaída de loitar contra a estacionalización ou estacionalidade que ten o noso turismo.

Máis nada, e moitas grazas.

Alcalde: Gracias Paco, Goretti.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Para o Bloque Nacionalista Galego é unha prioridade absoluta garantir que as persoas con diversidade funcional, un termo que preferimos ao de persoas discapacitadas, non que aparece no texto, por ser moito máis inclusivo, xa que falamos da inclusividade, que se garanta a posibilidade de acceder, e de facer un plan de acción de turismo inclusivo que poida facer posible que veñan, que acudan, e que poidan estar en todos os lugares que esta cidade ten para ofrecer.

Entón parécenos unha iniciativa boa, positiva para a cidade e para o concello no seu conxunto, e polo tanto anuncio que imos votar a favor.

Alcalde: Gracias Goretti, María Antón.

Dona María Antón Vilasánchez: Boa tarde compañeiros e compañeiras de corporación, nos estamos plenamente de acordo co grupo municipal socialista da importancia do turismo na nosa cidade.

Estamos a falar sen dúbida dun dos motores da nosa economía local, e poderíamos dicir que a máis importante.

E polo tanto calquera iniciativa que se presente neste pleno, e que contribúa a consolidar a nosa cidade como destino turístico, que basee a súa razón de ser na excelencia de servizo, no emprego estable e na calidade, a diversificación do portafolio turístico será ben acollida por este grupo municipal do Partido Popular.

A proposición que presenta hoxe o Partido Socialista, pedindo ao grupo de goberno un plan de acción de turismo inclusivo, parécenos unha boa iniciativa, xa que ate o de agora, as accións que se desenvolveron neste sentido entendemos que non son suficientes.

Cada 3 de decembro celebramos o día internacional das persoas con discapacidade, dende 1997, a ONU suxire un tema para potenciar, para concienciar a todas as capas e estamentos sociais da importancia de traballar co concepto de inclusividade en cada ámbito da vida, tanto a nivel profesional como lúdico.

Porque aínda que é certo que no campo da discapacidade estamos avanzando, non é menos certo que estamos moi lonxe de chegar ao final, pero non debemos quedarnos unicamente nas palabras que soportan e dan vida aos conceptos, senón que debemos integrar eses conceptos, ideas e valores na acción diaria das administracións públicas.

A proposición socialista baseábase no Plan de acción de turismo accesible que elaborou o CERMI no ano 2005 que ven pode servir de base e inspiración, pero posiblemente, estea xa superado, despois da aprobación das ... españolas sobre discapacidade 2012-2020, dentro da cal se están desenvolvendo neste momento o Plan de acción 2014-2016, cunha visión integral da inclusión.

Tampouco podemos esquecer a estratexia integral española de cultura para todos, accesibilidade á cultura para as persoas con discapacidade, onde, ademais de pretender fomentar e normalizar a execución da accesibilidade en todas as iniciativas no ámbito cultural, este documento establece dez liñas e obxectivos estratéxicos dirixidos ás persoas con discapacidade no dobre sentido de acceso a voz e a cultura como espectadores, pero tamén, ao exercicio da creación artística e ao desenvolvemento de actividades como xestores culturais.

Un documento que nos parece particularmente interesante para Santiago, polo peso e importancia, do segmento de turismo cultural dentro do portafolio turístico.

E parécenos interesante, porque non só se trata de analizar o estado da oferta, de mellorar a accesibilidade aos recursos turísticos, tanto físicos como de servizos, senón que de que o sector profesional do turismo sexa un sector inclusivo, que teña en conta a diversidade funcional, e facilite a integración destas persoas ofrecéndolles un desenvolvemento profesional e un medio digno de vida.

En Galicia, tamén temos experiencias onde mirar, a Axencia de Turismo de Galicia, en colaboración con PREDIF a plataforma representativa estatal de persoas con discapacidade, esta a desenvolver o plan de accesibilidade turística de Galicia, o cal

inclúe, un plan específico de diagnose e execución para accesibilidade, por exemplo, do Camiño de Santiago.

Actualmente este plan en fase de diagnose recollerá diferentes estratexias e accións que permitan mellorar a competitividade do destino a Galicia para que sexamos un referente en accesibilidade turística.

E tampouco, fai falta ir moi lonxe, para comprobar os beneficios dun destino turístico accesible, a Mancomunidade de Arousa Norte, leva xa máis de cinco anos, traballando con este concepto, e con esta sensibilidade, introducindo tamén unha variable que consideramos importante, a experiencia.

Non só do turismo accesible, dende o punto de vista, de supresión de barreiras, senón que lle da contido, é dicir, elaboran diferentes experiencias para os turistas con diversidade funcional, con actividades, como a ruta do mexillón sensitiva, ou .. de mergullo, etc.

En definitiva, e para non consumir máis tempo, dicir, que dende o Partido Popular, apoiamos á proposición do grupo socialista, para que dende o grupo de goberno, se elabore un plan de acción de turismo de inclusivo, e tendo en conta, que a xerente en funcións de Incolsa, é a responsable da creación de produto dentro da sociedade, de seguro, que esta proposición será tomada con sumo interese polo grupo de goberno.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Gracias María Antón, Marta.

Dona Marta Lois González: Grazas señor alcalde, en aras da brevidade e tratando de acurtar un pouco os tempos, ao que esta mañá nos comprometemos na xunta de portavoces, vou ser moi breve.

Por unha banda, felicitarnos de que ao parecer nesta proposta vamos a ter consenso de todos os grupos a favor, e polo tanto tamén o grupo de goberno de Compostela Aberta, de traballar pola construción e implementación dun plan de turismo accesible ou inclusivo.

Dito isto, somentes facer dúas puntualizacións:

Unha en relación, a que efectivamente, a que tamén moitas das cidades que son consideradas cidades patrimonio da humanidade nestes últimos anos, xa implementaron planos de turismo inclusivo, que en Compostela dende o grupo de goberno temos vontade de levar a cabo este proxecto.

Un proxecto que por outra banda trae importantes desafíos de cara á construción e implementación das políticas públicas locais, na medida na que son necesariamente, as esixencias de transversalidade, non hai unha política de turismo inclusivo que non pase tamén por unha reflexión crítica e unha coordinación cos plans de accesibilidade na propia cidade.

Cando falamos coas persoas expertas, tamén neste ámbito, que se constrúe como así o fixo o portavoz do partido socialista, como unha venta de oportunidade, aínda que logo farei unha matización, efectivamente un plan de turismo inclusivo, significa ter unha construción dunha cidade con accesibilidade universal.

Neste sentido o goberno de Compostela Aberta, esta traballando na negociación con COGAMI para aprobar un convenio, un plan de accesibilidade universal para toda a cidade, é dicir, non estamos falando, polo tanto, somentes, así mo pareceu no relato no discurso de Paco Reyes, cando parecía máis unha das persoas con diversidade funcional, unha cuantificación económica do acceso, da oportunidade de traer aquí a persoas con diversidade funcional, que como un cambio e unha construción dunha cidade que garanta a accesibilidade universal, e así mesmo, mellorar as nosas condicións xustas de turismo.

Creo que as veces tamén é importante reflexionar dende o punto de vista do cómo se plantea unha reivindicación que neste sentido, tamén, se facía unha diagnose tamén apocalíptica do descenso do turismo en Santiago, cando numerosas, numerosos resultados ou datos dos últimos tempos, globais, sobre o número de persoas turistas que nos visitaron este ano, son moi positivas como para pensar que efectivamente os retos son a desestacionalización e a construción de produtos turísticos tamén nesta liña encamiñados, pero non dende unha diagnose tan negativa, a respecto do turismo en Santiago.

Polo tanto, e para cumprir a brevidade da que falaba ao principio, o grupo de goberno tamén vai votar a favor desta proposta.

Alcalde: Gracias Marta, Paco algo que engadir?

Don Francisco Reyes Santiás: Vou tentar de ser breve, dar, simplemente as grazas a todos os grupos polo apoio.

A min gustárame aclarar algunhas cousas, efectivamente é certo que a propia rede de cidades patrimonio da humanidade teñen unha guía, precisamente, para o desenvolvemento de turismo sostible.

O que si me gustaría sería plantexar dúas cuestións, para clarificar, eu falei tamén na miña intervención de beneficio social, para eliminar as desigualdades no acceso á actividade turística, eu falei de mellora na calidade de vida de veciños e veciñas en Santiago de Compostela, precisamente, como unha das consecuencias de abordar este plan de acción.

Gustaríame dicir, simplemente, que eu lamento, pero os números son os que son, e son os números publicados, e evidente, que o mes de outubro en Santiago de Compostela dende o punto de vista turístico non ten nada que ver co que foron os meses de xullo, agosto e setembro, desgraciadamente o que amosan é clarisimamente esa tendencia a ser un turismo de visitantes, e non de pernoctas, o que amosan claramente unha caída da ocupación do fin de semana, o que amosan claramente unha perda de rendabilidade con respecto á media do estado; e o que amosan clarisimamente, é a estacionalidade da que temos entre todos que modificar esa tendencia.

Alcalde: Queredes engadir algo, Marta.

Dona Marta Lois González: Só unha puntualización ao voceiro socialista, resulta comparable efectivamente esa caída, pero todos os anos se comparamos o número de visitantes nos meses de outubro, en comparación co período estival hai un descenso importante, polo tanto, un comportamento propio do turismo na cidade, creo que non é polo tanto unha información relevante.

Alcalde: Pasamos á votación.

Xa que logo o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda:

1.- Que o Concello de Santiago elabore un Plan de Acción de Turismo Inclusivo para todas as persoas, como medio para mellorar as condicións de vida da cidadanía, facilitando a accesibilidade aos bens e servizos relacionados coas actividades turísticas e de ocio da sociedade para todas aquelas persoas que presenten dificultades de mobilidade, comunicación, comprensión ou calquera outra capacidade por falta de adecuación dos entornos onde se desenvolva a vida dos cidadáns.

2.- Que o Concello de Santiago realice unha análise do estado actual da oferta turística de Santiago desde o punto de vista da súa accesibilidade e estableza criterios de actuación co obxectivo de acadar a máxima accesibilidade da oferta e garanta o disfrute en equidade con seguridade e comodidade para todas as persoas, independentemente de que teñan ou non algunha discapacidade.

3.- Que o Concello de Santiago elabore un Plan de actividades orixinadas durante o

tempo libre orientadas ao turismo e ao ocio, ao que poidan acceder todas as persoas con independencia das súas capacidades.

9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA Á INSTALACIÓN E ADECUACIÓN DE MARQUESIÑAS PARA FAVORECER O USO E A ACCESIBILIDADE DO TRANSPORTE PÚBLICO.

A proposición presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, con data 27 de novembro de 2015, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa á instalación e adecuación de marquesiñas para favorecer o uso e a accesibilidade do transporte público colectivo en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co obxectivo de favorecer o uso do transporte público colectivo de xeito universal, especialmente no rural, faise necesario ampliar e renovar as marquesiñas para contribuír a garantir o acceso a persoas maiores con dificultades de mobilidade, persoas con discapacidade física ou sensorial, ademais de contribuír a mellorar os estándares de calidade urbana. Con prioridade, urxe analizar as paradas de autobús sen marquesiñas para a súa inmediata instalación e completar, cun programa plurianual, a dotación de paneis informativos que comezou no centro da cidade e ten que estenderse aos barrios.

Entre outras medidas requiridas, por exemplo, cómpre a eliminación de obstáculos entre a parada e o autobús, o uso de apoiabrazos nos asentos das marquesiñas e barras de apoio para persoas con dificultade para erguerse e sentar. A instalación dun pavimento de botóns de cor amarela á beira pode servir de guía ás persoas con problemas de visión, ademais de contar con contraste de cores pronunciado para que poida ser identificada ao lonxe e proporcionar maior acollemento. A isto hai que unir un labor de acondicionamento da zona para o equipamento e para a propia utilización como parada de autobús, co fin de que esta adaptación do mobiliario urbano ás persoas con discapacidade sexa cada vez máis accesíbel e segura para todas as usuarias, ao tempo que se facilita o seu mantemento e boa conservación.

Ademais, os paneis de información dos horarios das liñas e tempos estimados de espera para o próximo autobús poden dotarse dunha pantalla táctil, teclas en Braille e interfaz sonora. Deste xeito, proporciónase a posibilidade de maior autonomía para persoas con dificultades de visión e de xordeira. Este software poderase conectar aos móbiles para ofrecer nos propios terminais a información dispoñíbel na parada.

Os criterios para elixir o novos emprazamentos das marquesiñas axustaranse ás necesidades xurdidas e demandadas pola veciñanza de Santiago de Compostela, atendendo a motivos coma o servizo ao que están destinadas (transporte colectivo, transporte escolar ou especial), número potencial de persoas usuarias atendendo á demografía e hábitos sociais de cada zona.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Elaborar un programa municipal para a instalación e a adecuación de marquesiñas para favorecer o uso e a accesibilidade universal do transporte público en Santiago de Compostela, a comezar polas paradas de autobús que carecen delas.
2. Buscar os fondos necesarios, en colaboración con outras administracións, para a posta en marcha deste programa en 2016.”

Alcalde: Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde, nun minuto, simplemente, porque creo que xa está anunciado na propia proposición, como comentaba no punto anterior de debate que propuña o Partido Popular, por parte do BNG o que plantexamos aquí, é que se poida abordar unha planificación de carácter plurianual a respecto dalgunhas cuestións que consideramos importantes que teñen que ver co transporte público, máis alá, do que serían as revisións ás que facía referencia antes o concelleiro de mobilidade, a respecto das frecuencias, das rutas, e a revisión en xeral do mapa circulatorio do transporte público en Santiago de Compostela.

Nos hai un ámbito máis concreto, sobre o que facemos unha proposta que é o que ten que ver coas marquesinas, a dotación de novas marquesinas con que criterio, en que sitios, con que preferencias, e cunha planificación plurianual e que esas marquesinas ao igual que o resto do transporte público sexa o máis accesible posible, acabamos de aprobar por unanimidade unha proposición que ten que ver coa accesibilidade para turistas, que nos parece estupenda a todos e a todas, non, pero máis estupendo nos parece a accesibilidade para os veciños e veciñas de Santiago, hoxe precisamente unha persoa cega, e tiven hoxe a oportunidade de facer un traxecto cunha persoa nesas circunstancias, pois ten memorizadas as curvas do traxecto dunha liña de bus, porque os buses de Santiago non están adaptados para ese tipo de circunstancias.

Entón, nos aquí, facemos unha serie de suxestións concretas, pero non teñen porque ser estas, nos o que propomos é que se analice no marco de TUSSA unha planificación plurianual para a dotación de novas marquesinas, para mellorar a accesibilidade e para

mellorar os paneis ao que facía, tamén, antes referencia o Partido Popular, os paneis informativos dos tempos, e que toda esa información sexa o máis accesible posible.

Moitas grazas.

Alcalde: Gracias Rubén, Gonzalo.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa tarde de novo.

Obviamente o grupo municipal socialista vai votar favorablemente esta proposición presentada polos compañeiros do BNG, xa que consideramos que todo o relativo á mellorar e favorecer un servizo de transporte público, debe ser un dos compromisos que academos todos os grupos que formamos parte desta corporación.

De todos os xeitos, é preciso que se elabore un plan para a súa mellor ubicación, para a súa vixilancia e limpeza, posto que xa ten acontecido que en marquesinas no noso termo municipal teñen desaparecido, algunhas delas atópanse en mal estado, e se ademais engadimos a modernización e a adaptación das marquesinas para persoas con problemas de mobilidade e inclusive para persoas invidentes ou con problemas de sordeira, pois obviamente estaríamos a dotar a nosa cidade dun recurso máis para a eliminación de barreiras, garantindo ás persoas con discapacidade o poder trasladarse nun servizo da importancia do transporte público.

Nada máis e moitas grazas.

Alcalde: Gracias Gonzalo, señor Brunete.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: O grupo popular tamén se adhire a esta proposición, que está formulada nuns termos prudentes, dende o punto de vista orzamentario, non hai que esquecer o custo que ten cada marquesina, e non hai que esquecer que en Santiago hai máis de seiscentas marquesinas, e tampouco hai que esquecer, que no último ano o anterior goberno, goberno do Partido Popular, procedeu a instalación de once ou doce delas.

O que si queremos lembrar, é que resulta un tanto absurdo avanzar na instalación da espera do autobús, pois para persoas que teñen algún problema de minusvalía, e non proceder á renovación dos autobuses que están pensados precisamente para atender ás persoas que teñen unha certa minusvalía.

É dicir que non esquezamos, se eu non recordo mal, que hai dezoito autobuses só con rampas automáticas, e se procedesemos á licitación pois habería dezoito máis once máis que son 29, senon estou equivocado.

Polo tanto, apoiamos a proposición, pero volvemos a insistir na necesidade de axilizar o proceso de licitación de once autobuses.

Nada máis grazias.

Alcalde: Grazias, Jorge Duarte.

Don Jorge Duarte Vázquez: Pois compartimos a necesidade da elaboración dese programa municipal a medio prazo, no cal se poida traballar na accesibilidade, antes comentaba Marta Lois, é un dos obxectivos deste goberno, intentar traballar de cara a un transporte público máis inclusivo, e ademais desas medidas que propoñas, eu creo que hai outras como anunciar as paradas no bus, e con respecto á accesibilidade nas paradas, na actualidade dez dos vinte e tres postes electrónicos contan con software necesario para esa exposición de voz, e haberá que intentar poñelos en marcha estes postes.

Esta claro que a renovación dos autobuses de transporte público, está pendente, porque entendemos que haberá que redeseñar cal é o tipo de autobús que necesitamos, cales van ser as liñas, se van ser liñas que entren pola cidade histórica se teñen que ter esa dimensión todos, se que teñen que ser do mesmo modelo que os existentes, ou teñen que ser cun criterio diferente.

Polo tanto, mentres non haxa esa definición dos novos modelos de autobuses entendemos que será e sobre todo, tendo en conta, o carácter da proposta de resolución, de elaborar un programa municipal para a instalación e a adecuación de marquesiñas para favorecer o uso e a accesibilidade universal, estamos totalmente de acordo, e entendemos que a través dos programas do desenvolvemento urbana sostible que ten varias liñas acerca da accesibilidade e mellora da mobilidade, pois poderíamos buscar eses fondos para realmente, poder achegar o transporte público nas debidas condicións a todo o noso concello e para todas as persoas, que é o fundamental.

Alcalde: Algo que engadir Rubén, o noso voto vai ser favorable.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes acorda:

1. Elaborar un programa municipal para a instalación e a adecuación de marquesiñas para favorecer o uso e a accesibilidade universal do transporte público en Santiago de Compostela, a comezar polas paradas de autobús que carecen delas.
2. Buscar os fondos necesarios, en colaboración con outras administracións, para a posta en marcha deste programa en 2016.

10. DAR CONTA, DE ACORDO CO DISPOSTO NO ARTIGO 8.1 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2015, DA INFORMACIÓN RELATIVA Á EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO TERCEIRO TRIMESTRE DO ANO 2015.

Alcalde: todos e todas teñen a documentación ao seu dispor, en todos estes puntos de dar conta.

Deuse conta do informe de intervención núm. 792/2015, relativa á execución orzamentaria do terceiro trimestre do ano 2015, de acordo co disposto no artigo 8.1 das bases de execución do orzamento de 2015.

11. DAR CONTA, DE ACORDO CO DISPOSTO NO ARTIGO 8.1 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2015, DE MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS DO CONCELLO E AUDITORIO DE GALICIA.

Deuse conta de modificacións orzamentarias do Concello e Auditorio de Galicia, de acordo co disposto no artigo 8.1 das bases de execución do orzamento de 2015.

12. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DESIGNANDO CONCELEIRA-SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO.

Deuse conta do Decreto da alcaldía de data 30 de novembro de 2015, que ten o seguinte contido:

“En base ás competencias que se me atribúen nos artigos 125 e 126 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

Nomear a **Dona María Rozas Pérez**, concelleira-secretaria suplente da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela.

Desta resolución, que entrará en vigor no día de hoxe, darase conta á interesada e ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre. Así mesmo, publicarase no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986), de 28 de novembro).”

13. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse contas das resolucións ditadas pola alcaldía e polas concellarías delegadas, no período que abrangue dende o 23 de outubro ao 5 de novembro de 2015 (núms. 6505 ao 6815).

Dáse tamén conta ao pleno das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 16 de outubro de 2015 (Núm. 62).

Acta sesión ordinaria do día 23 de outubro de 2015 (Núm. 63).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 23 de outubro de 2015 (Núm. 64).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 28 de outubro de 2015 (Núm. 65).

Acta sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2015 (Núm. 66).

Acta sesión ordinaria do día 6 de novembro de 2015 (Núm. 67).

Acta sesión ordinaria do día 13 de novembro de 2015 (Núm. 68).

Alcalde: Antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, tocaría introducir por urxencia un punto na orde do día, que é o acordo de trasladar os plenos ordinarios do primeiro lúns de cada mes as 17 horas como estaban fixados e se viñan celebrando a petición dos portavoces, na xunta de portavoces ao terceiro xoves de cada mes, entendendo que este comezaría en xaneiro, non que recunciaríamos en decembro cun pleno ordinario, e entendendo a maiores que se algún deses xoves cadrara en festivo, o pleno quedaría para o seguinte xoves, entendo que é o acordado e asinado por todos os portavoces.

Entón procedía primeiro a votación para introducir o punto.

Secretario: Inclusión do punto por urxencia:

14. MODIFICACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS ORDINARIAS.

Visto o acordo adoptado en xunta de portavoces, no día de hoxe, o Pleno por unanimidade dos presentes, acorda que as sesións plenarias ordinarias terán lugar o terceiro xoves de cada mes ás 16.30 horas, e de coincidir festivo pasará ao xoves seguinte á mesma hora.

Abandona o Salón de Plenos a Viceinterventora.

15. ROGOS E PREGUNTAS.

Os rogos e preguntas formulados polos grupos municipais son os que a seguir se transcriben:

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 24 de novembro de 2015, núm. 254, solicitan que se adopten melloras na rúa do Home Santo.
- 2.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 263, solicitan que se se faga cumprir a ordenanza de posesión e custodia de animais.
- 3.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 264, solicitan que se adopten melloras na parroquia de Figueiras.

PREGUNTAS (resposta escrita):

- 1.- Rexistro de entrada do día 6 de novembro de 2015, núm. 239.
- 2.- Rexistro de entrada do día 11 de novembro de 2015, núm. 247.
- 3.- Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2015, núm. 248.
- 4.- Rexistro de entrada do día 17 de novembro de 2015, núm. 249.

ROGOS E PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

ROGOS:

- 1.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 255, solicitando que se reduzan ou limiten a altura das plantas nas rotondas e medianeiras das vías.
- 2.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 256, solicitando que se proceda a un asentamento das lousas soltas e a reparación integral dos danos que ten o pavimento das rúas República do Salvador e Montero Ríos.
- 3.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 261, solicitando unha actuación integral de mellora das principais vías do barrio de Meixonfrío.

PREGUNTAS (resposta oral):

- 1.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 260.

PREGUNTAS (resposta escrita):

1.- Rexistro de entrada do día 24 de novembro de 2015, núm. 252.

2.- Rexistro de entrada do día 24 de novembro de 2015, núm. 253.

3.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 262.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

ROGOS:

1.- Rexistro de entrada do día 27 de novembro de 2015, núm. 269, solicitando que se substitúan as sinalizacións nas prazas de aparcamento destinadas ás persoas con mobilidade reducida.

2.- Rexistro de entrada do día 30 de novembro de 2015, núm. 272, solicitando que se valore incluír con cargo ao PAS da Deputación do proxecto de construción na rúa Ofelia Nieto dun parque infantil adaptado.

PREGUNTAS (resposta por escrito):

1.- Rexistro de entrada do día 20 de novembro de 2015, núm. 250.

2.- Rexistro de entrada do día 20 de novembro de 2015, núm. 251.

3.- Rexistro de entrada do día 30 de novembro de 2015, núm. 273.

4.- Rexistro de entrada do día 30 de novembro de 2015, núm. 274.

Alcalde: O primeiro rogo é un rogo do BNG, rexistro de entrada 255, en relación coas queixas da veciñanza referentes á seguridade e imaxe da rúa do Home Santo.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben, atendendo a distintas peticións achegadas por veciñanza da rúa do Home Santo, queremos trasladar o rogo de que se melloren alí tanto a iluminación como o mantemento, tamén da zona, é fundamentalmente unha cuestión que para eles, para as persoas que residen nesta zona, é especialmente prioritaria, que é por dotar cun cadro amarelo que lembre ás persoas condutoras que non poden ficar paradas no momento en que a rúa do Home Santo se cruza coa Avda. Rodríguez de Viguri, como é a parte de atrás da estación de autobuses, aí hai moitas persoas que veñen no seu coche e que paran alí agardando por alguén e ás veces hai verdadeiros colapsos.

Estas son as cuestións, ademais de intentar manter na mellor forma posible todo o que foron esas obras de acondicionamento que remodelaron a zona. Pero xa digo, fundamentalmente hai problemas, problemas referidos ao mantemento da zona e á falta de iluminación. Fóronos transmitidas bastantes queixas a este respecto.

Alcalde: Gracias Goretti, Xan algo que dicir.

Don Xan Duro Fernández: Que será revisado e corrixido o que sexa preciso.

Alcalde: Gracias Xan. Pasariamos ao segundo rogo, este do PP, sobre o xardín central da medianeira da Avda. de Lugo, a necesidade de limitalo ou reducir as plantas das rotondas e medianeiras das vías.

Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo: A seguridade viaria depende, como é sabido, de múltiples factores, e entre eles ten unha especial relevancia o estado da vía e dos elementos que a rodean.

Na nosa cidade téñense producido notables avances na ordenación e sinalización viaria, logrando unhas infraestruturas que ofrecen a cada paso maior seguridade para vehículos e peóns. Con todo, para garantir unha permanente mellora da seguridade viaria faise necesario manter e revisar periodicamente a situación das vías, para evitar circunstancias que dificulten ou reduzan as condicións de visibilidade.

Como exemplo, citar que no xardín central da medianeira da Avda. de Lugo, fronte ás escaleiras de acceso á estación ferroviaria, a altura dos arbustos existentes causan grandes dificultades para unha correcta visión do tránsito na súa contorna, e acceso á rotonda, de forma moi especial á hora de ver os vehículos que se incorporan á rotonda dende a rúa do Hórreo.

Tratando de contribuír á mellora das condicións de seguridade nesta zona, e en todas aquelas que teñan o mesmo problema, o grupo municipal Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do goberno municipal se dean as instrucións pertinentes para reducir ou limitar a altura das plantas nas rotondas e medianeiras das vías, co remprazo daqueles arbustos que polo seu crecemento impiden a correcta e imprescindible visibilidade de vehículos e peóns. Moitas grazas.

Don Xan Duro Fernández: Ben, non temos constancia nin en tráfico nin na policía local, nin no servizo de parques e xardíns de ningunha queixa ao respecto, pero de calquera xeito revisaremos e corrixiremos se é preciso.

Alcalde: Grazas. Pasariamos ao terceiro rogo, este tamén do Partido Popular asinado por Claudio Montiel, para proceder ao correcto asentamento das lousas soltas e unha reparación integral dos danos que se aprecian no pavimento das beirarrúas nas rúas República do Salvador e Montero Ríos.

Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo: Boas tardes de novo. O pavimento das beirarrúas das rúas República do Salvador e Montero Ríos está a sufrir unha continua deterioración que causa incomodidades e prexuízos aos residentes e a moitos viandantes que transitan por elas.

A situación faise especialmente preocupante nas zonas de acceso aos garaxes, con grandes lousas que se levantan ao paso dos vehículos e transeúntes. Uns defectos que poden provocar caídas e lesións, cuxas repercusións e responsabilidades civís subsidiarias poden repercutir sobre as arcas municipais.

Para evitar estas molestias á cidadanía, futuros accidentes e posibles consecuencias para o patrimonio municipal, o grupo municipal Popular formula o seguinte rogo:

Que por parte do goberno municipal se dean as instrucións pertinentes para proceder a un correcto asentamento das lousas soltas e a unha reparación integral dos danos que se aprecian no pavimento das beirarrúas nas rúas República do Salvador e Montero Ríos.

Alcalde: Gracias Claudio, Jorge.

Don Jorgue Duarte Vázquez: Somos conscientes da necesidade de reparar o pavimento das dúas rúas, especialmente o de República do Salvador, o contrato de mantemento na actualidade e está esgotado, e polo tanto é unha desas partidas que está pendente de acometer tan pronto sexa posible, somos conscientes e temos en conta o rogo.

Alcalde: Grazas Jorge, o cuarto rogo, tamén do Partido Popular, asinado por Agustín, sobre a reparación integral das principais vías do barrio de Meixonfrío.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas señor alcalde. Como é coñecido o barrio de Meixonfrío pola propia situación do barrio, polo seu emprazamento, e polo incremento residencial, unha elevada densidade de tráfico que ten consecuencias obviamente sobre a seguridade viaria, sobre o deterioro deses viais. O feito de soportar moitas deses vías unha maior parte do tránsito cara o Polígono do Tambre, xunto coa proximidade das instalacións do Mercado de Gando de Amio, e tamén da zona de Salgueiriños fan que se multipliquen as necesidades da veciñanza, tal

e como puidemos comprobar dende este grupo municipal nunha xuntanza que mantivemos na asociación veciñal local Casa Agraria.

As demandas do barrio refírense sobre todo á mellora das condicións das principais rúas do barrio, Camiño dos Vilares, Garabanxa, Corgo, Salgueiriños de Arriba ou Fonte Mallou, e tamén de forma moi especial á reparación da estrada, da vella estrada nacional 550 que no seu día foi asumida polo concello, e que presenta unha situación lamentable e complicada, posto que estamos a falar dun vial de gran densidade circulatoria, de moita anchura, e polo tanto, que o arranxo non é fácil de facer.

É necesario incrementar a seguridade peonil nese barrio, incrementar tamén as beirarrúas en moitos dos viais, porque actualmente carecen delas.

Xunto con estas melloras para o tránsito viario, tamén tivemos constancia da demanda por parte dos veciños dun incremento da presenza da policía local que incremente a sensación de seguridade. Non vou facer mención aos feitos que aconteceron, precisamente, neste pasado fin de semana nas proximidades.

E polo tanto, é por iso que facemos este rogo, para que por parte do goberno municipal se proceda a realizar unha actuación integral de mellora das principais vías do barrio de Meixonfrío, especialmente e nomeadamente a antiga nacional 550 entre a Praza de España ata o acceso do Polígono do Tambre, e que se dean as instrucións para que a policía local intensifique a súa presenza nesa zona. Moitas grazas.

Don Jorge Duarte Vázquez: Estamos de acordo co diagnóstico da situación no barrio de Meixonfrío. Nós tivemos unha reunión cos residentes do barrio e nos transmitiron o tema da seguridade, xusto diante do local. E a parte diso, no tema de beirarrúas, creo que hai que distinguir dous problemas dentro deste rogo, por un lado o que afecta á maioría dos barrios da nosa cidade, intentar mellorar e urbanizar e adecentar as rúas, que creo que é un traballo que hai que ir priorizando entre todos os barrios e o rural deste concello.

E por outro, algo que creo que non se fixo ben no seu momento, e que é a asunción por parte do concello no relativo a todo o que é asumir toda a reurbanización do vial, da transformación da estrada nacional 550 nunha vía urbana, que debería de estar incluída nun proxecto máis ambicioso que poida vir financiado por fondos dalgunha administración coa cal puideramos colaborar, porque realmente, se escapa agora mesmo das posibilidades económicas deste concello, poder acometer a reurbanización da nacional 550, cando no momento da súa cesión debería de vir acompañada dun proxecto de reurbanización.

Alcalde: Grazas Jorge, o seguinte rogo, o rogo número 5, é un rogo do BNG, relativo a unha campaña de información e sensibilización respecto das normas contidas na ordenanza municipal de posesión e custodia de animais.

Don Rubén Cela Díaz: Grazas señor alcalde. A problemática dos excrementos caninos nos espazos públicos pode parecer unha cuestión menor, pero dende o noso punto de vista non o é, iso provoca problemas hixiénicos, sanitarios, ambientais, de seguridade e incluso de deterioro da propia imaxe da cidade, e de limitación dos espazos de lecer e de goce que son comúns a todos e todas.

Entón neste ámbito si que cremos que está xustificada a acción represiva, no sentido de que se emprendan todas as medidas que estean ao alcance do propio concello na normativa vixente en aras a facer cumprir esa ordenanza, pero cremos que a parte desvertebrada represiva, tamén é importante todo o que teña que ver coa concienciación e coa difusión de valores cívicos para os propietarios das mascotas.

Polo tanto con este rogo o que facemos é instar ao grupo de goberno a que manteña periodicamente campañas de sensibilización deste tipo que se veñan desenvolvendo con periodicidade neste concello e noutros.

Dona Noa Morales Sánchez: Ola a todo o mundo, ola Rubén, recollemos o voso rogo, e teremos en conta, por suposto, a vosa proposta en campañas futuras.

Alcalde: Grazas Noa, o sexto rogo tamén é un rogo do BNG, para que se execute o proxecto de iluminación pública no tramo entre Codesedas e o campo da festa en Figueiras, e mellorar a seguridade co acondicionamento de zona deportiva e o seu contorno, e a xestión polo departamento de deportes, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde. Moi brevemente con este rogo nós facémonos eco dunha reivindicación da propia asociación de veciños a respecto do ámbito das zonas deportivas desta parroquia, en concreto, e o que para nós é fundamental, e o que ten que ver coa iluminación nas vías de acceso á mesma, en concreto de Codesedas ata o propio campo da festa actualmente non existe iluminación, aí houbera unha obra de facer as beirarrúas por parte da Deputación no seu día, sacáronse as farolas para facer aquela actuación e nunca máis se volveron a colocar. A partir de aí, a Xunta de Goberno Local en novembro de 2014, xa aprobaba un proxecto de execución dese alumado público, pero bueno, iso de momento non se efectivizou.

E, por outra banda, o que ten que ver cos usos da zona deportiva. Actualmente, existe unha infrautilización das instalacións, porque están nun estado, sobre de todo no que ten que ver co campo de fútbol, absolutamente impracticable, entón nós cremos que con pouco investimento, non se trata de facer alí unha grande actuación, pois se podía

mellorar minimamente ese campo para que puidera ser de uso, non só para a xente da parroquia, senón para o resto da xente de Santiago. Mostrando unha foto de como esta é evidente que non se pode practicar deporte, sen embargo, toda a contorna e a zona deportiva que hai alí, eu creo que é bastante interesante e podería valer para fútbol, rugby, para fútbol gaélico, ou para outro tipo de practicas deportivas.

Don Rafael Peña Vidal: Boa tarde a todos e todas, compañeiros e compañeiras de corporación, señor alcalde. Vamos empezar por partes, con respecto ao proxecto de iluminación, efectivamente, aprobouse en pleno de novembro do 2014 un proxecto para executar todo un tramo de alumeado, que estaba ornamentado, se non me lembro mal, entorno a 140.000 euros, o tema é que non tiña consignación orzamentaria, e polo tanto é un proxecto fantasma. Dito isto, este ano non se vai facer, porque non estaba previsto ningún tipo de orzamento, estamos a traballar de cara o ano que ven, o que pasa é que detectamos que temos mil puntos de luz no rural de sodio, que temos que proceder automaticamente ao seu remprazo, que seguramente o acabaremos metendo no PAS da Deputación, ... como tema de eficiencia enerxética. Ímoslle dar prioridade aí, porque estamos falando de luminarias de fai trinta e corenta anos, aproximadamente, e que urxe moito, compre consensualo co técnico de iluminación deste concello, e deberíamos empezar aí. Dito isto, teremos en referencia, dado que temos que dotar este tramo da parroquia de Figueiras de luz, tomarémolo en conta, aínda que seguramente lle acabemos facendo algunha pequena modificación, pero si será tido en conta.

E con respecto ao tema do campo de fútbol, e por que Figueiras, Busto ten outro campo de fútbol que está absolutamente igual, o de Aríns está absolutamente igual, e seguramente haxa campos de fútbol en moitas parroquias nas mesmas condicións, sobre todo dende que se deixaron de utilizar por parte de equipos da cidade, unha vez foron construídos os campos de herba artificial os campos de fútbol do rural quedaron en total e absoluto abandono e desuso.

Eu creo que antes de plantexar a rehabilitación de ningún campo de fútbol, ou de ningunha instalación deportiva do rural, primeiro haberá que ver que uso se lle vai dar, e para iso hai dúas fórmulas:

Unha é a especialización e ver que deportes, sobre todo minoritarios, poidamos adecuar a eses campos de fútbol, e por outro lado, incluso, fomentar ou propoñer por parte do goberno municipal o fomento de deportes non competitivos, xa que todos estes campos non reúnen as condicións para realizar deportes de competición. Pero si entendemos que si se poden realizar outro tipo de actividades non competitivas, que nos permitan meter a máis xente doutras idades, etc., etc., nesa situación temos catorce ou quince.

Alcalde: Pasamos ao rogo do PSOE, asinado por Mila, para que o goberno substitúa as sinalización das prazas de aparcamento destinadas a persoas con mobilidade reducida coa denominación de “minusválidos” por “persoas con discapacidade”.

Dona Milagros Castro Sánchez: Boa tarde de novo. Dikir que na nosa cidade, seguen aparecendo as sinalizacións das prazas de aparcamento destinadas ás persoas con mobilidade reducida coa denominación “minusválidos”.

Como queira que dito termo pexorativo foi substituído por “persoa con discapacidade” de acordo co Real Decreto 1856/2009, na que súa disposición adicional segunda di textualmente:

“Actualización terminológica y conceptual.

1. Todas las referencias hechas en la redacción original de este Real decreto al término “minusvalía” quedan sustituidas por el término “discapacidad”.

O grupo municipal socialista presenta ao pleno da corporación para a súa aprobación o rogo de que o goberno acorde substituír as sinalizacións das prazas de aparcamento destinadas ás persoas con mobilidade reducida coa demoninación “persoa con discapacidade” e non “minusválidos”. Moitas grazas.

Don Xan Duro Fernández: Ben, actualmente a política que estamos a desenvolver nas prazas de xente con mobilidade reducida, e colocar unha sinala de prohibido aparcar máis o símbolo internacional da accesibilidade en vertical e máis pintado no chan.

Non adoitamos colocar ningún tipo de sinal en texto, marcando, se queda algunha, revisaremos e será substituída na liña do que estamos a facer.

Dona Milagros Castro Sánchez: Moitas grazas Xan.

Alcalde: Gracias Xan, e quedaría o último rogo, tamén do grupo socialista, asinado por Gonzalo, da inclusión con cargo ao PAS da Deputación do proxecto de construción na rúa Ofelia Nieto, dun parque infantil adoptado, ao que se poida acceder en cadeiras de rodas e con elementos de xogo accesibles para todos e todas.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Visto o desenvolvemento urbanístico da zona norte de Santiago e o incremento notable da poboación nese ámbito, concretamente a poboación en idade infantil en Meixonfrío, e ante o importante número de veciños e veciñas que veñen solicitando dende hai un tempo un parque infantil nese lugar, é polo que o grupo municipal socialista presenta o pleno o seguinte rogo:

Que o goberno valore incluír con cargo ao PAS da Deputación a redacción do proxecto e a construción, na rúa Ofelia Nieto, dun parque infantil adaptado ao que se poida acceder en cadeiras de rodas e con elementos de xogo accesibles para todos e todas. Nada máis.

Alcalde: Compartimos o fondo do rogo, pero claro, o problema é que os proxectos para o PAS están encargados e hai que telos para a vindeira semana, é un problema temporal, basicamente, dificilmente van poder ser incorporados, pero bueno, hai vocación e vontade de nos orzamentos orzamentar parques para o vindeiro ano, e contemplaremos na medida do posible, sexa nese plan ou noutro, ese rogo.

Pasaríamos a unha pregunta para a resposta oral no pleno, relativa á renovación dos pavimentos na Rapa da Folla, se fan defensa.

Dona Teresa Gutiérrez López: Boas tardes a todos compañeiros e alcalde. O pasado mes de novembro licitouse a actuación do proxecto de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla, incluída no POS 2014 da Deputación Provincial por un importe de 37.432 euros, por procedemento negociado, ata aquí ben.

O problema é cando procedemos a descargar o proxecto, atopámonos, con que é exactamente o que se tiña redactado no mandato anterior no ano 2014, sen sufrir ningunha modificación.

Este proxecto consiste na renovación de pavimentos da rúa e contempla a total renovación da beirarrúa esquerda en dirección baixada, e a substitución do firme que é de adoquín actualmente, polo de aglomerado asfáltico, e logo a renovación da beirarrúa dereita dende pouco antes do paso de peóns.

O tempo transcorrido dende a redacción do proxecto fixo que a beirarrúa da marxe esquerda no tramo entre Xoán Carlos I e Carreira do Conde xa este executado, e que ambas beirarrúas dende o paso de peóns, estean contempladas no proxecto de reurbanización de Montero Ríos, cuxo contrato se formalizou o 10 de novembro, entón, ademais de estar executado ou contratado a maior parte do proxecto, os criterios de deseño xa non encaixan coas novas actuacións, e ademais este proxecto non pasou pola Comisión Asesora de Patrimonio, o cal sería preceptivo por estar no ámbito do Plan Especial.

Ante esta situación o que preguntamos ao grupo de goberno, é:

Primeiro, por qué se licitaron as obras sen unha pequena revisión?

Segundo, por qué nono pasaron pola Comisión Asesora?

E que teñen previsto facer para solucionar a situación?

Don Jorge Duarte Vázquez: O proxecto de Rapa da Folla, é un proxecto anterior ao de Montero Ríos, e ao do proxecto de Carreira Conde. O proxecto de Rapa da Folla, entendemos dende o departamento de obras, que se debería construír con posterioridade o de Montero Ríos e o da Carreira do Conde. Polo tanto dende o concello, decidiuse solicitar unha prórroga, é unha obra que está financiada por fondos da Deputación, e solicitar unha prórroga, porque o prazo tope para rematar as obras ten que ser en novembro de 2016.

Solicitamos esa prórroga para poder modificar o proxecto e adaptalo a realidade, entendendo, que ese modificado nunca podería ser un proxecto a maiores, senón que sería de redución de custo, ou custo similar.

É sorprendente a pregunta, porque si hai un problema de incoherencia, cando se fixeron o proxecto de Montero Ríos, que é posterior e o proxecto de Carreira do Conde que é posterior, deberían ter en conta que este existe, ou senon telo modificado antes.

Como dicía, nos solicitamos a prórroga para poder facer o proxecto durante o 2016, e unha vez que estivera feita a obra de Montero Ríos, porque entendíamos que construtivamente era o mellor, e solicitamos esa prórroga da que nos chegou contestación o día 27 de novembro.

Polo tanto, ante a falta de contestación, o que fixemos foi iniciar o trámite para licitalo porque corriamos o risco de quedarnos sen os fondos da Deputación que estaban comprometidos.

Con esta licitación e mentres se adxudique durante o ano 2015, teremos a garantía de que na Deputación van ter fondos para esta obra, e poderemos facer a modificación dese proxecto, porque esa modificación proxecto, sempre e cando non supoña un incremento de custo é aceptada pola Deputación.

Polo tanto, a partir da adxudicación haberá unha adaptación do proxecto, aos límites actuais de dito ámbito.

Alcalde: Grazas Jorge. Bueno antes de pasar coas mocións vamos facer un receso de dez minutos, como non cumprimos moi ben o acordado hoxe en xunta de portavoces nos tempos, a ver se cumprimos agora nas mocións, respecto ao uso dos tempos, porque nos dilatamos un pouco, paramos dez minutos, e retomamos porque hai bastantes mocións de urxencia.

Descanso de dez minutos cando son as 19:35 horas, e vólvese a retomar a sesión ás 19:45 horas.

15. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Os textos das mocións presentados polos grupos municipais, son as que seguen:

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 26 de novembro de 2015, núm. 257, para a instalación de contenedores de aceite no Concello de Santiago.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno relativa á instalación de contedores de aceite usado en diferentes puntos do noso municipio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A eliminación dos aceites usados a través das tubaxes dos desaugadoiros das vivendas é a fonte de contaminación máis grave das augas residuais urbanas.

Os aceites dificultan o funcionamento das plantas depuradoras, que non son capaces de eliminalos, e rematan sendo vertidas ao medio ambiente dunha forma ou doutra.

No caso en que os aceites se verten directamente ao subsolo a través dos pozos sépticos, os efectos contaminantes poden ser demoledores, pois, dependendo das zonas, poden ir directamente aos acuíferos. Un litro de aceite pode contaminar mil litros de auga.

A axeitada recollida e o tratamento dos aceites domésticos usados é unha necesidade perentoria para a protección do medio ambiente. Ademais é unha obriga regulada pola Lei de residuos, que atribúe de forma xenérica ás entidades locais, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e a eliminación de residuos urbanos, e obriga aos municipios de máis de 5000 habitantes a implantar sistemas de recollida selectiva de lixo.

A veciñanza, afortunadamente, cada vez é máis sensíbel co problema xeral da contaminación, e boa parte dela é consciente de que o vertido dos aceites usados, directamente ao medio ou a través das tubaxes domésticas, é un problema que tampouco se resolve coa súa incorporación á fracción resto dos residuos sólidos urbanos

polo que cada vez son máis os veciños e veciñas que demandan unha ampliación da recollida selectiva do aceite comestible usado.

Dado que, ademais, os aceites usados son susceptibles de ser transformados en combustibles, unha recollida adecuada para a súa posterior utilización como biocombustible xera ingresos e, consecuentemente, postos de traballo.

Baseándonos no anterior, propoñemos ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Que por parte do Goberno municipal se estude a posibilidade de ampliar os lugares de recollida de aceites usados, instalando en puntos estratéxicos do municipio contedores específicos para este fin chegando a acordos con centros colaboradores.
2. Que por parte do Goberno municipal se analicen as distintas opcións posíbeis para a recollida, con vistas a definir e promover a que mellor se adapte as circunstancias deste concello, tanto desde o punto de vista ambiental como do social e do económico.

2.- Rexistro de entrada do día 2 de decembro de 2015, núm. 277, de urxencia para incluír nos orzamentos do 2016 un programa de emprego local centrado no ámbito xuvenil.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia, para o seu debate en Pleno, relativa á incluír nos Orzamentos de 2016 un programa de emprego local centrado no ámbito xuvenil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos vivimos a dramática situación da precariedade laboral, desemprego e emigración xuvenil da mocidade galega. Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e a Enquisa de Poboación Activa (EPA), actualmente na Galiza o 55,8% das persoas mozas non teñen traballo, case o 60% dos contratos á mocidade son de carácter temporal, con contratos por días e mesmo por horas (no 1º trimestre do 2015 había 3.500 persoas con contrato temporal dun só día, un 133% máis que no 1º trimestre de 2010).

En 2014 emigraron da Galiza 30.154 persoas, 4 de cada 10 tiñan entre 16 e 34 anos. A emigración na Galiza desde 2009 (ano da chegada ao goberno de Núñez Feijóo) suma máis de 147.200 persoas que marcharon, a maioría delas son mozas. Mentres, a

poboación galega traballa máis horas ao mes que a media española, mais os salarios na Galiza caeron en setembro un 2,2%, mentres en España soben.

As mulleres galegas, e en maior medida as mozas, padecen taxas máis elevadas de temporalidade e precariedade, con salarios máis baixos por igual ou máis traballo. Ademais, as sucesivas reformas laborais dos gobernos españois consolidaron o traballo temporal, a esmola por salario e contratos en prácticas até o 30 anos, facendo que a nosa mocidade estea na práctica pagando por poder traballar.

A taxa de desemprego supera o 50% entre os mozos e as mozas, unida aos índices de emigración máis altos que se recordan nas series históricas con destinos como Madrid, Barcelona e Baleares, mais tamén como Alemaña, Brasil, Estados Unidos e Suíza, entre outros, pola falta de posibilidades e de empregabilidade en Santiago de Compostela, en particular, e en Galiza, en xeral.

Ao abeiro destes datos, faise necesario, polo tanto, unha aposta rigorosa para o fomento do emprego digno destinado á mocidade, que posibilite condicións favorábeis para a creación de postos de traballo, co obxectivo de evitar a fuga de persoas novas e posibilitar o regreso da mocidade emigrada nos últimos anos.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago incluírá nos Orzamentos de 2016 a elaboración dun plan municipal para fomentar o emprego digno destinado á mocidade, en coordinación con outras administracións e axentes sociais, co obxectivo de deter a emigración xuvenil e de posibilitar o regreso das persoas mozas que emigraron nos últimos anos.

2.- O Concello de Santiago porá en marcha medidas transversais dirixidas á creación de emprego digno para a mocidade na revisión de taxas e prezos públicos, como o Imposto de Actividades Económicas (IAE) que pode conter medidas de apoio ao emprendemento e á creación de emprego xuvenil.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.-

1.- Rexistro de entrada do día 1 de decembro de 2015, rexistro de entrada núm. 276, sobre o impulso da estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado do Concello de Santiago de Compostela

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente foi publicada no Boletín Oficial do Estado a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (DUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo europeo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

O Concello de Santiago de Compostela, desde o mesmo inicio deste período operativo FEDER, foi interesándose por coñecer as liñas de traballo, as vías de financiamento e os requisitos para participar nos diferentes programas. Deste xeito, suscitouse a estratexia SMARTiago para acceder aos fondos vinculados a I+D+i e á competitividade nas convocatorias xestionadas pola Dirección Xeral de Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade e nas xestionadas pola entidade pública empresarial *Red.es*.

No ámbito das iniciativas Urbana, URBAN e os Proxectos Pilotos Urbanos, os Fondos Estructurais e de Investimento Europeos teñen previsto apoiar o desenvolvemento de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado en cidades e áreas urbanas funcionais. Por esta razón, no mandato anterior, durante o primeiro trimestre de 2015, tramitouse a contratación do “Documento de Estratexia Urbana Integrada Sostible para o Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020” a través dun contrato menor do que resultou adxudicataria a empresa IDOM. Tamén se realizaron as primeiras convocatorias de traballo con todos os responsables dos distintos servizos do Concello para debuxar a dita estratexia.

Desde o Grupo Municipal somos conscientes de que se está continuando co desenvolvemento desta estratexia pero, tendo en conta que nos primeiros días do mes de xaneiro se pecha o prazo establecido, e sendo coñecedores de que nesta primeira convocatoria conta con maior dotación económica e probablemente con menos concorrência, consideramos que non se pode desperdiciar esta ocasión. Por iso, cómpre intensificar os traballos para lograr incluír a proposta de Santiago de Compostela na primeira selección destas estratexias e poder acceder así ás importantes axudas europeas destinadas a este fin, que poden acadar ata os 15 millóns de euros para cidades de máis de 50.000 habitantes, como é caso do noso Concello.

En consecuencia, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

O Pleno Municipal insta ao órgano correspondente do Goberno local a que presente o documento da “*Estratexia Urbana Integrada Sostible para o Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020*” na primeira convocatoria realizada ao abeiro da orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 13 de novembro de 2015 e que utilice todos os medios ao seu alcance para conseguir que unha estratexia potente, que abarque o maior número de obxectivos temáticos, con sinerxías entre eles, que se reforce cos vínculos da estratexia *SMARTi*ago e que se apoie na participación pública.

2.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 279, sobre realización dunha campaña sobre os dereitos humanos, sinaladamente dos dereitos das mulleres, entre persoas refuxiadas.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Concello de Santiago puxo a andar hai dúas semanas unha campaña, a desenvolver nos meses de novembro e decembro, que ten como obxectivo sensibilizar aos residentes en Santiago sobre as persoas refuxiadas e emigrantes, toda vez que a cidade pode ser receptora de persoas vítimas da grave crise humanitaria que se xerou en Europa hai uns meses como consecuencia do conflito en Siria.

Esta campaña, destinada, como apuntamos, aos nosos residentes, tería como finalidade específica, segundo o Goberno local, “previr o discurso do odio” entre compostelás e composteláns, e, en xeral, o coñecemento doutras culturas.

Precisamente, o coñecemento doutras culturas permítenos advertir que os dereitos humanos e particularmente os dereitos das mulleres non contan en moitos lugares co mesmo recoñecemento e garantías cos que contan en Europa. Malia que semella que a muller vivía en Siria unha situación mellor que noutros países da área, e evidente que, por motivos obvios, a percepción dos seus dereitos -particularmente en relación aos homes- non é a mesma que poida ter calquera muller española ou europea. Se en Europa, aínda tendo consagrada legalmente a igualdade legal de dereitos entre xéneros, procuramos concienciar a homes e mulleres sobre este principio fundamental de igualdade e sobre a liberdade e a dignidade das mulleres, esta toma de conciencia resulta máis lóxica e necesaria no caso de colectivos procedentes de áreas na que tal conciencia sobre a muller como suxeito de dereitos é mais feble.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Pleno insta ao Goberno municipal a que, no caso de que se produza a chegada de refuxiados procedentes de Siria ou de países onde os dereitos humanos, particularmente das mulleres, estean cuestionados, se desenvolva unha campaña entre as persoas que poidan ser acollidas, a fin de que estas tomen conciencia sobre os dereitos humanos e, sinaladamente, sobre os dereitos da muller e sobre as posibilidades en España de ver garantidos os mesmos.

3.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 280, sobre representación proporcional nos entes instrumentais do concello.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

No mes de xuño e xullo deste ano, no marco das conversas e negociacións para concordar a organización municipal, acordouse que os entes instrumentais, como o Auditorio de Galicia, Incolsa e Tussa, reflectisen, en termos proporcionais, a composición do Pleno.

Así se lembraba, por exemplo, na exposición de motivos da emenda que o 10 de xullo presentou o Grupo Popular para adaptar o máis posible a composición do Consello Reitor do Auditorio a esa idea de proporcionalidade, emenda que foi aceptada por todos os grupos sen que nada se obxectase sobre o principio de proporcionalidade que motivaba a mesma.

Desde a integridade non se pode cuestionar o acordo acadado hai meses en Xunta de Portavoces para trasladar aos entes instrumentais o valor da pluralidade do Pleno, un acordo que pasaba, en primeiro lugar, por non sobredimensionar os entes instrumentais con integrantes da candidatura de Compostela Aberta e, en segundo lugar, por que o alcalde non abusase dun posible voto de calidade (pois, a diferenza do que acontece no Pleno, nos entes instrumentais de seis membros -nos que a distribución sexa 2 CA, 2 PP, 1 PSOE e 1 BNG- as posibles posicións compartidas de CA e BNG poden igualar unha inhabitual pero posible posición conxunta de PP e PSOE, igualación que non se daría no Pleno).

O acordado traslado do valor da pluralidade do Pleno a estes tres entes instrumentais resultaba aproximado -e xa con vantaxe para Compostela Aberta (pois podería contar co voto do presidente en caso de empate)- e supuña que nos casos de Tussa e Incolsa os representantes serían, respectivamente para CA, PP, PSOE e BNG, 2-2-1-1, renunciando o alcalde á súa propia presenza a fin de non alterar a proporcionalidade.

No caso do Auditorio, e dado que só pode haber cinco concelleiros de designación pola Xunta de Goberno, os representantes serían, respectivamente para CA,PP,PSOE e BNG, 1-2-1-1, sumando, neste caso si, Compostela Aberta a presenza propia do Alcalde.

Malia o falado e acordado na Xunta de Portavoces, produciuse un dobre incumprimento:

Por unha banda, na Xunta de Goberno do 7 de setembro, e a respecto do Consello do Auditorio, acordouse nomear a dous representantes de CA, cando a emenda aprobada no Pleno contemplaba só un, a fin de garantir una proporcionalidade aproximada á do Pleno, proporcionalidade que no caso do Auditorio si que necesitaría a presenza engadida do alcalde. O referido acordo de Xunta de Goberno debe responder a un erro, pois os dous representantes de CA, sumados aos dous do PP, e ao do PSOE e BNG suman seis, un máis dos posibles conforme aos Estatutos do Auditorio, e un máis dos necesarios (no caso de CA) se o Alcalde mantén a súa presenza como presidente do organismo,

Por outra banda, o segundo incumprimento prodúcese no caso de Tussa e Incolsa, onde, -e toda vez que o acordado era unha representación de 2 CA, 2 PP, 1 PSOE e 1 BNG- si que resulta necesario, a fin de garantir unha proporcionalidade aproximada á do Pleno, que o alcalde delegue a presidencia nun dos concelleiros de Compostela Aberta designados pola Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Pleno municipal insta ao Alcalde a corrixir a composición dos Consellos do Auditorio, Tussa e Incolsa a fin de garantir o acordado nas Xuntas de Portavoces do mes de xuño e xullo e á fin de aproximar a súa composición o máis posible ao valor da pluralidade do Pleno Municipal, garantindo en todo caso a presenza de todos os grupos.

4.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 281, sobre realización dunha campaña para erradicar os vertidos incontrolados no termo municipal.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A proliferación de vertidos incontrolados constitúe un grave problema ambiental contra o que é preciso loitar desde diversas fronteiras para evitar as consecuencias que poden

xerar na contaminación dos solos, das augas superficiais e acuíferos subterráneos, na contaminación atmosférica, nos impactos visuais e na alteración da paisaxe, nos riscos de incendio e para a saúde pública.

No caso do Concello de Santiago, esta práctica debe encadrarse nunha falta de civismo e de concienciación ambiental se temos en conta que existe un completo sistema de xestión de residuos que permite un correcto tratamento, unha cómoda recollida e con carácter xeral a gratuidade de servizo. Un sistema de inclúe unha amplísima rede de recollida domiciliaria dos residuos domésticos que se dirixen á planta de transferencia da Sionlla e desde alí ao complexo ambiental de Galicia en Cerceda, e dous puntos limpos habilitados no polígono do Tambre e no contorno do antigo vertedoiro municipal de Piñor, clausurado e selado cara ao ano 2005, despois da súa utilización durante unha década.

Afortunadamente, semella que o número de vertidos incontrolados foi decrecendo co paso dos anos neste Concello. Hai uns dez anos tiñanse contabilizado máis de 30 puntos de vertido incontrolado, que pasaron a ser 13 no ano 2012 e nunha campaña realizada a finais do pasado ano localizáronse sete puntos en diferentes lugares onde se ten actuado, conseguindo así rehabilitar os terreos afectados.

Desde o Grupo Municipal Popular somos conscientes de que non é doado eliminar totalmente este tipo de prácticas, en parte debido á propia dificultade para a súa detección ao tratarse, na maioría dos casos, de lugares afastados e de difícil acceso, e, en parte tamén, dada a complexidade de aplicar eficaces medidas coercitivas, pola imposibilidade que existe ás veces para atribuír a autoría do delito ambiental.

En todo caso, nun recente percorrido por distintos lugares do termo municipal sen ánimo exhaustivo puidemos comprobar a existencia de varios vertidos incontrolados, uns en lugares con antecedentes e outros en lugares dos que non había constancia, que aconsellan a adopción de medidas para a limpeza e recuperación deses espazos e, se fose o caso, a reclamación das responsabilidades que se puidesen atribuír.

En concreto, nos últimos días temos comprobado a existencia de vertidos de moi diferente natureza, destacando os procedentes de restos de obra e de materiais doméstico de gran volume, na Peregrina (á beira estrada que comunica con Marzo de Arriba), no Son de Arriba (pista de acceso ao depósito de auga do polígono do Tambre), na Granxa de San Lázaro (preto do trazado da AP-9), en Conxo (entullos de obra entre o SC-20 e a vía férrea) ou na estrada vella de Figueiras (depósito de electrodomésticos, preto da subida ao Pedroso). Mención especial merece a pista que discorre pola traseira do mercado de gando de Amio, onde se suceden multitude de vertidos de moi variada natureza, en especial restos de obra, nun punto xa habitual e recorrente que require adoptar medidas especiais.

Ante a constatación da existencia destes vertidos e da necesidade de facerlle fronte canto antes, tendo en conta o “efecto chamada” que estes amoreamentos provocan, desde o Grupo Municipal Popular propoñemos unha serie de medidas tendentes a contribuír á súa erradicación e que concretamos na presentación ante o Pleno do seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao órgano correspondente do Goberno municipal a:

- Iniciar, cos recursos humanos e materiais do propio Concello, unha campaña de detección, eliminación de vertidos incontrolados e, se fose o caso, recuperación dos terreos afectados ao longo do termo municipal.
- Proceder á unha clara sinalización deses lugares coa mención expresa á prohibición do vertido, as súas consecuencias legais, as alternativas gratuítas para o depósito e tratamento, así como a forma de contacto municipal para información e denuncias.
- Manter unha vixilancia periódica frecuente para tratar de descubrir, ou cando menos disuadir, aos infractores da normativa.
- Dirixirse ao Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil para solicitarlle que se incremente aínda máis a colaboración coa Administración municipal nesta materia.
- Poñer en marcha unha campaña de información na páxina web municipal sobre a problemática dos vertidos incontrolados, con especial referencia á concienciación sobre a papel da cidadanía na súa resolución, as medidas de que dispón o Concello e as consecuencias que para o medio e para os autores teñen estes actos incívicos.

5.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 282, sobre as viaxes institucionais dos membros do goberno municipal.

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte Moción:

EXPOSICION DE MOTIVOS

O novo Goberno de Compostela Aberta ten manifestado nestes cinco meses de mandato unha actitude cuestionable e paradoxal respecto aos desprazamentos e aos encontros noutros municipios. Así, ao tempo que os membros do Goberno non comparecen, fóra de Santiago, en reunións institucionais de lexítimo interese directo para a cidade, algúns

deles expresan unha inclinación por viaxes peregrinas ou estrañas de dubidoso fundamento.

A casuística é diversa: nalgúns casos o concello dispón de competencia sobre o asunto da foránea reunión, pero a viaxe faise para se reunir unicamente con representantes municipais dunha mesma tendencia ideolóxica, malia que non haxa a máis básica identidade de elementos urbanos entre as cidades representadas no encontro; noutros casos, xa con máis descaro, as viaxes realízanse para tratar -sempre con representantes municipais dun mesmo perfil ideolóxico- asuntos sobre os que o concello de Santiago non dispón competencia ningunha.

O certo é que a cidadanía pode sospeitar ou concluír que as concelleiras e concelleiros do Goberno de Compostela Aberta se desprazan fóra de Santiago e se reúnen en conciliábulos pensados para satisfacer varios motivos: así, para -nun exercicio de turismo ideolóxico- evadirse das responsabilidades da xestión municipal e atopar solaz en vagas conversas mantidas noutros escenarios urbanos; ou para configurar un discurso electoral estatal con activistas afíns.

Semellantes desprazamentos -que se enmarcan na tendencia, recorrente nestes cinco meses, de confundir Concello e sedicente candidatura de unidade popular- non encaixan nin no mandato outorgado para desenvolver as competencias municipais ni na cobertura lóxica para dispor dos recursos públicos.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

O Pleno Municipal insta ao Goberno Municipal a que:

Primeiro.- Os desprazamentos das concelleiras e concelleiros do Goberno deberá aterse a cuestións nas que o Concello dispoña de competencia na materia e, de non existir tal competencia, o desprazamento requirirá o acordo previo da Xunta de Portavoces.

Segundo.- Cando a causa que motive a viaxe teña encaixe nas competencias municipais, o desprazamento para acudir a reunións fóra de Santiago non virá motivado pola proximidade ideolóxica senón pola similitude das realidades urbanas e sempre en encontros que non resulten vedados a concellos gobernados polas máis diversas opcións políticas.

Terceiro.- Que, en aras da maior transparencia, trimestralmente se dea conta aos grupos municipais dos desprazamentos realizados fóra co concello, do motivo, dos traballos desenvolvidos, da identidade das persoas que viaxan -con especial xustificación no caso de viaxes de dúas ou máis persoas- e dos custos xerados.

6.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 283, sobre a mellora do estadio de San Lázaro e cesión de espazo para instalación da Federación Galega de Fútbol.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **MOCIÓN**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estadio Multiusos de San Lázaro é unha das máis emblemáticas infraestruturas deportivas da nosa cidade. Malia esa consideración, transcorridos 22 anos desde a súa inauguración, as súas instalacións precisan dunha importante posta a punto, unha reforma integral, que lle dea resposta ás necesidades dos clubs que desenvolven alí as súas actividades e que optimice o uso dos locais existentes para todo tipo de actividades ligadas ao deporte, en especial para aqueles deportes minoritarios máis necesitados de axudas e promoción.

Durante o pasado mandato municipal leváronse a cabo varias actuacións para a mellora do céspede, a eficiencia enerxética, o acondicionamento do ximnasio e outras obras menores, pero continúa pendente unha actuación máis en profundidade para unha reforma integral que converta o estadio nun punto neurálxico para deporte no concello, recuperando o valor e o potencial das propias instalacións e do contorno, para devolverlle a esta zona deportiva un esplendor que foi minguando co paso dos anos.

O acondicionamento e homologación da pista de atletismo, que permita a celebración de probas de competicións oficiais, a definición do uso dos espazos dispoñibles para satisfacer as demandas de deportes minoritarios que non conta cos recursos doutros máis populares, ou a regulación da cesión de instalacións a entidades para adecuar os usos aos diferentes clubs, son aspectos nos que se podería incidir para mellorar as prestacións deste espazo multiusos.

Un aspecto primordial dentro desa estratexia de potenciar San Lázaro podería articularse arredor da posibilidade de ofertarlle á Federación Galega de Fútbol un espazo para instalarse, de acordo coa realidade de Santiago de Compostela, tendo en conta a tradicional repercusión social deste deporte no noso concello e na contorna, a condición de capital, a posición xeográfica de centralidade e as oportunidades de comunicación que ofrecen estas instalacións.

Durante a pasada lexislatura a propia entidade deportiva iniciou contactos co Concello con esta finalidade, polo que, á súa vez, desde a Administración local se iniciaron xestións coa Xunta de Galicia dirixidas á cesión do uso do espazo que ten na actualidade a Secretaría Xeral para o Deporte no Estadio de San Lázaro, para que este puidera estar dispoñible para un ofrecemento á Federación.

O ofrecemento da cesión do espazo podería complementarse coa proposta de colaboración por parte da Federación para contribuír á mellora das propias instalacións e, de forma especial, daquelas vinculadas á práctica do fútbol.

Deste xeito, a cidade obtería un dobre beneficio: o derivado do asentamento dunhas novas instalacións da principal institución futbolística de Galicia, co que iso comporta de oportunidades para o tecido económico da cidade e, por outra parte, a posibilidade de implicar á propia Federación na tarefa común de impulsar e potenciar a mellora das instalacións e o carácter de cidade deportiva do Estadio San Lázaro.

En consecuencia, o Grupo Popular presenta ao Pleno Municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:

- Impulsar o plan de mellora integral das instalacións deportivas e dos locais do Estadio San Lázaro, previsto polo Goberno anterior e orzamentado no 2015 no referido á súa primeira fase.
- Completar o máis axiña posible a recuperación para o Concello do espazo que a Secretaría Xeral para o Deporte ten no Estadio de San Lázaro.
- Continuar as negociacións coa Federación Galega de Fútbol para o ofrecemento da cesión en uso de espazo no Estadio de San Lázaro onde albergar as súas instalacións na nosa cidade e, se fose o caso, negociar a contribución desta entidade para mellorar as condicións das instalacións municipais dedicadas á práctica futbolística.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN DA MOCIÓN N° 287 DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA EN APOIO ÁS VÍTIMAS DE TALIDOMIDA NO ESTADO ESPAÑOL (Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2015, núm. 294).

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación, presenta para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte **EMENDA DE SUBSTITUCIÓN DA MOCIÓN N° 287 PRESENTADA POLA GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA**

Propónse substituír o texto resolutivo por un acordo conxunto de adhesión ao acordo aprobado o pasado día 2 de decembro de 2015 polo Pleno do Parlamento de Galicia sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas persoas afectadas pola talidomida. Todo iso, atendendo ás lexítimas reivindicacións que ten formulado este colectivo a través da Asociación AVITE.

ACORDO

O Concello de Santiago acorda adherirse ao texto aprobado polo Pleno do Parlamento de Galicia en sesión do 2 de decembro de 2015, cuxo texto é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Instar o Goberno do Estado a dirixirse á farmacéutica alemá Grünenthal, afincada no Estado español e responsable do masacre, esixíndolle as responsabilidades derivadas da comercialización dese produto e que, sen máis dilación, indemnice as persoas afectadas, independentemente da sentenza.
2. Instar o Goberno do Estado a crear unha unidade médica de diagnóstico das persoas afectadas da talidomida que identifique as vítimas para que, independentemente da indemnización a que poidan ter dereito cada unha das persoas afectadas, lles sexa recoñecido o dereito á concesión de pensións vitalicias ata que falezan, equiparando os seus dereitos e protección social cos das vítimas do resto do mundo.
3. Propor ante o Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores da Unión Europea a harmonización das indemnizacións ás persoas afectadas por parte da empresa Grünenthal de forma que non haxa discriminación na compensación por razóns de nacionalidade.
4. Avaliar a aplicación do RD 1006/2010, do 5 de agosto, polo que se regula o procedemento de concesión de axudas ás persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1960-1965, e incluíndo, de se confirmaren, novos casos de datas posteriores, así como o protocolo que no seu día estableceu o Instituto Carlos III para determinar as persoas vítimas deste fármaco. E, de ser o caso, abordar un xusto recoñecemento e apoio na reclamación de dereitos que lles correspondan.
5. Propor ás comunidades autónomas, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que as persoas afectadas pola talidomida queden exentas do pago farmacéutico como o están actualmente as persoas afectadas pola síndrome tóxica".

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.

1. Rexistro de entrada do día 2 de decembro de 2015, núm. 278, sobre a Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da administración local.

De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local veu a reformar a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, poñendo en xaque a base do municipalismo e do modelo que garantiu a cohesión social do noso país durante os últimos 30 anos.

A reforma suscitada priva ás entidades locais das competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, así como noutras competencias: sanidade, consumo, igualdade, políticas activas de emprego, etc.

A nova Lei consagra unha visión exclusivamente economicista das funcións mesmas do Estado, e en especial das Entidades Locais, ao citar a estabilidade presupostaria como principio rector que debe presidir as actuacións de todas as Administracións públicas no canto de situar a atención os cidadáns/as e a calidade na prestación de servizos no centro da reforma.

Desde o principio, o PSOE opúxose frontalmente a esta reforma porque ataca e dana á raíz mesma do goberno municipal, recorta competencias aos concellos e abre o camiño á desaparición ou á privatización dos servizos sociais que prestan os concellos. O texto é, ademais, un ataque á Carta Europea de Autonomía Local. Tamén se opuxeron o resto dos grupos da oposición e alcaldes de toda España, incluídos moitos do Partido Popular.

Por iso, os Grupos Parlamentarios Socialista, Esquerda Plural, Unión Progreso e Democracia, e Mixto (BNG, CC-NC-PNC e Compromís-Q) presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra esta Lei. O mesmo fixeron algunhas Comunidades Autónomas. Igualmente, máis de 3.000 concellos de toda España, que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás, suscitaron un conflito ante o Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local constitucionalmente garantida. Tanto os recursos presentados como o conflito suscitado foron admitidos a trámite polo Tribunal Constitucional e están pendentes de tramitación e sentenza.

Hoxe de novo, reafirmamos o noso compromiso de derrogar esta lei en canto o PSOE chegue ao Goberno. Un dos principais ataques ao municipalismo da LRSAL é un cambio profundo na organización do sistema público dos Servizos Sociais, que afecta ao reparto e a relevancia da Administración Local no conxunto das actuacións do Estado, desposeyéndola de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade e onde é esencial a proximidade e proximidade para a prestación dos servizos. Calcúlase que cando o 31 de decembro entre en vigor a previsión de cesión das competencias de servizos sociais municipais ás CCAA, máis de 8,5 millóns de cidadáns veranse afectados.

Con iso créase unha situación crítica para a continuidade do sistema público de Servizos Sociais en España que se ha ir construíndo desde os anos 80, sobre a base do marco constitucional, e dos Estatutos de Autonomía.

En desenvolvemento do marco constitucional se ha ir consolidando o actual sistema público de Servizos Sociais, baseado na cooperación entre administracións e que permite a aplicación do Plan Concertado de Servizos Sociais.

Esta reforma creba a estrutura xa consolidada e limita extraordinariamente as funcións de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social dos consistorios á mera “avaliación e información de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social”, desnaturalizando por completo o sistema actual.

Lévase a cabo, ademais, nun momento en que as cifras de pobreza en España son cada día máis dramáticas. Na actualidade, 1 de cada 5 persoas viven no noso país por baixo do limiar de pobreza. 2,8 millóns de nenos, o 33,8 por cento da poboación menor de idade, están en risco de pobreza. A taxa de cobertura por desemprego baixou ata deixar desatendidas á metade das persoas en paro, mentres que ter un traballo, xa non garante saír da pobreza en España.

Nun contexto como o actual, é necesario potenciar os servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, pero paradoxicamente, o Goberno do PP, no seu afán de reducir a mínimos a protección social, consumou o desmantelamento da Rede Pública de Servizos Sociais de proximidade, con recortes presupuestarios (64% no Plan Concertado) que, ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de 10.000 postos de traballo do sector público local.

Tamén se marxina aos cidadáns que viven no medio rural ao eliminar calquera servizo social dos pobos con menos de 20.000 veciños (incluso os servizos sociais de asistencia

inmediata deixan de ser de carácter obrigatorio nos municipios pequenos) en aras dunha pretendida maior rentabilidade, e traspasar ditas competencias directamente ás diputacións provinciais.

En definitiva a LRSAL supoñerá para millóns de persoas perder a atención social que reciben dos seus Concellos, por iso, a Xunta de Goberno da FEMP pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e a posterior derogación da mesma.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago de Compostela somete a votación a seguinte MOCIÓN

ACORDOS

Que o Concello de Santiago de Compostela inste ao Goberno de España a:

1. Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
2. Mentres tanto comprométese a tramitar, de forma inmediata, unha modificación lexislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, e reafirme a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

2.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 284, relativa ao río Sarela.

Exposición de motivos

A auga é un elemento que, ademais de ser esencial para calquera forma de vida, a súa dispoñibilidade en cantidade e calidade adecuada é un requisito imprescindible para a sostenibilidade e calidade de vida das cidades. A pesar do carácter vital deste recurso, a auga está sometida a múltiples presións vencelladas principalmente coas actividades humanas e, o seu uso e posterior verquido, é responsable de significativos impactos nos ecosistemas acuáticos.

Debemos destacar a importancia territorial das ribeiras, que introducen franxas lineais de gran valor ecolóxico, paisaxístico e produtivo. Nos espazos agrícolas, o seu papel paisaxístico e ecolóxico é fundamental, xa que producen unha ruptura visual, tanto de formas como cromática, nun espazo chan e homoxéneo, no que ademais son de gran

importancia como refuxio e corredores para desprazamentos de fauna, nunha contorna periurbana.

A Administración Local debe ter entre as súas prioridades medioambientais, a conservación do seu entorno e o coidado e limpeza dos ríos que nacen e cruzan o seu Concello. En Santiago, o río Sar nace en Meixonfrío e, a día de hoxe, o seu entorno atópase cheo de maleza que os días de abundantes choivas ocasiona o alagamento das parcelas colindantes, tal e como se pode apreciar nas fotografías que se adxuntan con esta moción.

Así mesmo, as sendas que percorren o fermoso paseo fluvial do río Sarela están totalmente descoidadas, precisan dun mantemento e limpeza periódico que leva meses sen realizarse, como se observa nas imaxes que se achegan.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno para a súa aprobación, a adopción dos acordos seguintes:

- 1.- Que o Concello inste a Augas de Galicia para que proceda á limpeza e conservación do nacemento do río Sar, en Meixonfrío, co obxecto de evitar as constantes inundacións que se están a padecer.
- 2.- Que o Concello requira aos propietarios dos solos colindantes co nacemento do río Sar para que procuren manter limpas as súas parcelas.
- 3.- Que o Goberno Municipal e a concellaría de medio ambiente se preocupen do mantemento e limpeza das sendas de toda a contorna do río Sarela.

3.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 285, relativa ao ascensor do Auditorio.

Exposición de motivos

Tendo coñecemento que no día de onte unha persoa con problemas de mobilidade non puido asistir á celebración das xornadas sobre a “Estratexia integrada de desenvolvemento urbano sostible para a área urbana da cidade de Santiago”, celebradas no Auditorio de Galicia, por non funcionar o ascensor.

E sabendo que a persoa con discapacidade demandou unha explicación ao persoal de Auditorio e este lle comunicou que “é moi caro o custe do mantemento do ascensor para o uso que se lle dá”, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte

MOCIÓN DE URXENCIA:

Que o Alcalde e Presidente do Consello de Administración do Auditorio dea as instrucións oportunas a quen corresponda para que, de forma urxente e inmediata, se poña en funcionamento o ascensor do Auditorio de Galicia e non volva a pasar o acontecido no día de onte.

4.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 286, relativa ao Consello de Saúde.

Exposición de motivos

Dado que existe evidencia científica sobre a existencia de desigualdades sociais en saúde, tanto en enfermidade como en mortalidade, que estas son inxustas, evitables, sistemáticas e que son o resultado da desigualdade na distribución dos determinantes sociais de saúde en todos os niveis da escala social en forma de gradiente.

Dado que tanto a Organización Mundial da Saúde, o Ministerio de Sanidade e a Rede Española de Cidades Saudables, entre moitos outros organismos, situaron na súa axenda a redución das desigualdades en saúde.

Tendo en conta que as desigualdades en saúde dependen de factores que se acumulan nas persoas en razón do grupo socioeconómico ao que pertencen e son susceptibles de modificarse con políticas públicas adecuadas.

Sabendo que tamén na cidade estes determinantes concrétanse en factores relacionados coa gobernanza, o contexto físico, o contexto socioeconómico e as contornas e polo tanto requírese un abordaxe de “saúde en todas as políticas” (urbanismo, educación, benestar, vivenda, transporte) e non unicamente desde o ámbito sanitario.

Xa que se demostrou que as intervencións máis efectivas na redución das desigualdades en saúde son aquelas que se dirixen a mellorar a saúde de toda a poboación, con esforzo proporcional á necesidade de cada grupo social, e utilizan a intersectorialidade e a participación da comunidade.

E posto que é un obxectivo deste concello que todos os seus habitantes poidan desenvolver o seu máximo potencial de saúde independentemente da súa posición social ou outras circunstancias debidas á contorna.

É obrigación dos Servizos Públicos de Saúde organizarse do mellor xeito posible coa finalidade de articular a participación da comunidade a través das Corporacións territoriais correspondentes na formulación da política sanitaria e no control do seu execución.

Do mesmo xeito, que cada Área de Saúde deberá contar cun órgano de participación que se corresponde co Consello de Saúde de Área porque así o dispoñen os artigos 5, 57e 58 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeneral de Sanidade, o Consello de Saúde é o órgano colexiado de participación comunitaria para a consulta e o seguimento da xestión.

Son, por tanto, funcións do Consello de Saúde:

- a) Verificar a adecuación das actuacións na Área de Saúde ás normas e directrices da política sanitaria e económica.
- b) Orientar as directrices sanitarias da Área, a cuxo efecto poderán elevar mocións e informes aos órganos de dirección.
- c) Propoñer medidas a desenvolver na Área de Saúde para estudar os problemas sanitarios específicos da mesma, así como as súas prioridades.
- d) Promover a participación comunitaria no seo do Área de Saúde.
- e) Coñecer e informar o anteproxecto do Plan de Saúde do Área e das súas adaptacións anuais.
- f) Coñecer e informar a Memoria anual do Área de Saúde.

Para dar cumprimento ao previsto pola Lei, os Consellos de Saúde do Área poderán crear órganos de participación de carácter sectorial.

Doutra banda, a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, no seu Artigo 13 establece que a cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia terá dereito a participar, nos termos establecidos na presente lei, na xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia, a través dos órganos de participación comunitaria e no seu Artigo 25 indica que os consellos de saúde de área son os órganos colexiados de natureza consultiva a través dos cales se articula a participación comunitaria no terreo das áreas sanitarias.

Así mesmo, o Artigo 80.3 da Lei de saúde de Galicia, dispón que os municipios, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas, terán con relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios as seguintes obrigacións derivadas das súas competencias, na súa letra h) a participación en órganos de dirección e/ou participación das organizacións públicas de saúde na forma que regulamentariamente se determinen.

Tamén o Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no seu Título IV, Capítulo Primeiro, “Órganos complementarios: Composición e atribucións” contéplanse os Consellos sectoriais como órganos complementarios, que desenvolva na Sección 6, artigo 130 polo cl “o Pleno da Corporación poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais, cuxa finalidade será canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións nos asuntos municipais”, e o artigo 131 que se refire a que “a composición, organización e ámbito de actuación dos Consellos Sectoriais serán establecidos no correspondente acordo plenario”.

E por todo o exposto anteriormente, é polo que o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno os seguintes,

ACORDOS

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a constituír e impulsar o funcionamento o Consello de Saúde do Área Sanitaria de Xestión Integrada de Santiago, como espazo de participación cidadá descentralizado en por dunhas políticas sanitarias de calidade en toda a área Sanitaria de Santiago e en particular no municipio de Santiago de Compostela.

2.- Constituír o Consello Sectorial Municipal de Saúde de Santiago de Compostela.

3.- Elaborar e aprobar no Pleno da Corporación un Plan de Saúde Municipal incorporando o criterio de equidade e facendo énfase nas estratexias para reducir as desigualdades en saúde.

EMENDAS DO GRUPO SOCIALISTA.-

1.- Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2015, núm. 292, emenda do grupo municipal Socialista á moción presentada polo BNG relativa á instalación de contenedores de aceite no Concello de Santiago

O Grupo Municipal Socialista non é partidario da colocación de contenedores en superficie na rúa, posto que examinando o que acontece noutras cidades que empregan este sistema e mesmo observando o que acontece en Santiago cos contenedores en superficie do lixo común, estima que as manchas que se producen arredore destes contenedores non serían doadas de eliminar do chan, xa que estamos a falar de aceite.

Si estes contenedores se atoparan en centros colaboradores (socioculturais ou comerciais), o tema da limpeza e hixiene quedaría subsanado.

Deste xeito, o Grupo Municipal Socialista propón a seguinte emenda de adición:

INTRODUCIR nos acordos que se descartan as rúas da cidade para a colocación de contenedores para a reciclaxe de aceite.

2.- Rexistro de entrada do día 7 de decembro de 2015, núm. 293, emenda do grupo municipal Socialista á moción presentada por Compostela Aberta en apoio ás vítimas de talidomida en España.

O Grupo Municipal Socialista propón a seguinte emenda de **adición**:

1. Instar ao Goberno do Estado a dirixirse á farmacéutica alemá Grünenthal, afincada no Estado Español e responsable do masacre, esixíndolle as responsabilidades derivadas da comercialización dese produto e que, sen máis dilación, indemnice ás persoas afectadas, independentemente da sentenza.

2. Instar ao Goberno do Estado a crear unha unidade médica de diagnóstico das persoas afectadas da talidomida que identifique as vítimas para que, independentemente da indemnización a que poidan ter dereito cada unha das persoas afectadas, lles sexa recoñecido o dereito á concesión de pensións vitalicias ata que falezan, equiparando os seus dereitos e protección social cos das vítimas do resto do mundo.

3. Propor ante o Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores da Unión Europea a harmonización das indemnizacións ás persoas afectadas por parte da empresa Grünenthal de forma que non haxa discriminación na compensación por razóns de nacionalidade.

4. Avaliar a aplicación do RD 1006/2010, do 5 de agosto, polo que se regula o procedemento de concesión de axudas ás persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1960-1965 e, incluíndo, de se confirmaren, novos casos de datas posteriores, así como o protocolo que no seu día estableceu o Instituto Carlos III para determinar ás persoas vítimas deste fármaco. E, de ser o caso, abordar un xusto coñecemento e apoio na reclamación de dereitos que lles correspondan.

5. Propor ás comunidades autónomas, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que as persoas afectadas pola talidomida queden exentas do pago farmacéutico como o están actualmente as persoas afectadas pola síndrome tóxica.

6. Facilitar a tramitación, tal e como o contempla o Real Decreto 1851/2009, para o acceso destas persoas á xubilación anticipada polo seu precoz avellentamento, notificando ao INSS e ao resto das administracións que son as persoas afectadas e quen poderían acollerse a este beneficio social.

MOCIÓNS DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA.

1.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 287, de apoio ás vítimas de talidomida no Estado Español.

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

A Talidomida paténtase no Estado español en Marzo de 1954, tratábase dun marabilloso sedante sen efectos secundarios, e ademais paliaba náuseas e vómitos nas embarazadas. Comezaron a nacer un número desproporcionado de nenos e nenas con graves malformacións en brazos e/ou pernas, incluso carecendo de ambas as dúas, e en novembro de 1961 os doutores Widukn Lenz (alemán) e Claus Knapp (español) descubren a relación entre a Talidomida e as malformacións. Entre novembro e maio de 1962 retírase no mundo enteiro, salvo en Estado español, onde continúa vendendo aínda a sabendas das súas consecuencias, ao menos ata 1975. A farmacéutica alemá Grünenthal fixo en Estado español o seu negocio.

A catástrofe da Talidomida serviu para cambiar toda a lexislación en materia de control sanitario de medicamentos, alimentos, bebidas e artigos de consumo humano, polo que podemos dicir que grazas a Talidomida a humanidade pode estar tranquila coas cousas que leva a súa boca, sobre todo os medicamentos. Escaso foi o agradecemento para coas súas vítimas, aquí, absolutamente nulo.

Once foron os anos de loita de AVITE, Asociación de Vítimas de Talidomida de Estado español, en busca da equiparación coas vítimas de Talidomida do resto de Europa, e neste longo camiño só se logrou un Real Decreto(1006/2010) que recoñecía unicamente a 24 persoas, e concedíalles o que o propio texto denomina “Axuda Solidaria”, unha denominación que é totalmente eufemística.

Conseguiuse tamén que a Talidomida sexa incluída no Real Decreto 1851/2009 entre as causas que xustifican unha xubilación anticipada con 56 anos ás persoas que superen o 45% da discapacidade. Paradoxicamente, non hai organismo oficial que recoñeza quen é afectado de Talidomida e quen non, polo que orquestamos un Real Decreto ao que as vítimas de Talidomida non teñen posibilidade de acollerse por carecer de recoñecemento “oficial”.

E como colofón demandamos polo civil ao laboratorio alemán Grünenthal gañando o xuízo completamente en primeira instancia, sendo anulado só por prescrición pola Audiencia Provincial de Madrid, e na actualidade estamos a esperar a resolución do

Tribunal Supremo que deliberará a sentenza o vindeiro 23 de setembro deste ano (sen axudas de ninguén nin subvencións de ningunha empresa nin pública nin privada, só subsistindo coas cotas mensuais dos seus socios).

A breve situación actual e comparativa con respecto ás vítimas doutros países é moi sinxela e resúmese en dous simples puntos:

a) Todas as vítimas dos países europeos percibiron:

1. Unha indemnización
2. Pensións vitalicias para as súas vítimas que lles garanticen unha supervivencia digna, e sobre todo independencia.
3. Unidades médicas especializadas.
4. Unidades psicolóxicas especializadas.
5. Gratuidade en medicamentos, próteses e orto próteses.

b) No Estado español, nada de nada.

As vítimas vivas de Talidomida que quedan en Estado español, a grande maioría, sobrevive das axudas familiares, da caridade, da igrexa, das institucións de axuda social, e incluso exercendo a mendicidade polos chans das rúas das grandes cidades. Fraco favor para aqueles a quen a humanidade debe tanto.

Por todo isto, o grupo de Goberno Municipal de Compostela Aberta, **PROPÓN** ao Pleno para a súa aprobación e acordo oportuno, os seguintes puntos:

1. Declarar o apoio unánime e solidario ao Concello de Santiago de Compostela, para con as Vítimas de Talidomida en Estado español, e en particular á Asociación AVITE, pola súa loita incansable e sen cuartel, en pro e a favor das vítimas deste fármaco no Estado español, pola débeda histórica que existe cos afectados e os seus familiares, dende hai 60 anos.
2. Instar e escribir á farmacéutica alemá Grüntenthal, imperio farmacéutico mundial e afincado en Estado español, responsable da masacre, solicitándolle que sen máis dilación, indemnice aos afectados, á seguinte dirección:

DIRECTOR GENERAL DE GRÜNENTHAL ESTADO ESPAÑOL
C/ Dr. Zamenhof 36
28027 MADRID

3. Que independentemente á indemnización a que poidan ter dereito cada un dos afectados, polo dano que lle produciu a farmacéutica nos seus corpos antes de nacer,

además dos danos novos, continuos e permanentes que seguen aparecendo non seus corpos cada día, despois de 60 anos, instar tamén dende este Concello, ao Presidente do Goberno de Estado español, para que como medida social, o goberno, (a través do organismo que corresponda) filtre quen pode ser afectado ou non, de Talidomida en Estado español, e conceda pensións vitalicias aos afectados, ata que falezan, como están percibindo os afectados do resto do mundo. Escribindo á seguinte dirección:

Sr. Presidente del Gobierno
PALACIO DE LA MONCLOA
Complejo de la Moncloa, Avda. Puerta de Hierro s/n
28071 MADRID

4. Enviar a acta e o acordo adoptado e aprobado por este Concello, respecto a esta Moción de Urgencia, tanto á Asociación AVITE C/Comadrona Carmita 1-2º-H, 30820 ALCANTARILLA (Murcia), como ao laboratorio alemán Grünenthal afincado en Estado español, como multinacional, e tamén ao Goberno de España, representada polo seu Presidente do Goberno.

2.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 288, en solidariedade con todas as vítimas dos atentados de París.

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

Tras as recentes declaracións institucionais promovidas no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e na Deputación Provincial da Coruña, a respecto dos atentados acontecidos nas últimas semanas nas cidades de Beirut, París e Bamako, o Grupo Municipal Compostela Aberta insta ao Pleno a adoptar o seguinte acordo:

O Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu máis fondo rexeitamento ante calquera acto terrorista e inxerencia bélica levado a cabo en calquera lugar do mundo. Son moitas as vidas segadas e as persoas feridas e esta institución quere, antes de máis nada, solidarizarse coas vítimas, as súas familias e a veciñanza das cidades afectadas que, nestes lugares e noutros, sofren as consecuencias de enfrontamentos e guerras que a comunidade internacional non é quen de resolver pacificamente.

Non podemos perder de vista o impacto social que continúa a ter en Europa a crise das persoas refuxiadas que foxen de conflitos bélicos (o palestino ou o de Siria), da inestabilidade de posguerras inacabadas (Afganistán, Iraq, Libia), e dos problemas de pobreza, disparidade económica e de desenvolvemento (África). Por iso este Concello reitera o seu compromiso a prol dos dereitos humanos e da liberdade, nun contexto en

que é imprescindible a cooperación para rematar cos factores orixinais que inciden nestas crises humanitarias e en tanto sufrimento inútil.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela, para alén de expresar a súa solidariedade con todas as vítimas dos atentados de París, insta ás autoridades internacionais e medios de comunicación a expresaren igual tratamento informativo, de comprensión e de solidariedade cara a aquelas vítimas de recentes atentados terroristas acaecidos en países do norte e do sur.

Urxe facer visible o drama humanitario permanente nas fronteiras, particularmente nas europeas, denunciando as gravísimas vulneracións de dereitos humanos coas persoas migrantes, refuxiadas ou non. Hoxe hai no mundo máis de 50 millóns de persoas refuxiadas. Nesta liña, xulgamos necesario que se desenvolva unha campaña masiva de difusión e de información sobre esta trágica realidade, a das persoas refuxiadas e as crises humanitarias, así como pensamos de grande interese abrir un debate plural e obxectivo sobre as raíces da violencia e do terrorismo.

Así, atendendo as recentes peticións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e o acordo adoptado o 27 de novembro na Deputación provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela terá en conta a próxima celebración de días internacionais relativos ás raíces destes problemas, entre os que destacan os seguintes:

- Día internacional de Solidariedade co Pobo Palestino (29 de novembro)
- Día internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Día internacional das Persoas Migrantes (18 de decembro)
- Día internacional da Solidariedade Humana (20 de decembro)
- Día internacional da Nonviolencia e da paz (30 de xaneiro)

Estas serán ocasións importantes para rexeitar calquera acción baseada na vinganza, os comportamentos xenófobos e de odio ao diferente, e para apostar pola paz e a xustiza global.

3.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 289, sobre compromisos da corporación municipal en materia de cambio climático.

Xan Duro Fernández, Concelleira de Medio Ambiente e Convivencia, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte **MOCIÓN**

O Concello de Santiago elaborará e porá en marcha diversas estratexias e programas nesta materia. A Estratexia do Cambio Climático e Mellora da Calidade do Aire e a Estratexia de Adaptación ao Cambio Climático aprobadas en 2009 e 2010 respectivamente, marcaron a folla de ruta a seguir. A sinatura do Pacto dos Alcaldes,

levou aparellada a elaboración da Estratexia para a Xestión Sostible da Enerxía 2010-2020.

Ante a gravidade do momento que vivimos, consideramos fundamental continuar traballando durante á lexislatura nesta dirección, en base ás Estratexias mencionadas, e intensificando os esforzos todo o que sexa posible.

O grupo municipal de Compostela Aberta propón para a súa aprobación polo pleno do Concello de Santiago co fin de reducir as emisións dos gases de efecto invernadoiro que están a xerar o cambio climático, as seguintes liñas de actuación para traballar ao longo da lexislatura:

Revisión e adaptación ao momento actual das Estratexias municipais en materia de Cambio Climático e Xestión Sostible da Enerxía.

1. Redución dos consumos enerxéticos dos edificios e instalacións municipais, mellorando equipamentos e tecnoloxías e incorporando aos traballadores e traballadoras municipais mediante ás súas prácticas cotiás.
2. Incorporar o criterio de enerxía renovable nos pregos de contratación da enerxía eléctrica municipal.
3. Incorporar nos pregos de contratación de comedores colectivos e en todo tipo de actos, a obrigatoriedade do uso de produtos ecolóxicos de proximidade.
 4. Fomentar os modos de transporte non contaminantes nos servizos municipais.
 5. Fomentar a rehabilitación de vivenda con criterios da eficiencia enerxética.
6. Poñer en marcha a Ordenanza de Ecoeficiencia Enerxética e emprego de Enerxías Renovables nos edificios e as súas instalacións.
7. Fomentar a posta en marcha de sistemas de produción de enerxías renovables na cidade e os seus edificios.

Unha cidade que se abastece con produtos ecolóxicos da súa horta,fomentando o consumo local e de proximidade:

1. Fomentar a produción agroecolóxica na horta da cidade.
2. Apoiar a distribución e comercialización destes produtos nos mercados e tendas de barrio.
3. Incorporar un indicador de sostibilidade urbano asociado ao consumo de produtos ecolóxicos da horta de Santiago de Compostela.

Unha cidade que xera menos residuos e fomenta a reutilización e a reciclaxe:

1. Elaboración e posta en marcha dun plan de xestión de residuos consensuado social e politicamente.

2. Priorizar a prevención de xeración de residuos mediante campañas de concienciación social e o fomento dun consumo responsable.
3. Reducir a porcentaxe de residuos que terminan na pranta incineradora de SOGAMA grazas ao incremento dos residuos que se reciclan e a conversión en compost da materia orgánica separada e de orixe.

Unha cidade que aposta pola mobilidade sostible:

1. Apoiar o desenvolvemento do Pacto Local da Mobilidade e as posteriores políticas e actuacións que melloren a mobilidade peonil, a mobilidade ciclista e o servizo de transporte público da cidade, co obxecto de diminuír o tráfico rodado de vehículos a motor na cidade.

Unha cidade que coida e protexe os seus espazos naturais e as súas zonas verdes, fundamentais na absorción de emisións de CO2.

1. Protexer e coidar o noso arbolado, sendo rigurosos no cumprimento da ordenanza de protección do arbolado e mellorando a súa xestión.
2. Potenciar a biodiversidade na cidade, diversificando as especies de árbores que se plantan e naturalizando os parques e espazos naturais.
3. Tratar as árbores como seres vivos fundamentais para a vida da cidade. Non é mobiliario urbano que se poida quitar cando molesta.

A educación e a participación cidadá en materia de cambio climático como eixo transversal de todos os compromisos:

1. Realizar campañas e programas educativos para os diferentes sectores de poboación para sensibilizar e involucrar para a acción.

4.- Rexistro de entrada do día 3 de decembro de 2015, núm. 290, para que a corporación se sume ao manifesto para a promoción da saúde e o dereito a un sistema sanitario público e universal

Concepción Fernández Fernández, Concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, presenta ao Pleno para a súa aprobación a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución da Organización Mundial da Saúde (OMS), no seu congreso de constitución celebrado o 7 de abril de 1948, establece o dereito á saúde como a aspiración de todos os pobos no goce máximo de saúde para toda a cidadanía. A súa definición fai referencia a un estado absoluto de benestar físico, mental e social, sen

distinción de relixións, credos políticos ou clases sociais, e reconece o dereito que todas as persoas teñen a conservar a saúde, e no caso de que enfermen, a posuír os medios para curarse.

Do mesmo xeito o artigo 25 da Declaración Universal de Dereitos Humanos, redactada pola Asemblea Xeral da ONU o 10 de decembro de 1948, reconece o dereito das persoas a un nivel de vida adecuado que lles asegure a saúde e o benestar, e en especial, a alimentación, a vestida, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios; establece, así mesmo, o dereito aos seguros en caso de desemprego, enfermidade, invalidez, viuvez, vellez e outros casos, con perda dos seus medios de subsistencia por circunstancias independentes á propia vontade.

A nivel europeo, o marxe de actuación nesta materia, no artigo 168 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea establécese como principio reitor fundamental que a saúde humana estea ben protexida e sexa tomada en consideración en todas as políticas e actividades da Unión Europea. Principalmente a UE complementa e apoia o labor dos distintos países da UE nas cuestións que máis necesitan da coordinación, cooperación e intercambio de información, coñecementos e boas prácticas.

A nivel do Estado, o artigo 43 da Constitución Española reconece o dereito á protección da saúde e atribúe a competencia aos poderes públicos para organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. A lei establecerá os dereitos e deberes de todos e todas ao respecto.

Neste marco actual, enténdese que dende os Concellos, como administración máis cercana ás persoas, hai oportunidades especiais para poder promocionar a saúde da cidadanía, con estratexias intersectoriais que impulsen unha perspectiva de saúde en todas as políticas públicas ou que aborden o desenvolvemento da saúde comunitaria nos barrios e nos pobos.

Os antecedentes descritos recomendan a redacción da presente moción e a aprobación dos seguinte Acordo por parte do Pleno municipal:

ACORDOS

1. Que o Pleno se amose favorable á subscrición do seguinte **Manifesto para a promoción da saúde e o dereito a un sistema sanitario público e universal:**

A. Para defender a saúde debemos actuar sobre os seus verdadeiros determinantes, mellorando as condicións sociais, económicas, ambientais, políticas e culturais. Debemos apostar pola saúde como eixo transversal da acción municipal, introducindo a avaliación do impacto en saúde das políticas públicas. A redución das desigualdades

sociais en saúde, por razón de xénero, clase social, territorio, orixe, etc., debe ser un compromiso e obxectivo de todo o Goberno.

B. Avogamos pola derogación da recente *Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local* que reduce a saúde municipal á competencia de "protección da salubridade pública". Consideramos que desde os concellos hai oportunidades especiais de promocionar a saúde dos seus habitantes, desde as estratexias intersectoriais (saúde en todas as políticas públicas), até as abordaxes participativas de desenvolvemento da saúde comunitaria nos barrios e pobos.

C. Debemos garantir o Dereito á protección da saúde e a unha atención sanitaria pública, de cobertura universal e sen exclusións, equitativa, gratuíta no punto de asistencia e financiada por impostos progresivos suficientes para cubrir as necesidades da poboación.

D. Debemos rexenerar o carácter público dos servizos públicos de saúde, co criterio de que os servizos asistenciais que se pagan con diñeiro público deben ser de titularidade e xestión pública. Non queremos que o diñeiro público teña como destino as entidades privadas, que fan da saúde un negocio.

E. Debemos asegurar a transparencia, equidade, universalidade e eficiencia, cun código ético común de todos os servizos, con máis autonomía dos territorios, centros e traballadoras da sanidade, e cunha avaliación independente con control democrático.

F. Debemos fomentar a participación real e a democracia en saúde. Para iso, a cidadanía e o persoal dos centros deberán ter un protagonismo nos órganos de goberno do Sistema, territoriais e de centros sanitarios, e hai que fomentar as experiencias que constrúen saúde desde as contornas non exclusivamente sanitarias.

G. Debemos fomentar o uso efectivo e eficiente dos medicamentos, tecnoloxías e ferramentas terapéuticas. Queremos un sistema de saúde no que se regulen e se vixíen os conflitos de intereses e se financien os produtos baixo criterios de evidencia científica. Débese iniciar un proceso de reversión da actual tendencia medicalizadora motivada por unha visión bioloxicista da saúde e pola cultura do consumo, integrando novas perspectivas como a salutoxénese e a visión de activos en saúde.

H. Traballaremos para mellorar o sistema asistencial potenciando unha Atención Primaria forte e estratexias de saúde comunitaria que impliquen a todos os actores construíndo saúde desde o próximo e en colectivo. Facer da Atención Primaria e Comunitaria o instrumento básico para unha atención global e integrada, próxima ás persoas, con dotación orzamentaria suficiente.

I. Traballaremos para garantir os dereitos das persoas na sanidade pública aplicando principios de bioética e criterios de xustiza social. Dereito a respectar a autonomía e a liberdade individual nas decisións sanitarias, así como á xustiza e á non maleficencia. Dereito a non sufrir malos tratos e a que a autoridade sanitaria denuncie ante evidencia dos mesmos. Dereito á interrupción voluntaria do embarazo no sistema público, loita contra a violencia machista. Dereito á atención ao sufrimento e tratamento da dor, ao non encarnizamento terapéutico e a unha morte digna. Dereito á preservación dos datos persoais.

J. Non podemos permitir que as nosas cidades xeren enfermidade: co seu aire contaminado, os seus contratos precarios, o seu gobernanza restrinxida. Traballaremos para cidades que xeren saúde, e que coiden ás persoas que habitan nelas, así como aos bens comúns e os espazos públicos onde se desenvolve a súa vida cotiá. Apostamos pola sustentabilidade da vida e a revalorización dos coidados, introducindo unha perspectiva de xénero na saúde.

Alcalde: En principio figuraban dezaseis mocións, dúas foron reconvertidas en declaracións institucionais, e a moción de Compostela Aberta sobre o cambio climático ímolo retirar para o seguinte pleno.

Co cal quedarían trece mocións, e dúas declaracións institucionais, que entendemos a urxencia para ser debatidas, e non ir unha a unha, por unanimidade.

Alcalde: Bueno pasamos ás mocións, intentamos axustarnos un pouco aos tempos e empezariamos cunha moción do BNG para a instalación de contenedores de aceite no Concello de Santiago.

Secretario: Enténdese en todas a declaración de urxencia por unanimidade dos presentes.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Vou ser moi rápida, do que se trata aquí é de facer unha proposta para estudar a posibilidade de ampliar os lugares de recollida de aceite usado, que sabemos que é un dos elementos que causa máis contaminación nas augas, entón o tema sería buscar que puntos específicos do Concello poderían recoller máis e facer unha campaña grande nese sentido, entendendo que nestes momentos hai ademais cada vez máis persoas sensibilizadas con esta cuestión.

Analizar esas distintas posibilidades introducindo a emenda que aceptamos, presentada polo grupo socialista, que incorporamos ao texto sobre introducir nos acordos que se descartan as rúas da cidade para a colocación de contedores para a reciclaxe do aceite, por non ser ese o lugar idóneo, polos múltiples problemas que poderían xerar ao seu

redor.

Dona Milagros Castro Sánchez: Bueno, dicir que concordamos coa sensibilidade que ten a veciñanza coa reciclaxe e concretamente coa reciclaxe do aceite, de feito xa tivemos algunha consulta por medio de correos electrónicos dalgún veciño a este respecto.

Foi precisamente por iso polo que xa fai máis dun mes, puxémonos en contacto con Urbaser para informarnos do servizo que estaba ofrecer, e díxosenos que había un punto limpo fixo con horarios de luns a venres e sábados, e incluso que hai puntos limpos móbiles con recollida de aceite en horario de 10 a 13 horas. O primeiro sábado están en Fontiñas, o segundo sábado na Praza Roxa, o terceiro sábado na Virxe da Cerca e o cuarto sábado no rural.

Do mesmo xeito, tamén temos constancia de que hai algunhas áreas de supermercados, por exemplo no Alcampo en Fontiñas, que teñen contedores específicos para esta recollida. Polo tanto, nós consideramos que o servizo que se presta a día de hoxe podería cubrir as expectativas dos veciños, aínda que si que estamos de acordo en que se solicite do goberno municipal que se faga unha análise que mellor se adapte ás circunstancias do noso concello.

O que si cremos, é que o verdadeiro problema deste tema é a falta de publicidade necesaria para que os veciños e as veciñas saiban como se pode facer. Nós mesmos non fomos quen de atopar na páxina web a información, que hai un pouco tivemos que resolvelo chamando por teléfono a Urbaser e que nos informasen.

Bueno como xa dixo a compañeira Goretti, nós non eramos partidarios da colocación de contedores na superficie da rúa, porque examinando o que acontece noutras cidades que empregan este mesmo sistema, e mesmo observando o que acontece en Santiago cos contedores en superficie do lixo común, pois estimamos que as manchas que se producen no entorno destes contedores non serían doadas de eliminar do chan, xa que estamos a falar de aceite, e sería complicado.

Nós apoiamos esta moción descartando a colocación de contedores para a reciclaxe de aceite nas rúas. Moitas grazas, nada máis.

Dona Teresa Gutiérrez López: Nós apoiamos totalmente esta moción, pero queremos facer algunhas observacións. A min gustárame confirmar un pouco a información proporcionada por Urbaser. O ano pasado púxose en marcha o punto limpo, é unha prestación que está incluída dentro do contrato de Urbaser, e que non se tiña posto en marcha con anterioridade. Traballamos con eles e obrigámoslles a que o puxeran, pero eu non sei se seguiu funcionando, porque eu non o volví a ver, e de feito busquei na

páxina web. De feito tiñan que publicar por que era rotativo, Praza Roxa, Virxe da Cerca fronte ao mercado, Fontiñas, e unha parroquia do rural, e tiñan que publicar que parroquia porque senón a xente non sabe.

Ademais desa función tiñan outra, que era ir aos colexios que o solicitaran e que puidera entrar o camión, porque ten unha labor educativa, e tampouco vin na páxina web que foran a ningún colexio neste trimestre. Co cal dudo moito un pouco a información proporcionada.

Parécenos que este servizo é de vital importancia, que está contemplado no contrato, porque ademais da labor de recoller aceites fai unha labor educativa, ti vas alí e o operario expílicache onde tes que colocar cada residuo e que tipos de residuos son reciclables e cales non. A labor educativa é importante, porque segundo nos transmite Ecoembes en Santiago facemos bastante mal a separación de residuos, o cal se traduce en custos para o concello porque non nos premian, e máis, nos multan, e ademais tamén son custes medioambientais.

E consideramos que imos ir a peor mentres sigamos perdendo oportunidades das que temos, neste sentido é penoso que o CIAC leve xa case sete meses pechado, sendo un dos lugares onde os escolares e visitantes aprenden a facer unha mellor xestión de residuos.

Neste sentido cremos que se debe reforzar a mellora da recollida de residuos tamén apostando polos proxectos de gamificación, había unha iniciativa no concello de TROPAVERDE, que creo que é boa, e imaxino que non foi suficientemente publicitada.

Por último, como dixo tamén o Partido Socialista, non apostamos pola ubicación dos contedores de aceite na vía pública, ten a parte do que dixo Mila de perigo de suciedade, tamén ten un perigo de vandalismo, é moi fácil queimalos, en cambio si que cremos que se pode traballar coas grandes superficies, cos colexios, con outro tipo de entidades, e incluso premialos e favorecer que o que o leve alí pois teña algún tipo de premio que logo se poida converter en algo aínda que non sexa material. Bueno, unha especie de premio, nese sentido hai que aprender das experiencias boas e malas dos demais, e concretamente as recollidas de residuos de aceite na rúa en Ourense resultou tan mal que tiveron que pechalas. Entón apostamos por este tipo de propostas.

Don Xan Duro Fernández: En principio non temos ningún problema por apoiar esta moción, porque é algo que xa estamos a facer, como ben sabe o BNG, porque se non lembro mal se puxo a iniciativa en marcha cando eles estaban no goberno. Existe un convenio con Compostela-Inserlab, empresa de inserción laboral que fai recollida, coloca depósitos de recollida de aceite en distintos locais de hostalaría e nos centros socioculturais e se encargan da recollida sen custe algún para o concello. Está pendente

de renovar ese convenio que queren ampliar os puntos de recollida máis o apoio do concello na divulgación, en principio está agora en intervención o convenio para ser revisado, e irá adiante.

Ao respecto do que comentaba Teresa sobre a información do web do punto móbil, etc., a web está pendente dunha renovación en profundidade con novos apartados e nova información dispoñible, entre a que estará esta, cando se acometa. Sobre o centro de interpretación ambiental de Compostela, como ben sabedes, porque estabades na mesa de contratación, foi un proceso con bastantes reclamacións, e que se tratou en resolver por ese proceso de reclamacións, acaban de asinar o contrato, e abrírase en breve. E sobre Tropaverde, efectivamente non é un mal proxecto, de feito xa estivemos coa empresa para renovar e seguir o ano que ven, pero lamentablemente a partida a que cargáchedes ao pago deste proxecto, que é o 1% de Urbaser, que ten adicada á dinamización ambiental, pois quedou agotada, e entón non temos partidas para establecer agora ata que veña o próximo orzamento para renovarlles o contrato a Tropaverde, pero está en previsión, e xa temos pactado, incluso presentaron un orzamento e un proxecto máis ambicioso nesta liña de gamificación da educación ambiental.

Insisto, votaremos a favor, porque é algo que estamos a facer e non se entendería doutro xeito.

Secretario: Aceptada pola proponente a emenda, e por unanimidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, aproba a moción do BNG e máis a emenda de engádegas do grupo socialista, acorda:

- 1. Que por parte do Goberno municipal se estude a posibilidade de ampliar os lugares de recollida de aceites usados, instalando en puntos estratéxicos do municipio contedores específicos para este fin chegando a acordos con centros colaboradores.**
- 2. Que por parte do Goberno municipal se analicen as distintas opcións posibles para a recollida, con vistas a definir e promover a que mellor se adapte as circunstancias deste concello, tanto desde o punto de vista ambiental como do social e do económico.**
- 3. Descartar as rúas da cidade para a colocación de contedores para a reciclaxe de aceite.**

Alcalde: Pasariamos á segunda moción do Partido Popular sobre a presentación do documento estratexia urbana integrada e sostible para o programa operativo de

crecemento sostible 2014-2020.

Dona Teresa Gutiérrez López: Recentemente foi publicado no BOE a primeira convocatoria para a selección de estratexias de desenvolvemento urbano sostible e integrado, que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, o que chamamos o POS.

O Concello dende o inicio deste período operativo FEDER, foi interesándose por coñecer as liñas de traballo, as vías de financiamento e os requisitos para participar nos diferentes programas. Así se plantexou a estratexia SMARTiago para acceder aos fondos vinculados a I+D+I e a competitividade nas convocatorias xestionadas pola Dirección Xeral de Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade e nas xestionadas por RED.es do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

No ámbito das iniciativas Urbana, URBAN e os Proxectos Pilotos Urbanos, os fondos estruturais e de investimento europeos teñen previsto apoiar o desenvolvemento de estratexias de desenvolvemento urbano sostible e integrado en cidades e áreas funcionais. Por esta razón no mandato anterior, no primeiro trimestre de 2015, tramitouse a contratación do “Documento de Estratexia Urbana Integrada Sostible para o Programa Operativo de Crecemento Sostible”, a través dun contrato menor do que resultou adxudicatario a empresa IDOM. Así mesmo, realizáronse as primeiras convocatorias de traballo con todos os responsables dos distintos servizos do concello para debuxar a estratexia.

Somos conscientes de que se está a continuar co desenvolvemento desta estratexia, de feito participamos nas mesas de traballo de 2 de decembro, e hoxe mesmo vimos o resultado das mesmas colgadas na páxina web de espazos cidadáns, dereito á vivenda e mobilidade. Pero tendo en conta que nos primeiros días de xaneiro se pecha esta convocatoria e sendo coñecedores de que esta primeira convocatoria conta con maior dotación económica, e probablemente con menos concorrência, instamos ao grupo de goberno a que presente o documento nesta primeira convocatoria, e que utilice todos os medios ao seu alcance para conseguir que a estratexia sexa potente, abarcando o maior número de obxectivos temáticos, con sinerxías entre eles, que se reforcen cos vínculos da estratexia SMARTiago e que apoie a participación.

Aínda que entendemos que non é momento de lamentar, non podemos deixar de dicir que é unha pena que ata hoxe non se colgaran os documentos de traballo, xa que á vista do que hoxe puidemos ver, que non foi moito porque non tivemos moito tempo, algúns teñen carencias que facilmente poderían corrixirse, sobre todo fáltales a incorporación de documentos e traballos que xa existen nesta casa. Se ao longo destes últimos seis meses se tiveran colgado a medida que se elaboraban, tanto os traballadores do concello, como os grupos políticos e sociais, teríamos podido facer aportacións que sen

dúbida enriquecerían a estratexia, pero aínda se poden facer algunhas cousas.

Consideramos, esencial que se analice a lista de comprobación de admisibilidade da estratexia, especialmente preocupánnos os apartados 4 e 5. O apartado 4, fai referencia a que se a estratexia foi aprobada polos órganos competentes da entidade local. E o punto 5 di que se estableceron mecanismos para asegurar que o compromiso da autoridade urbana se materialice a través da gobernanza que asocie a coordinación tanto horizontal entre os sectores da cidade, como vertical co resto de .. da administración pública territorial.

Con respecto ao apartado 4, e tendo en conta que a estratexia debe presentarse o día 13 de xaneiro, e á luz das datas nas que nos atopamos, preguntámonos quen ten previsto aprobar a estratexia, se vai ser a Xunta de Goberno Local ou o pleno, e cando. E, en canto ao apartado 5, nos parece que perderá forza senón se busca a implicación e o encaixe con outros niveis da administración, concretamente a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial e de agrupacións de concellos nas que xa participamos.

Tamén analizamos un pouco os obxectivos temáticos. No punto 2 do ... preocupáanos a pouca relevancia que están a ter os aspectos de innovación actualmente no concello, xa que neste novo programa operativo se vai valorar especialmente isto. Con respecto ao obxectivo 4, economía baixa en carbono, polo que vimos hoxe, que falta incorporar un pouco o que xa está feito, eles valoran especialmente que parta de auditorías, e nós temos un ... de alumeado público, un estudo de eficiencia enerxética e telexestión neste ... que non se nomea na redacción dos documentos, un plan director de eficacia enerxética e sostibilidade, e ... tamén tedes os resultados da auditoría enerxética das edificacións que quedou contratada o 28 de maio, eles fan referencia a que vai existir, pero non fan referencia aos resultados. Bueno, hai máis cousas do obxectivo temático 4. Do obxectivo temático 6, medio ambiente e patrimonio, tamén deberíamos a estas alturas de contar con algún documento de análise do plan especial, que non existe, nin tampouco está na páxina web. Na parte ambiental dos residuos tamén había convenios de ... innovadora que tamén se podían incorporar.

Por último, no obxectivo de inclusión social, fomos pouco ambiciosos. Entendo que tanto nós como a propia participación cidadá, porque non hai unha soa mención nas mesas á vivenda, cando é un dos obxectivos que se valoran, e cando é unha preocupación que temos neste concello e que se manifestou neste pleno. Polo tanto, instamos ao goberno que o presente o mellor posible, e tamén queremos dicir, e dende agora o noso compromiso, que este reto nos parece tan importante para os sete anos seguintes que temos que facer de aquí ao día trece un esforzo, e que podedes contar coa nosa colaboración.

Don Rubén Cela Díaz: Eu simplemente para dicir que imos votar favorablemente esta

moción do grupo municipal do Partido Popular, porque cremos que é acaída e creo que no contexto actual é fundamental para todas as administracións públicas, pero en concreto no ámbito local e especialmente no ámbito de Santiago de Compostela, todo o que teña que ver con buscar novas liñas de financiamento alén das tradicionais.

Eu creo que agora mesmo estamos a vivir o proceso da xustificación dos últimos coletazos dun programa que foi tremendamente ambicioso no seu día, como era o programa Santiago Urbana Norte. Grazas a buscar ese financiamento na Unión Europea se conseguiron facer unha serie de investimentos en Santiago que sería moi difícil de acometer sen ese tipo de fondos, e polo tanto, todo o que sexa buscar e captar novas vías de financiamento para actuacións na cidade, pois para nós debería ser absolutamente prioritario.

Nese sentido, eu entendo, en base á reunión de traballo que houbo a semana pasada, que a intención do goberno é presentala na primeira convocatoria, pero bueno, comparto unha percepción da señora concelleira, a respecto de que a min tamén me pareceu que en diferentes ámbitos por parte da consultora non se teñen en conta traballos previamente realizados no concello, e que en moitos aspectos pouco menos que se parte de cero, cando aquí se facía mención ao tema, por exemplo, do alumeadado público, eficiencia enerxética as auditorías que se fixeron, pero se podería falar doutro tipo de cuestións.

En concreto, alí na propia reunión saía a colocación dous documentos que para min son fundamentais nesa estratexia, como son os dous plans estratéxicos e outro tipo de documentación que eu creo que non se tiña de todo en conta, non.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas e boa tarde novamente. O grupo municipal socialista vai votar tamén a favor desta moción. Nós entendemos, efectivamente, que unha das novidades é claramente que aparece a esixencia dunha estratexia integrada, un plan estratéxico de carácter xeral. Nós ímonos centrar en catro cuestións que nos parecen importantes:

A primeira delas, efectivamente, que quede clara a promoción da estratexia da base de emisión de carbono para zonas urbanas. O fomento da mobilidade urbana sostible. E o impulso da inclusión social.

E por outra banda, o que nos preguntamos é que si o que se decide facelo conxuntamente nunha área urbana conformada por un municipio e outros municipios periféricos, neste caso, quen vai ser órgano de xestión administrativa, se vai ser un órgano supralocal, e neste caso cal sería. O noso voto vai ser favorable, porque entendemos que é acaído aproveitar esta posibilidade.

Don Jorge Duarte Vázquez: A intención deste goberno é presentar a estratexia urbana na convocatoria que remata o 13 de xaneiro de 2016, nos documentos que hai agora e nos que estivo traballando durante este tempo a consultora IDON. Gustaríame engadir que un dos traballos que queda precisamente é o refundido co traballo que se fixo dende a concellaría da promoción económica, do pacto local polo emprego, ese refundido e a introdución de todas as compoñentes de inclusión social e de emprego dentro da estratexia, porque é precisamente outro dos puntos fundamentais. Con respecto ao que se menciona de SMARTiago, entendemos que vai ir incluído. Apoiamos totalmente SMARTiago en todo o que ten que ver coa mellora dos servizos básicos de alumeado público, de emerxencias, de mobilidade, e realmente vai ter toda esa información, vai estar volcada na estratexia de desenvolvemento urbano e sostible.

O que si tivemos moi claro durante este proceso foi que era necesario facelo participativo, e poderíamos dicir, que na enquisa que se colgou para a cidadanía hai 640 contestacións, hai unha participación que realmente nos parece que é de destacar. Creo que o traballo das mesas dos axentes cualificados a semana pasada foi bastante interesante, e é certo que toda a colaboración que se poida prestar dende o resto dos grupos estamos abertos a mellorar e facer o máis amplo posible, e sobre de todo, naqueles puntos que van ser especialmente valorados.

A partir de agora, quédanos o traballo da implementación das medidas, das propostas e dos proxectos que irán nos posis, e ter en conta que xunto co Pacto local polo emprego e SMARTiago fariamos un documento conxunto, no cal poderíamos optar coas mellores condicións posibles para poder obter os fondos.

Neste caso, á pregunta de Paco Reyes de se imos presentala en solitario ou liderando un grupo de concellos, dende o concello xa viña un pouco predeterminado para que fora o propio concello, entendemos que será unha estratexia impulsada polo concello, pero tendo sempre en conta que nos movemos nunha área funcional urbana moito máis ampla, e que analizamos todo o que é a área urbana, pero para desenvolver as accións dende o Concello de Santiago. Polo tanto, o noso voto é favorable, evidentemente.

Dona Teresa Gutiérrez López: Quen ten que aprobalo o pleno ou a xunta de goberno?

Alcalde: Haberá que falalo con secretaría, de todas maneiras como hai que ratificar as ordenanzas antes de finais de ano, se ten que vir a pleno virá a pleno, evidentemente, aínda que o pleno ordinario quede para a terceira semana de xaneiro.

Pasamos a votar.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes aproba a moción do grupo municipal do Partido Popular, e acorda instar ao órgano correspondente do Goberno local a que presente o documento da “Estratexia Urbana Integrada

Sostible para o Programa Operativo de Crecemento Sostible 2014-2020” na primeira convocatoria realizada ao abeiro da orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do 13 de novembro de 2015 e que utilice todos os medios ao seu alcance para conseguir que unha estratexia potente, que abarque o maior número de obxectivos temáticos, con sinerxías entre eles, que se reforce cos vínculos da estratexia SMARTiago e que se apoie na participación pública.

Alcalde: Pasamos á seguinte moción do BNG, relativa a incluír nos orzamentos de 2016 un programa de emprego local centrado no ámbito xuvenil.

Don Rubén Cela Díaz: Pois moi brevemente señor alcalde, agora que se acaba de facer mención, ademais, ao Pacto Local polo Emprego con máis rapidez.

Nós somos plenamente conscientes de que as competencias en materia de políticas pasivas de emprego son exclusivas do Estado, que o fundamental das políticas activas de emprego recaen fundamentalmente na Xunta de Galiza, máis entendemos que o concello pode e debe facer máis e mellor no ámbito laboral, e nomeadamente no que ten que ver co emprego xuvenil.

Entón alén das medidas que se poidan recoller nese Pacto local polo emprego, o que si que queremos é que no orzamento de 2016 haxa un compromiso específico con partida orzamentaria propia para un plan de emprego, e que se poida contemplar unha certa especificidade no ámbito do emprego xuvenil.

A maiores, facemos outra proposta no momento en que aínda non se aprobou a ordenanza do imposto de actividades económicas, ou outro tipo de cuestións que se poidan ter en conta medidas favorecedoras á creación de postos de traballo para xente moza en Santiago. Grazas.

Don Francisco Reyes Santiás: O grupo municipal socialista vai votar a favor desta moción do Bloque Nacionalista Galego, por varios motivos:

O primeiro deles, porque é exactamente unha moción que presentou o Partido Socialista fai dous anos, precisamente, pedindo, un plan de emprego que se centrara no emprego xuvenil, e que no seu momento foi rexeitado pola maioría absoluta do Partido Popular.

Segundo, porque nós entendemos que si que pode haber competencias municipais, a pesares do que vai acontecer a partires deste 31 de decembro, e aplicando o artigo 7.4 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, porque nós entendemos que si se cumpren os requisitos de sostibilidade financeira e estabilidade orzamentaria, se pode desenvolver un plan.

E nós entendemos que este plan, a verdade, é que ten que ir máis aló, ten que ser un pacto local polo emprego que facilite ese plan de emprego, un plan de emprego, ademais, que non somentes debe ir dirixido dunha maneira esencial ao emprego xuvenil, senón tamén aos desempregados de longa duración e tamén ás mulleres. Polo tanto o noso voto vai ser favorable.

Dona M^a Teresa Cancelo Márquez: Ola qué tal, boas tardes. Está claro que a forte crise que estivemos a pasar nos últimos anos provocou un forte incremento no desemprego, tanto en España como en Galicia, sendo especialmente vulnerable o segmento da poboación dos máis xoves.

A situación actual é moi diferente, a economía está a medrar, os indicadores económicos de conxuntura amosan que esta recuperación comeza a estabilizarse, e as melloras económicas adoptadas están a ter os seus froitos.

Así, nos últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, na súa enquisa de poboación activa, estamos a ver unha nova caída interanual do desemprego tanto en España como en Galicia, é máis, esta caída interanual é especialmente forte nos tramos de poboación máis xove. Falamos de -8,2 puntos no tramo 16-19; -5,5 puntos no tramo 20-24; e case 8 puntos no tramo 25-29. Isto está relacionado con este cambio de ciclo económico, pero tamén coas melloras adoptadas dende os distintos gobernos, tanto de España como da Comunidade Autónoma Galega.

De feito, o número de afiliacións á Seguridade Social veu medrando na nosa comunidade dende abril do ano 2014, con crecementos por riba do 1% dende agosto de 2014, e crecementos por riba do 2% de media dende abril de 2015, cando a actividade económica aínda non está a medrar tanto. Moitas disposicións, normativas, leis que se están a ter, como xa digo, o seu froito. En calquera caso, aínda queda moito camiño por andar, hai que seguir mellorando na inserción laboral dos nosos xoves tanto en termos cuantitativos como cualitativos.

Pensamos que dende todas as institucións hai que continuar a traballar para reducir e incluso eliminar o problema do paro, e concretamente do paro xuvenil. Polo que este grupo municipal tamén apoia a proposta efectuada polo Bloque Nacionalista Galego ante este pleno. Moitas grazas.

Dona Marta Lois González: Moi brevemente, en primeiro lugar dicir que o grupo de goberno de Compostela Aberta vos achega a todos os representantes dos grupos da oposición o primeiro documento da estratexia de emprego, plan de emprego Santiago de Compostela a 2015-2020, que somentes está pendente de aprobación da mesa de emprego que terá lugar o vindeiro día 16 de decembro.

Estase falando precisamente deste Foro de emprego, desta nova estratexia, que por suposto, ten como vontade política decidida a búsqueda de consenso de toda as persoas e das entidades implicadas na estrutura socio-económica da cidade para levar a cabo unha serie de estratexias políticas, obxectivos e áreas específicas para mellorar esta situación que consideramos dende o grupo de goberno que é severa e substantiva.

Dito iso, sinalar dúas cousas en positivo, que esta mesa do emprego facía moito tempo que non conseguía sumar consensos, ou digamos incluír ao conxunto do número dos sindicatos maioritarios da cidade, que este documento, esta estratexia é froito dun traballo participativo, dunha nova metodoloxía que implicou a máis de 1000 persoas, que empezou cunhas mesas temáticas e coa realización do foro de emprego, que neste documento aparecen todas esas mesas, todas esas persoas e os agradecementos correspondentes.

Reducir as altas taxas de desemprego xuvenil é por suposto un dos obxectivos prioritarios deste goberno, e por suposto desta estratexia. Pero igualmente esta estratexia de emprego en Santiago de Compostela busca potenciar, tamén, o acceso como non debía ser doutra maneira do emprego das mulleres ao mercado laboral, así como outros colectivos en especial situación de dificultade para a súa inserción laboral, como poden ser as persoas paradas maiores de 45 anos, que se atopan en desemprego de longa duración, persoas con discapacidade, persoas inmigrantes e persoas que se atopan en situación de exclusión social.

Pero falando un pouco do obxectivo desta proposta feita polo BNG, se falamos un pouco dalgunha desas liñas que poden coñecer de inmediato para Santiago, tamén estas estratexias coinciden con facilitar aos mozos e as mozas en situación de desemprego un modelo integral de inserción. A estratexia de emprego de Santiago, polo tanto, contempla a posta en marcha de procesos de inserción continuados, abertos e adaptados ás necesidades e oportunidades do mercado local.

Dito iso, toda estratexia, como dicíamos antes, tamén precisa, por suposto, dunha planificación e dunha obtención de recursos que tamén estamos precisamente agora mesmo pendentes do posible financiamento por parte de fondos europeos, como pode ser o FEDER e o Fondo Social Europeo, e así mesmo, as subvencións pertinentes e axudas do Estado, ou da Xunta de Galicia. Tamén nese sentido, achegamos aos grupos a posibilidade, precisamente, de acompañarnos nese consenso de instar ás diferentes institucións supralocais á colaboración na aposta polas políticas activas de emprego para a cidade.

Respecto ao segundo punto que avanzaba o BNG sobre posibles bonificacións, dende o grupo de goberno entendemos que por outra banda, sen ser o BNG responsable efectivo da redución e da decisión que se adoptou en pleno respecto á redución dos

ingresos, agardamos que poida ser o vindeiro ano unha planificación máis pausada e pensada sobre as posibles bonificacións.

Fixéronse algunhas búsquedas, algunhas achegas onde existen interesantes e posibles bonificacións neste campo, e agardamos de poder presentalas nas vindeiras ordenanzas fiscais para que se fagan efectivas en 2017. Grazas.

Unha cousa que me esquecía, a nosa posición de voto, tendo en conta que asumimos que o noso proxecto, compromiso e vontade política co plan de emprego 2015-2020 contempla esta área que é o emprego xuvenil, ímonos abster.

Alcalde: Grazas Marta. Pasamos a votar.

Ausente no momento da votación a concelleira de Compostela Aberta, María Rozas.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor (9 PP, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións de CA, acorda:

1.- O Concello de Santiago incluírá nos Orzamentos de 2016 a elaboración dun plan municipal para fomentar o emprego digno destinado á mocidade, en coordinación con outras administracións e axentes sociais, co obxectivo de deter a emigración xuvenil e de posibilitar o regreso das persoas mozas que emigraron nos últimos anos.

2.- O Concello de Santiago porá en marcha medidas transversais dirixidas á creación de emprego digno para a mocidade na revisión de taxas e prezos públicos, como o Imposto de Actividades Económicas (IAE) que pode conter medidas de apoio ao emprendemento e á creación de emprego xuvenil.

Alcalde: Pasariamos á moción do Partido Popular sobre a realización dunha campaña sobre os dereitos humanos, sinaladamente os dereitos das mulleres, entre persoas refuxiadas.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Grazas señor alcalde, simplemente se trata de reproducir o propio texto da moción, na que lembrabamos que o Concello de Santiago presentou hai un par de semanas unha campaña, a desenvolver nos meses de novembro e decembro, que tería como obxectivo sensibilizar aos residentes en Santiago sobre as persoas refuxiadas e emigrantes, toda vez que a cidade pode ser receptora de persoas vítimas da grave crise humanitaria que se xerou en Europa hai uns meses como consecuencia do conflito en Siria.

Tal campaña, destinada como apuntamos aos nosos residentes, tería como obxectivo específico, segundo o Goberno local, “previr o discurso do odio” entre compostelás e composteláns, e, en xeral, o coñecemento doutras culturas.

Precisamente, o coñecemento doutras culturas permítenos advertir que os dereitos humanos, e particularmente os dereitos das mulleres, non contan en moitos lugares co mesmo recoñecemento e garantías cos que contan en Europa. Malia que semella que a muller vivía en Siria, antes da guerra, unha situación mellor que noutros países da área, é evidente que por motivos obvios a percepción dos seus dereitos -particularmente en relación aos homes- non é a mesma que poida ter calquera muller española ou europea. Se en Europa, malia a ter consagrado legalmente a igualdade legal de dereitos entre xéneros, procuramos concienciar a homes e mulleres sobre este principio fundamental de igualdade e sobre a liberdade e a dignidade das mulleres, tal toma de conciencia resulta máis lóxica e necesaria no caso de colectivos procedentes de áreas na que tal conciencia sobre a muller como suxeito de dereitos é máis feble.

É por iso que resulta procedente, ao noso xuízo, que no caso de que se produza a chegada de refuxiados procedentes de Siria ou de países nos que os dereitos humanos, e particularmente os dereitos das mulleres estean cuestionados, se desenvolva unha campaña entre as persoas acollidas a fin de que estas tomen conciencia sobre tales dereitos humanos, e sinaladamente, sobre os dereitos da muller e sobre as posibilidades en España de ver garantidos os mesmos. Nada máis, grazas.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Ben, a moción que acaba de expor e de defender o concelleiro do grupo popular destila un e un paternalismo co que discrepamos profundamente, mesmo na súa exposición agora ponse en dúbida todo o que, a pesar de que parece que si que .. en Siria ... pero malia o que semella, mentres que no caso de Europa e de España isto é unha marabilla, non?

É algo ademais que pode culpabilizar ás propias mulleres, fíxense unhas mulleres que chegan aquí xustamente, que nestes momentos o que queren é sobrevivir, e aínda por riba nós imos alí a darlles unhas clases e a dicir que mal e que mal o fan, porque non defenden os seus dereitos.

Eu penso que é un problema grave este intento de situarnos nós por riba a outro nivel distinto, e algo que xa vivimos aquí cando foi a discusión do termo feminicidio, tamén o Partido Popular facía referencia na súa argumentación para non collelo, era o que se utilizaba en México, Latinoamérica nada que ver con nós.

O que pasa que eles en situacións que poden ser en ocasións peores, en ocasións mellores, eles cando menos o que teñen é que recoñecen con ese termo feminicidio que

hai un problema estrutural e que o Estado e as administracións non son capaces de solucionalo.

O problema está, creo eu, en que tiñamos que por o punto de vista noutra cuestión, os dereitos conquistados en todos os lugares, tamén en Siria, nunha época, pois claro, pódense volver atrás por calquera integrismo alí e aquí, a ver se aquí o franquismo non fixo nada e de repente non desapareceron os nosos dereitos a un ritmo terrible. En todo caso, habería que facer unha campaña xeral para toda a poboación, para que saiba que ten que exercer os dereitos todos os días e fundamentalmente, os colectivos máis débiles e por suposto as mulleres, para todo para se empoderaren e para poder facelo.

Dende logo dende esta maneira pensamos que é absolutamente non, e é sobre todo un tanto irónico, cando acabamos xustamente de falar de tantas vítimas, mulleres vítimas da violencia de xénero, vítimas de denuncias, que aquí se fale das posibilidades de en España ver garantidos os dereitos, non só os dereitos a unha vida digna, senón o dereito mesmo á remuneración salarial, a un ensino coeducativo, dereitos a cantidade de cuestións que as mulleres non teñen garantidas. Entón, eu penso que non cabe dende logo para nós, para o grupo do BNG, máis que votar en contra desta proposta.

Don Francisco Reyes Santiás: A nós sorpréndenos a presentación desta moción, por varios motivos: O primeiro porque se centre en Siria, é certo que durante 2014-2015, persoas procedentes de Siria, no número de 200.000 persoas solicitaron poder entrar na Unión Europea, pero non é menos certo, que .. máis de 100.000 persoas, Afganistán máis de 80.000; Serbia perto de 50.000, polo tanto, sorprende que se centre concretamente no tema de Siria, e atendendo ao que é Axencia de Refuxiados das Nacións Unidas, ANUR, eles recoñecen que as persoas, por poñer un exemplo, que temen sufrir mutilación xenital, efectivamente, pódense considerar persoas refuxiadas, pero non é menos certo que tamén falan do mantemento das virtudes das mulleres refuxiadas no sentido da preservación da súa cultura no exilio.

Polo tanto, nós entendemos chamativa nalgún termo a moción, e particularmente, outra razón pola que nos parece chamativa é que o Partido Popular tivera aprobado o Real Decreto Lei 17/2012, de 20 de abril, de Medidas Urxentes para garantir a suposta sostenibilidade do sistema nacional de saúde e mellorar a calidade e seguridade das prestacións, que o fixo foi precisamente dificultar o acceso dos inmigrantes ao sistema sanitario no noso país.

Polo tanto unha serie de contradicións que nós atopamos nesta moción o Partido Socialista vaise abster.

Dona Concepción Fernández Fernández: Bueno señor Brunete, non é o día para que esteamos de acordo. Creo que temos unha idea moi diferente dos dereitos humanos, a

liberdade e a dignidade das persoas. O feito de supoñer que a percepción das mulleres refuxiadas dos seus dereitos, en particular en relación aos homes, non é a mesma que poida ter calquera muller española ou europea, non deixa de reflectir un prexuízo cara as persoas de culturas diferentes á nosa; precisamente algo que nós tratamos de combater a través da campaña de sensibilización que se está a desenvolver no Concello de Santiago de Compostela, xuntos e xuntas facemos Compostela.

Os datos que dispoñemos sobre as desigualdades de xénero en Galicia e en España indícanos que non estamos en disposición de ofrecer moitas leccións sobre esta cuestión, e sobre todo, non estamos en disposición de adoptar unha posición de superioridade moral e cultural en relación a este tema.

Lémbrolle señor Brunete, que no que vai de ano 48 mulleres foron asasinadas en España polas súas parellas, ou exparellas, tamén lle lembro que a taxa de actividade das mulleres en Galicia continua estando 10 puntos por debaixo da dos homes, ou que o 68% das pensións non contributivas son de mulleres. A campaña de sensibilización que facemos dende o Concello de Santiago de Compostela, xuntos facemos Compostela, vai dirixida a toda a poboación.

E ademais de mostrar a realidade que se vive nos países que están sufrindo graves conflitos políticos e armamentísticos que obrigan a miles de persoas a deixar os seus países, ten tamén como obxectivo transmitir a idea de que a convivencia entre diferentes culturas é unha grande oportunidade para todos e para todas, para as persoas que chegan e tamén para as persoas solidarias que son acolledoras.

Tamén, quero recordarlle ao grupo municipal do Partido Popular, que as persoas refuxiadas que cheguen a Compostela, se é que chegan, porque os gobernos conservadores da Unión Europea e de España están a poñer todas as dificultades, e todos os muros posibles para que isto non chegue a suceder, terán os mesmos dereitos que os galegos e galegas, serán cidadáns de pleno dereito, e polo tanto, terán acceso a todos servizos, recursos e dereitos municipais.

Entre estes recursos como sabe vostede, está o Centro de Información e Recursos para Mulleres, no cal, entre outras cuestións e temas, ofrécese información específica ás mulleres sobre os seus dereitos.

Dito isto, tamén aclararlle que o compromiso de Compostela Aberta coa defensa dos dereitos humanos é total, que non fai distinción pola orixe, pola crenzas relixiosas, ou pola cultura e situación socioeconómica das persoas.

O próximo xoves día 10, convidámolo a vostede e a todos e a todas as/os concelleiras e concelleiros desta corporación a que participen na lectura pública da Declaración

Universal dos Dereitos Humanos.

Por todo o antedito, o grupo de Compostela Aberta votará en contra desta moción.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Brevemente, e simplemente indicar que con esta moción o que estamos a facer é dar cumprimento á Lei Orgánica do ano 2000, a Lei Orgánica sobre os dereitos e as liberdades dos estranxeiros en España que di textualmente: “que as administracións públicas incorporarán o obxectivo da integración entre inmigrantes”, bueno precisamente, toda a cultura en valores, e di: “especialmente procurarán mediante accións formativas o coñecemento e o respecto dos valores constitucionais e estatutarios, así como os dereitos humanos, as liberdades públicas, a tolerancia e a igualdade” .

O segundo que quero dicir, é que resulta certamente chamativo que se pretenda deixar a un colectivo exento ou fóra das campañas de concienciación que se nos dirixen aos demais e que están ben dirixidas, pero realmente vostedes e nós tamén, diriximos campañas de concienciación á sociedade europea, que é unha sociedade que no tocante á igualdade entre xéneros, e o respecto a dignidade e a liberdade da muller, coñece cando menos a teoría, e a ten clara. Despois evidentemente se producen desviacións criminais dese coñecemento.

Resulta certamente curioso que a cidade europea que teoricamente ten claros os valores da igualdade, da dignidade, de liberdade se lles dirixa a campaña, e non se lles dirixa esa campaña a unha poboación que é unha poboación que non ten tan clara, por unha cuestión das propias convicións íntimas e do fenómeno relixioso, que ao mellor non ten tan clara a condición da muller como suxeito de dereitos.

Efectivamente, e en todo caso, non podemos estar de acordo, porque vostedes defenden o relativismo cultural, e nós defendemos o universalismo cultural. Para nós os dereitos humanos non teñen límites, son universais. Grazas.

Alcalde: Alguén quere engadir algo?, pasaríamos á votación señor secretario.

Secretario: Votos a favor da moción do Partido Popular rexistro de entrada 279, sobre realización dunha campaña sobre os dereitos humanos, sinaladamente dos dereitos das mulleres, entre persoas refuxiadas, 9 do grupo popular, votos en contra 11 (2 BNG e 9 CA), e 4 abstencións do grupo PSdeG-PSOE.

A moción queda rexeitada.

Alcalde: Pasaríamos agora a tratar a moción 5, esta do PSdeG-PSOE, en relación á

derrogación da lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en relación cos servizos sociais, Mila.

Dona Milagros Castro Sánchez: Dicir que o próximo 31 de decembro entra en vigor a Lei 27/2013, de 27 de decembro da reforma local do Partido Popular, Lei de racionalización e sostenibilidade da administración local. Esta lei significa substraer a práctica totalidade das competencias en servizos sociais básicos ata agora en mans dos concellos, baixo o eufemismo competencias impropias, impropias da xestión local. Significa poñer en xaque a base do municipalismo e do modelo que garantiu a cohesión social do noso país as últimas tres décadas.

Esta lei declara que os servizos sociais en materia de prestación, de promoción e de reinserción son competencia impropia dos concellos, precisamente agora, e volvemos ao mesmo, agora que se incrementou a poboación vulnerable, a desigualdade, o risco de pobreza e de exclusión social.

Agora cando son maiores as necesidades e polo tanto hai unha maior demanda destes servizos. Dende o inicio, o Partido Socialista opúxose frontalmente a esta lei en todas as súas fases, tanto na fase de tramitación, como na de aprobación, e púxose con todo tipo de iniciativas, incluíndo un recurso diante do Tribunal Constitucional en defensa da autonomía local promovido por máis de tres mil concellos que representan a máis de 16 millóns de cidadáns e cidadás. Un recurso avalado polo resto dos grupos da oposición, incluídos moitos alcaldes do Partido Popular, este recurso foi admitido a trámite polo Tribunal Constitucional e está pendente de tramitación e sentenza.

Hoxe de novo, o Partido Socialista quere comprometerse a derrogar esta lei cando chegue ao goberno, unha lei que ataca o municipalismo, producindo un cambio profundo na organización do sistema público dos servizos sociais, desposendo á administración local de todas as súas facultades de acción neste ámbito, un dos máis importantes para construír unha comunidade onde a proximidade é esencial.

Calcúlase que cando chegue o 31 de decembro e entre en vigor esta lei, e se faga a cesión das competencias de servizos sociais ás comunidades autónomas, máis de oito millóns e medio de cidadáns veranse afectados. Nun contexto como o actual, onde as cifras da pobreza en España son cada día máis dramáticas, a proximidade á cidadanía revélase como unha condición clave para personalizar a atención. É necesario potenciar aos servizos aos que a cidadanía recorre en primeiro lugar para obter información e atención social e laboral, e xa en máis dunha ocasión dixeran que a primeira porta a onde chaman estes cidadáns son ás portas dos concellos.

Pero, paradoxicamente, o goberno do Partido Popular, no seu afán de reducir á mínima a protección social, consumou o desmantelamento da rede pública de servizos sociais de

proximidade con recortes orzamentarios, que ademais de deixar sen protección a miles de cidadáns en plena crise, supuxo a destrución de máis de dez mil postos de traballo do sector público local.

Tamén se marxina aos cidadáns do medio rural, elimínase calquera servizo social dos pobos que teñan menos de vinte mil veciños, en aras dunha pretendida maior rendabilidade, e traspasar ditas competencias directamente ás Deputacións Provinciais.

En resumo, esta lei suporá para millóns de persoas perder a atención social que reciben nos seus concellos, por iso a Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios e Provincias pediu unha moratoria da súa entrada en vigor e posterior derogación.

Por todo isto, o grupo municipal socialista deste concello, solicita que o Concello de Santiago de Compostela inste ao goberno de España a:

1. Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
2. Mentres tanto comprométese a tramitar, de forma inmediata, unha modificación legislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, e reafirme a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida esta como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

Moitas grazas.

Don Manuel Martínez Varela: Boas noites alcalde, concelleiros e concelleiras. Esta moción presentada polo grupo socialista ten dúas peticións moi claras. Como espuxo a compañeira, por unha banda, pide a derogación total da Lei de Racionalización, a lei 27/2013. E por outra banda, sinala que se tramite de forma inmediata unha modificación legislativa.

No tocante ao primeiro punto, se lemos a moción non observamos ningún argumento de peso en contra da devandita norma, si que se fai referencia, dende un punto de vista crítico, ao que é principio de estabilidade orzamentaria, como principio reitor que debe presidir as actuacións de todas as administracións públicas.

Neste punto si que temos que lembrar que o principio de estabilidade orzamentaria foi introducido no artigo 135 da Constitución Española, e tras unha modificación constitucional presentada polo Partido Socialista que contou co apoio do Partido

Popular. Hai ademais que sinalar que a Lei 27/2013, é moito máis que unha modificación no ámbito local en materia de servizos sociais, dunha lectura da mesma, podemos ver cales son as novidades introducidas.

Por unha banda, poténciase o papel das Deputacións, nun intre no que se pon en dúbida a súa necesidade. Hai que ter en conta que todos os que traballamos no ámbito da administración local e precisamos a labor coordinadora e subsidiaria prestada polas deputacións, como por exemplo no ámbito recadatorio, ou agora actualmente con materiais de sede electrónica. Recolle tamén a posibilidade de fusión de municipios a través de incentivos económicos, pero sempre dentro do marco da voluntariedade dos concellos.

Pon tamén orde no que era a chamada administración institucional, por primeira vez na nosa historia o que se chamaban os chiringuitos administrativos, e no senso marcado polos acordos levados a cabo entre o goberno do Estado e as entidades locais de 7 de abril de 2010, e 25 de xaneiro de 2012.

Hai que ter en conta que no ámbito da administración local existían un montón de chiringuitos administrativos, como algúns pola nosa profesión tivemos que padecer, que única e exclusivamente se reunían para aprobar contas e que tiñan obxectivos tan variopintos como aprobar plans xerais conxuntos, cando resulta que un plan xeral afecta única e exclusivamente a un concello, ou para prestar servizos de ambulancia que nunca foron prestados e que só gastaban os cartos en materia de persoal.

Esta lei tamén trata de mellorar a transparencia mediante a obriga de determinado custe efectivo dos servizos públicos, os cidadáns teñen dereito a saber canto costa cada servizo e comparar entre concellos, para comprobar se os seus xestores son bos ou non.

Esta lei recolle tamén o mecanismo de garantía de pago no caso das competencias delegadas e demais situacións polo que o Estado retén transferencias das Comunidades Autónomas para aqueles casos en que as Comunidades Autónomas non paguen a un concello, como nos ten ocorrido a algún de nós nalgúns ocasións, e o único que nos quedaba era armarnos de paciencia. Regula, tamén por primeira vez, o réxime retributivo dos cargos públicos, establecendo límites, así como tamén límites para o número máximo de persoal eventual.

Impide que o persoal de alta dirección ou con contratos mercantís poida acceder ao emprego público pola porta de atrás, mediante a repetición de contratos. Recolle, tamén, por primeira vez, o que debe entenderse por dereitos de imposible ou difícil recadación, para evitar que os concellos falseen as súas contas, recollendo de ingresos que estaban xa totalmente prescritos. Recolle, tamén, o réxime de autorización previa das licenzas derivada dunha directiva comunitaria. E fai tamén un axuste do sistema de distribución

de competencias.

En todo isto non vemos nada malo, senón todo o contrario. Na moción maniféstase, tamén, que atenta contra a Carta Europea de Autonomía Local. Neste punto si que hai que ter en conta que o Consello de Estado, que é o máximo órgano consultivo en materia xurídica, nos seus ditames 567/2013 e 338/2014, manifestou todo o contrario, e que a propia Carta Europea da Autonomía Local recolle que o principio de autonomía local non é un principio absoluto, senón que debe ser marcado pola lexislación estatal.

E se nos centramos no segundo aspecto, no relativo aos servizos sociais, fálase como se os concellos non tiveran competencias, cando si que se atribúen no artigo 25.2 a avaliación e información de situacións de necesidade social, e atención inmediata a persoas en situación de risco ou de exclusión social, isto quere dicir que os concellos poden prestar con este amparo, entre outras, axudas de emerxencia, comedores sociais, albergues para indixentes, primeira acollida a indocumentados e transeúntes, programas de aloxamento provisionais, detección e atención urxente a situacións de risco de menores, persoas maiores, etc., outros servizos de atención a urxencias sociais que se desenvolvan en centros municipais, e é máis, os concellos poden incrementar esta competencia, porque así o marca a lei, e establece dous mecanismos:

Por unha banda, a través da delegación ou convenio, como sería por exemplo o caso de axuda a domicilio que hai que lembrar que actualmente prestan os concellos pero que é unha competencia atribuída ás comunidades autónomas, e no caso de Galicia, ven recollida no estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 27.23, e sen financiación, que é o que pasaba ata o de agora, a partir desta norma, no momento en que unha comunidade autónoma transfira unha competencia ou lle encargue a un concello que leve a cabo a prestación dun servizo, debe darlle o 100% da financiación, non como ata o de agora, que che daban un 30% e xa te apañarías. E tamén poden incrementarse a través do exercicio polo propio concello de modo voluntario, pero sempre que teña recursos para eles, é como manifesta a Carta Europea de Autonomía Local no seu artigo 9.2.

Si que coincidimos no tema da moción presentada, con que a maior garantía para os servizos sociais é a proximidade, e esta só a poden ofrecer os concellos, e iso, si que se pon de manifesto coa labor que se desenrolou polos servizos sociais de todos os concellos de España ao longo destes últimos anos. Hai que ter en conta que esta ademais é unha lei que precisa dun desenrolo, porque senón será imposible de levar a cabo na práctica. Por unha banda un novo sistema de financiamento autonómico e local, que aquí si que fago especial fincapé, porque teño que aplicalo pola miña profesión, que dote ademais de verdadeira autonomía ás entidades locais, non como ata agora, que somos entes totalmente dependentes.

E por outra banda o desenrolo levado a cabo pola lei 5/2014 do Parlamento de Galicia,

e lembro que esa lei, na disposición adicional cuarta, xa sinala con respecto ao tema dos servizos sociais que continuarán sendo prestados polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica, e en particular, o establecemento dun novo sistema de financiamento, das facendas locais. É dicir, que chege o 31 de decembro de 2015 non quere dicir que os concellos non sigan prestando os servizos sociais como ata o de agora.

Esta moción presentada versa sobre unha lei a 27 de decembro de 2013, que como todas as leis, é mellorable, e cando se leve a cabo a aplicación, ou se intente levar a cabo a aplicación, póñense de manifesto determinados defectos ou fallos, chámesele como se queira, pero é unha lei necesaria e pensada para prestar mellores servizos, e dun modo eficaz, aos cidadáns, e non entendemos que a mesma se traia a trece días dunhas eleccións xerais, totalmente abertas, cun goberno en funcións, que non poderá levar a cabo ningún tipo de actuación, polo que manifestamos o sentido do noso voto en contra. Moitas grazas.

Dona Concepción Fernández Fernández: Bueno, escoito sorprendida señor Martínez que nos moitos anos que o Partido Popular gobernou concellos, deputacións, e Comunidades Autónomas fixeron unha chea de que agora queren corrixir polo alto, cunha lei centralizadora, e economicista.

Dito isto, teño que dicir, que o grupo municipal de Compostela Aberta, votará a favor desta moción do Partido Socialista, por considerar que efectivamente, a Lei de racionalización e sostenibilidade da administración local supón un ataque frontal ao municipalismo, que afecta de forma directa aos servizos públicos que se ofrecen á cidadanía.

En liñas xerais estamos de acordo cos argumentos esgrimidos polo grupo municipal socialista na exposición de motivos desta moción e cos acordos que se propoñen.

Particularmente concordamos en que as administracións locais, por ser as máis próximas á cidadanía deben contar cun marco lexislativo estable que se rexa polos principios de igualdade de oportunidades no acceso aos dereitos sociais e de saúde, e que preserve as competencias en materia de promoción e protección social en áreas tan sensibles como os servizos sociais, promoción de saúde e emprego, entre as máis substantivas.

Tamén, porque, a xestión máis próxima eficaz e sostible faise dende as administracións máis próximas á cidadanía.

Alcalde: Gracias Concha. Alguén quere facer segunda quenda?

Dona Milagros Castro Sánchez: Só un momentíño, primeiro para agradecer aos grupos que prestan o seu apoio a esta moción, e para dicirlle ao compañeiro Manuel só unha cousa, que algo que terá a lei, cando hai alcaldes do Partido Popular que si apoiaron o recurso que se presentou ante o Tribunal Constitucional.

Gracias.

Alcalde: Pasamos á votación señor secretario.

Secretario: Votos a favor da moción do grupo socialista, rexistro de entrada 278 en relación a derogación 27/2013, 15 (4 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 9 CA), e 9 votos en contra do grupo popular.

Polo que o Pleno da Corporación acorda, que o Concello de Santiago de Compostela inste ao goberno de España a:

1. Derrogar a lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

2. Mentres tanto comprométese a tramitar, de forma inmediata, unha modificación lexislativa que devolva urxentemente ás Entidades Locais as competencias en materia de prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, e reafirme a autonomía municipal constitucionalmente garantida, entendida esta, como a capacidade de decisión en todos os ámbitos da vida cidadá, sen prexuízo da necesaria coordinación de competencias entre administracións, baixo os principios de calidade do servizo, proximidade e subsidiariedade.

Alcalde: Moción do Partido Popular sobre a representación proporcional nos entes instrumentais do concello.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Moitas grazas.

Refríome nesta moción e teño que, pois facer unha referencia no tempo ás reunións da xunta de portavoces do 22 de xuño, 25 de xuño, 29 de xuño, cando falamos dos diferentes ámbitos de organización neste concello, non somentes en relación co persoal eventual, coas diferentes asignacións para os grupos, senón tamén en relación coa representación nos órganos colexiados e nos entes dependentes do Concello.

En concreto na xuntanza do 29 de xuño o PP, o Partido Popular ao que represento, solicitou incrementar a presenza do Partido Popular no Consello de Administración de Incolsa e de Tussa de un a dous representantes e tamén deixou claro que nos entendiamos que o Alcalde debería delegar ou renunciar a súa presenza para trasladar

aos entes tanto a Incolsa e Tussa, incluso, Auditorio de Galicia, a representación máis próxima á realidade deste pleno.

Nós entendemos que non se está a respectar ese acordo, e cremos que ese acordo foi claro naquel momento, de feito, houbo máis xuntanzas, lembro a de 1 de xullo, o pleno do día 6 de xullo, e logo despois, o pleno do día 13 de xullo, cun acordo, é certo que no texto do acordo non aparece de forma clara esa cuestión, pero creo que ninguén dúbida que esa era a filosofía das conversas que mantivemos ao longo deses meses.

Non se pode dicir, é certo, que estea recollido en ningún texto, pero criamos que tiñamos ese acordo asumido por todas as partes.

Nese sentido, gustárame facer unha referencia aos casos concretos que están recollidos na nosa moción.

Como dixer, o que nós tentabamos trasladar a eses consellos de administración tanto de Incolsa como de Tussa era a representación que temos no pleno do concello, e que esa representación fose idéntica se cabe nos entes instrumentais, a representación do propio pleno.

No caso de Tussa e Incolsa, os representantes deberían ser dous representantes para CA, dous para o Partido Popular, un para o Partido Socialista e un para o BNG, renunciando o alcalde a súa propia presenza a fin de non alterar a proporcionalidade. No caso do Auditorio, e dado que só poden estar cinco concelleiros de designación pola Xunta de Goberno, os representantes deberían de ser respectivamente 1 para CA, dous para o Partido Popular, 1 para o Partido Socialista e 1 para o BNG. Sorpréndenos que se estea a incumprir este acordo.

Por unha banda é curioso, si teño os datos correctos que na Xunta de Goberno do 7 de setembro acordou nomear dous representantes de CA, cando nós cremos que só tiña que ser un representante, tendo en conta que está o alcalde e ademais incumpriríamos o número de membros dese consello do Auditorio, posto non deben ser sete, senón seis.

O segundo incumprimento prodúcese no caso de Tussa e de Incolsa, onde toda vez que o acordado era unha representación de 2, 2, 1 e 1, cremos que o alcalde ou ben debería renunciar á súa presenza no Consello de Administración de Incolsa ou ben debería delegar na Concelleira responsable do ramo, especialmente tendo en conta que entendemos que o alcalde non pode estar no día a día desa entidade, e insisto, cremos que o acordo que tiñamos nesta corporación, nesas xuntanzas, era trasladar aos entes instrumentais a representación que tiñamos no pleno do concello.

Nós cremos que iso é importante, é importante en TUSSA, é importante no Auditorio,

pero é especialmente importante en Incolsa. Creo que temos exemplos no concello de que a Corporación é capaz de atopar consensos, como no caso do Consorcio, e buscar consensos para avanzar en temas importantes, se o Consorcio é importante, non é menos importante Incolsa.

Cremos que deberíamos respectar ese equilibrio, e que poderíamos chegar a acordos baixo a perspectiva do consenso para que Incolsa analice as cuestións ligadas ao turismo e plantexe propostas que poidan concitar o consenso de toda a corporación. Pero o que cremos, que con independencia desa vontade que temos no grupo popular de buscar consensos, o pleno municipal, e é o que plantexamos na nosa moción, cremos que debe instar ao alcalde, ao órgano correspondente do concello, para que se faga unha corrección nesa composición dos Consellos do Auditorio, de Tussa e de Incolsa, a fin de garantir o que nós cremos que foi acordado nas xuntas de Portavoces, nas xuntanzas que tivemos nos meses de xuño e xullo, a fin de aproximar a súa composición, á composición deses órganos colexiados, á pluralidade do pleno do municipal, e trasladar a eses órganos colexiados a situación e o equilibrio que ten agora mesmo este concello. Moitas grazas.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas. Nós entendemos que esta moción que presenta o Partido Popular é para clarificar o sentido do que se aprobou e consta en acta no pleno de organización. Nós entendemos que é certo que as negociacións para dito pleno de organización permitiron chegar a un acordo de repartir a representación dos grupos en base á mesma representación que teñen os grupos municipais no pleno e nas comisións. E, ademais, acadouse un acordo que foi que as presidencias quedarían en mans do grupo de goberno de Compostela Aberta, tanto das comisións como dos entes instrumentais.

Polo tanto, este posicionamento non vai impedir en absoluto respectar os estatutos daqueles entes instrumentais, que establecen que a Presidencia natural do ente é do alcalde, a non ser que este faga renuncia expresa ao mesmo.

Polo tanto, nós entendemos tamén que a representación do grupo de goberno é de dous membros nos Consellos de administración que se comentaron, polo tanto o Presidente e outro máis, sexa o Presidente o Alcalde ou ben se o alcalde renuncia, outro dos membros do grupo de goberno.

Nós entendemos que o acordado no pleno e que consta en acta, claramente ten que estar sometido neste sentido, o que en esencia sinala o artigo 3.1 do Código Civil, que en definitiva non é outra cousa que recoller o aforismo latino de que cando nas verbas non exista ambigüidade non pode haber cuestión algunha en canto a intención. A parte diso, claramente, estamos diante dunha situación de, polo tanto nós entendemos que efectivamente que o acordo foi ese, e polo tanto, é o que se ten que cumprir.

Alcalde: Sorpréndeme escoitar ao señor Paco Reyes, porque este debate deuse nos consellos de administración de Incalsa e de Tussa e o seu sentido de voto non entendía o que hoxe di que entende, debe ser unha cuestión de entendemento con efecto retardado.

Dito isto, evidentemente este debate deuse nos Consellos de administración, eu clarifiquei, en todo caso, que como dixo o señor Agustín Hernández ese non era un tema que figurara explicitamente no acordo, e que eu tomara a decisión de non delegar a presidencia e exercer a presidencia de ambos os dous entes. Preguntouseme se ía asistir ás xuntanzas e dixeran que si, como veño facendo, e incluso someteuse a votación, porque este argumento mesmamente o defendeu María Antón, creo que en ambos os casos a votación, o que se está plantexando aquí na moción, e a posición do Partido Popular no Consello de Administración non prosperou entre outras cousas porque só tivo os votos a favor do Partido Popular.

Polo tanto, se aquí hai un cambio de posición, consultaremos con Secretaría de quen é a competencia do reparto de representación nos órganos, pero eu non penso facer delegación dunha presidencia que creo que me corresponde, e se quero ostentala, pois entendo que podo ostentala, iso é así. O noso voto evidentemente vai ser o mesmo que foi no momento en que María Antón defendeu isto en Incalsa e Tussa, que é un voto en contra.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Pois coa mesma sorpresa que manifesta o alcalde a súa, manifesto a miña ao respecto de que parece que o Alcalde adianta que vai incumprir un acordo de cumprirse a aritmética deste pleno, parece que vai a ..., parece que o lóxico aquí é asumir e admitir o resultado democrático dunha votación, da que se produza obviamente, que parece que vai na liña de instar ao alcalde a corrixir a composición dos Consellos do Auditorio, que é unha cuestión que pode facer o alcalde. Loxicamente deberá ser realizada de acordo co procedemento que corresponda legalmente, obviamente baixo a supervisión dos servizos xurídicos do Concello, pero en todo caso lembro que nós presentamos unha emenda ao respecto da composición do Auditorio na que quedaba clara a vontade expresada na xunta de Portavoces, e leo entre comillado, no sentido de que os entes instrumentais reflectisen en termos proporcionais a composición do pleno, e iso foi aceptado e asumido por todos os grupos.

Polo tanto, todos tiñamos claro que os Consellos de administración dos entes instrumentais tiñan que facer un reflexo aproximado, incluso podemos admitir o voto de calidade do alcalde, pero exactamente na liña da representación que temos no pleno.

Don Francisco Reyes Santiás: Eu quero lembrar que cando se plantexou efectivamente no Consello de Administración constitutivo de Incalsa o plantexamento que fixo o

Partido Popular, o Partido Socialista se abstivo, non votou en contra, o que fixo foi claramente ler de entrada o artigo 18 dos estatutos de Incolsa, que dicían claramente que efectivamente o Presidente nato en principio é o Alcalde agás que renuncie, pero dixemos que nós nos abstiñamos, porque queríamos reler o texto literal do acordo en pleno, unha vez lido, e traído a este pleno, nós entendemos, insisto, en base ao que di o artigo 3.1 do Código Civil, que efectivamente o acordo foi que todas as presidencias estiveran nos estatutos ou non serían para o grupo de goberno, pero que a representación conxunta de cada un dos grupos tería que ser exactamente a plantexada no pleno, e polo tanto, ese é o noso voto, non facemos diferenzas, simplemente naquel momento nos abstivemos, porque quixemos revisar exactamente o texto literal do acordo no pleno.

Alcalde: Bueno señor Reyes, vostede quere dicir que dixo o que non dixo, pero eu non estou a estas horas para entrar nese debate, porque creo que todos estabamos alí e todos somos maiores, e se quere argumentar un cambio de posición tamén o pode facer lexitimamente. Eu, non se apure señor Hernández, eu respecto a esta cuestión o único que digo, é que se o acordo é competencia de pleno, evidentemente pedirase a aclaración e correxiremos o que haxa que repetir, e se o acordo é de Xunta de Goberno e é unha cuestión interpretable, eu non vou a delegar a Presidencia dos Consellos de Administración, porque entendo que o Alcalde pode exercer esa presidencia, e o ven exercendo, e ademais entende que houbo dúas votacións en consello de administración no que se someteu a votación esta cuestión, e é así, foi sometida a votación esta cuestión. E que conste en acta, porque ao que non estou disposto e a vulnerar competencias doutros órganos aquí en pleno porque haxa unha actitude do PP e do PSOE, que bueno a min ás veces cústame entender. Eu dígollo en serio, se vostedes entenden que esta é a actitude, poden gobernar, gobernen están no seu momento, e nomeen vostedes o presidente de Incolsa e Tussa, eu o que non vou facer é delegar competencia innata que é exercer a presidencia de Tussa e de Incolsa por parte da alcaldía. Pasamos a votación.

Secretario: Votos a favor da moción do grupo popular, rexistro de entrada 280, sobre representación proporcional nos entes institucionais do Concello, 13 (9 PP e 4 PSdeG-PSOE), votos en contra 9 CA e 2 abstencións do BNG, a moción quedaría aprobada.

Polo que o Pleno da Corporación coa votación reflectida acorda instar ao Alcalde a corrixir a composición dos Consellos do Auditorio, Tussa e Incolsa a fin de garantir o acordado nas Xuntas de Portavoces do mes de xuño e xullo e á fin de aproximar a súa composición o máis posible ao valor da pluralidade do Pleno Municipal, garantindo en todo caso a presenza de todos os grupos.

Alcalde: Pasamos á moción do Partido Popular sobre a realización dunha campaña para erradicar os vertidos incontrolados no termos municipal.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Grazas señor alcalde, traemos a pleno esta moción que ten como obxectivo a loita contra os vertedoiros incontrolados de residuos sólidos, estoume a referir obviamente a ese tipo de residuos no noso termo municipal. Unha campaña que pretendemos que sexa de detección e eliminación e control deste tipo de vertidos, e por suposto unha campaña de información e concienciación.

Nós cremos que é xustamente a falta de coñecemento, de concienciación sobre este asunto o que fai que teñamos unha proliferación de vertidos incontrolados, e que isto sen dúbida constitúa un problema ambiental contra o cal é preciso loitar dende todas as fontes, e especialmente dende a esfera máis próxima aos cidadáns, como é a esfera municipal.

Compre evitar as consecuencias nefastas sobre a contaminación dos solos, das augas superficiais, dos acuíferos, a contaminación atmosférica, os impactos visuais, e incluso, os riscos nomeadamente riscos de incendio, e obviamente tamén nalgúns casos para a saúde pública. Nun recente percorrido, por desgraza, non é difícil atoparnos lugares onde existen este tipo de depósitos, por non entrar en moitos detalles, hai moitísimos na zona da Peregrina, Son de Arriba, San Lázaro, na estrada vella de Figueiras, en Conxo xunto a SC-20, e especialmente un punto especialmente complicado na traseira do mercado de gando de Amio, onde se suceden múltiples vertidos, incluso, vertidos que van mudando día tras día, aparecen colchóns, logo despois desaparecen eses colchóns e aparece roupa usada, etc., etc. Son vertidos de diferente natureza, pero destacan sobre de todo, restos de obra e de materiais domésticos de gran volume.

É certo, tamén, e nós temos realizada unha análise temporal desta situación, que fai dez anos existían contabilizados no noso concello trinta puntos de vertidos incontrolados que pasaron as ser trece no ano 2012, e grazas a unha campaña realizada a finais do ano pasado, unicamente tiñamos sete puntos, é dicir conseguimos un descenso en dez anos do 76% entre o 2012 e o 2015 un descenso do 46%.

Somos conscientes de que non é doado, non é fácil eliminar totalmente este tipo de prácticas, obviamente debido á dificultade para a súa detención, e tamén moitas veces pola necesidade de aplicar medidas coercitivas e tamén pola imposibilidade que existe moitas veces de atribuír a autoría dese delito ambiental.

Por iso consideramos vital que ademais da adopción de medidas para a limpeza e recuperación deses espazos, tamén se fose o caso se realizaran medidas para reclamar responsabilidades e especialmente para incrementar o civismo dos nosos veciños e a concienciación ambiental.

Polo tanto, creo que é importante, facer esa labor de información ao respecto da

amplísima rede de recollida dos residuos domésticos que existe no noso concello, temos unha planta de transferencia na Sionlla, como todos coñecemos, temos dous puntos limpos habilitados, un no Polígono do Tambre e outro no antigo vertedoiro de Piñor, e polo tanto, cremos que temos que aproveitar ese punto limpo móbil que está posto en marcha, e polo tanto por iso, facemos esta moción que en primeiro lugar, pretende actuar detectar, eliminar e recuperar os terreos afectados.

En segundo lugar, que o Concello sinalice cada un deses lugares coa mención expresa de prohibición de vertido, e incluso, avisando das posibles sancións por infraccións.

En terceiro lugar, que o Concello intensifique a vixilancia periódica.

En cuarto lugar, que incremente a capacidade de control e tamén a coordinación co Seprona.

E xa por último, pero non menos importante, que se poña en marcha unha campaña de información na páxina web municipal sobre a problemática dos vertidos incontrolados, os seus efectos nocivos para a saúde, para o medio ambiente, de tal forma que se consiga rematar con este fenómeno, que a verdade non é a mellor imaxe para a nosa cidade.

Moitas grazas e máis nada.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Xa anuncio o voto favorable a esta moción do grupo popular, un tema importante que se debe evitar. Parécennos fundamentais todos os puntos que aquí se recollen, incluíndo tamén esa campaña de información sobre todo a nivel comunicativo, que a cidadanía saiba cales son os recursos e os servizos que ofrece o concello, e na medida do posible mellorar os horarios de recollida e conseguir que se eliminen, ou polo menos, inicialmente que se reduzan, pero despois que se eliminen eses vertidos incontrolados.

Dona Milagros Castro Sánchez: Moi brevemente para dicir que o grupo municipal socialista non pode por menos que estar de acordo en que os vertidos incontrolados supoñen un risco para a saúde pública e un foco de contaminación para a auga e para o aire. A súa presenza, como todos sabemos, é sinónimo de focos de roedores, insectos, perigo de combustión, incendios forestais, emisión a atmosfera de gases contaminantes, malos cheiros, etc., etc.

Coincidimos plenamente no labor que dende o concello se ten que levar a cabo unha labor de concienciación e información sobre a necesidade dun desenvolvemento sostible e compatible co respecto ao medio ambiente. Así pois, o noso voto será favorable a esta moción.

Don Xan Duro Fernández: A verdade que o traxe de moción a esta proposta quedalle algo grande, chegáballe ben co de rogo, pero de calquera xeito, imos votar a favor, porque é algo que se está a facer na actualidade.

Alcalde: Gracias Xan, pasamos á votación, entendo que hai unanimidade señor secretario.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes acorda:

- **Iniciar, cos recursos humanos e materiais do propio Concello, unha campaña de detección, eliminación de vertidos incontrolados e, se fose o caso, recuperación dos terreos afectados ao longo do termo municipal.**
- **Proceder á unha clara sinalización deses lugares coa mención expresa á prohibición do vertido, as súas consecuencias legais, as alternativas gratuítas para o depósito e tratamento, así como a forma de contacto municipal para información e denuncias.**
- **Manter unha vixilancia periódica frecuente para tratar de descubrir, ou cando menos disuadir, aos infractores da normativa.**
- **Dirixirse ao Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA) da Garda Civil para solicitarlle que se incremente aínda máis a colaboración coa Administración municipal nesta materia.**
- **Poñer en marcha unha campaña de información na páxina web municipal sobre a problemática dos vertidos incontrolados, con especial referencia á concienciación sobre a papel da cidadanía na súa resolución, as medidas de que dispón o Concello e as consecuencias que para o medio e para os autores teñen estes actos incívicos.**

Alcalde: Moción do Partido Popular sobre as viaxes institucionais dos membros do goberno municipal.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Ben, como lembrarán moitos de vostedes a principios dos anos 80 o panorama da música pop-rock en España viuse felizmente animada por grupos e cancións, como a orquestra Mondragón e o seu tema “Viaje con nosotros”, lembrarán o estribillo aquel de: “viaje con nosotros si quiere gozar”. Un ten a sensación de que esta canción se repite unha e outra vez no fío musical dos despachos e das reunións dos concelleiros de Compostela Aberta, e iso explicaría a tendencia ás viaxes dos electos concelleiros rebeldes. Tendencia ás viaxes, aos encontros noutros municipios, que é paradoxal e cuestionable.

Non comparecen os concelleiros de Compostela Aberta en reunións de interese competencialmente lexítimo e directo para a cidade, pero si fan outras viaxes peregrinas, espurias e estrañas no tocante á causa.

A casuística é diversa en principio, nada hai que obxectar sobre viaxes que semellan ter unha certa lóxica competencial, pero hai como apuntamos unha diversa casuística de viaxes peregrinas e espurias, ou estrañas, vexamos.

Nuns casos o concello dispón de competencias sobre o asunto da foránea reunión, pero a viaxe se fai para reunirse vagamente só con correlixionarios que, ademais, nalgúns casos representan a cidades sen identidade urbana con Santiago.

Noutros casos, máis atrevidos ou descarados aínda, o Concello non dispón de competencia ningunha para abordar os obxectivos da foránea reunión. Reunión limitada tamén aos correlexionarios, e o caso por exemplo, da viaxe a Barcelona para charlar sobre sanidade universal.

Ninguén pon en dúbida a importancia dos asuntos tratados, a mobilidade, a sanidade, etc., etc., o que sucede é que se os asuntos son de competencia municipal o normal sería que as reunións estivesen abertas a outros concellos, con independencia da súa cor política, e se mantivesen encontros con concellos que ofrecesen unha certa similitude urbana. En todo caso, os encontros requiridos dun desprazamento deberían concretarse en algo máis que unha evanescente charla e deberían ter lugar cando non houbera outras alternativas de comunicación, postos a filosofar, pois poden chatear, ou poden facelo a través dunha videoconferencia, non sempre é necesario ausentarse un día de traballo con utilización de recursos públicos. E se os asuntos non son de competencia municipal, o lexítimo propósito de cambiar o mundo, ou o marco legal, pode ser abordado polos membros das mareas nun encontro de partido, ou de candidatura de unidade popular, ou se pode confiar o impulso do desexado cambio legal aos representantes das mareas no correspondente foro institucional con competencias propias.

O certo é que nos partidos tradicionais, cando un representante público quere tratar un asunto só con cargos públicos da mesma cor, se promove un encontro de partido en fin de semana, a ninguén se lle ocorreu nunca, cando menos no Partido Popular, organizar entre semana un encontro de compañeiros ideolóxicos con cargo aos fondos públicos, entendemos que iso sería unha actitude pouco ética, ou pouco legal, o encontro facémolo sempre dende o partido e como dicía en fin de semana.

O certo, é que os cidadáns poden sospeitar ou poden concluír que os concelleiros e as concelleiras de Compostela Aberta se desprazan fóra de Santiago e se reúnen en conciliábulos para satisfacer motivos que contraveñen a ética pública.

Os cidadáns poden sospeitar e poden concluír que vostedes os concelleiros e concelleiras de Compostela Aberta, con recursos públicos programan reunións fóra de Santiago en días laborables para facer un exercicio de turismo ideolóxico, para evadirse das responsabilidades da xestión municipal, e para atopar solaz en vagas conversas mantidas noutros escenarios urbanos.

Sempre é grato visitar Barcelona, pasear pola Barceloneta, tomarse uns quintos nunha terraza da Praza da Cataluña, mercar como recordo unha camiseta estampada coa faciana de Rosales ... e por suposto, visitar o concello e falar mal durante dez minutos do goberno, como Tip e Coll, bueno máis exactamente como Coll, que Tip era de dereitas, pero os cidadáns tamén poden sospeitar ou concluír que vostedes en días laborables e con recursos públicos programan reunións fóra de Santiago para configurar un discurso partidario estatal con activistas afíns.

Claro que ante as sospeitas dos cidadáns vostedes poden facer o daquel persoaxe de Oscar Wilde que dicía “Se hai algo que non soporto é que sospeiten de min e por riba acerten”, pois vostedes poden dicir exactamente o mesmo.

En fin, a fin de non alimentar sospeitas e a fin de seren respectuosos cos mandatos e coas competencias municipais e cos fondos dos cidadáns, propomos varios mecanismos de garantía:

En primeiro lugar, propomos que os desprazamentos das concelleiras e concelleiros do Goberno se atean a cuestións nas que o concello dispoña de competencia na materia, deixando claro que poden caber excepcións, hai asuntos que non son da estrita competencia, pero son da incumbencia, pero iso é unha excepción, non é a regra xeral, e nese caso o normal sería que ese desprazamento e esa reunión foránea fose acordada na Xunta de Portavoces.

En segundo lugar, propomos que cando a causa que motive a viaxe teña encaixe nas competencias municipais, o desprazamento para acudir a reunións fóra de Santiago non veña motivado só pola proximidade ideolóxica, senón que veña motivado pola similitude das realidades urbanas e sempre en encontros que non resulten vedados a concellos gobernados polas máis diversas opcións políticas.

E en terceiro lugar, propomos que, en aras dunha maior transparencia, trimestralmente se dea conta aos grupos municipais dos desprazamentos realizados fóra do concello, do motivo, dos traballos desenvolvidos, da identidade das persoas que viaxan -con especial xustificación no caso de viaxes de dúas ou máis persoas- e dos custos xerados. Máis nada e grazas.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Imos ver, nos termos en que está redactada esta moción, a verdade é que transmitimos cara a fóra unha imaxe que eu creo que nalgún momento pornos cun pouco de seriedade para corrixir, porque creo que non é de recibo, penso ,que unha cuestión distinta é a transparencia, a fiscalización, a crítica construtiva, a denuncia puntual de aqueles elementos que se consideren que se fixeron mal, para que se corrixan ou para que se poñan as alternativas que se queiran. E outra cousa é isto de instalarnos na prevención da desconfianza permanente, e a ver a quen cazamos e case facer un regulamento de réxime interno. Non sei, eu lémbrome das discusións sobre os regulamentos de réxime interno dos centros de ensino, onde alguén quería marcar cada un dos movementos que facía cada alumno en cada momento, entón a ver se podía pedir permiso para ir ao baño ou non.

As veces, eu penso que isto, e debemos recoñecelo todo o mundo é esaxerado, e da unhas impresións ademais de estar aquí todo o mundo instalado en que cada quen fai o que quere, tiramos os recursos públicos, e que nós dedicamos a ir de vacacións, eu sei, eu penso que hai que ter un pouco de prudencia con este tipo de cuestións, porque ao final estámonos a xogar a credibilidade das cuestións que fagamos politicamente calquera grupo.

Cuestións a respecto de deslindar eses fíos, entre o que é competencia e o que non é competencia, é difícil e foi difícil para todos os gobernos, haberá que facer un esforzo niso, haberá que ter un pouco de confianza sobre que iso se vai facer ben. Agora, eu penso que o que non se pode facer é intentar regular aquí absolutamente todo, e facelo, ademais dende esta maneira, prementiva, non, realmente hai unha acusación.

Eu insisto, se se quere facer unha denuncia puntual dalgún elemento que se fixo mal que se faga, as persoas que teñan que corrixir que teñan que corrixir o que teñan que corrixir que o corrixan.

Agora é evidente que isto tal e como está non se pode aprobar nin de broma, eu dende logo creo que é unha cousa, algúns dos termos xa son dunha frivolidade absoluta, e outras cuestións, insisto en que se hai algunha cuestión puntual que se queira poñer, transparencia, fiscalización, crítica, agora non persecución, nin instalarse nun tema de desconfianza, non só de desconfianza, senón de intentar regular todos e cada un dos movementos que se fagan.

O único salvable, en todo caso, é que se dean conta dos desprazamentos que se fagan, pero tendo en conta tanto a literatura que aparece na exposición de motivos como os puntos que aparecen no primeiro e segundo punto o Bloque Nacionalista Galego, vai votar en contra desta moción.

Don Francisco Reyes Santiás: Con respecto a esta moción teño que dicir que claramente o punto terceiro sería obxecto dunha intervención, eu entendo que máis ampla, unha ordenanza de transparencia, que fai falta neste concello acompañado dun código ético, código ético que tamén afectaría ao segundo, aínda que eu dou por sentado que é algo transversal, entendido por todos que así ten que ser.

E con respecto ao primeiro punto, a verdade é que temos que manifestar o noso desencontro, porque claro, imaxinemos unha reunión de concelleiros e concelleiras do goberno con outras cidades, teñan ou deixen de ter proximidade ideolóxica, pero por exemplo para mudar a lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da administración local da que acabamos de falar, na que mesmo existen efectivamente alcaldes do Partido Popular que entenden que o que está é a restrinxir a autonomía local, pois polo tanto, non se podería entender ese primeiro punto. O noso voto nesta moción vai ser de abstención.

Alcalde: Moitas grazas Paco Reyes. Vou facer eu defensa desta moción. Eu ás veces digo por frivolar ou incluso por tirar da retranca, falo do seu verbo florido señor Brunete, o que pasa é que empezo a sospeitar que tras ese verbo florido que ás veces nos arrinca algún sorriso, hai un reaccionario encuberto, como vostede diría, no seu idioma de tomo e lomo, dígollo dende a sinceridade, porque eu vou anotando as expresións da súa intervención. Chamarlle aos concelleiros e concelleiras do grupo de goberno “sedicentes concelleiros”, falar de representantes institucionais que representan a máis de oito millóns de habitantes en determinadas cidades que non son secundarias como Barcelona, Madrid, Valencia, Oviedo, Zaragoza, Cádiz “de activistas afíns”, cando foron elixidos democraticamente; falar de “turismo ideolóxico”, cando claramente vostede está derivar o subconsciente ao outro tipos de turismos “o turismo ideolóxico”, home, pois verdadeiramente, non sei se axusta a un pouco a un discurso minimamente serio, se verdadeiramente encubre unha vocación de permanente control sobre a nosa pureza ideolóxica ou sobre o comportamento que deberamos ter segundo vostede.

Eu creo que a representación institucional faise con toda a seriedade da que somos capaces de facer, creo que intentamos representar a cidade alí a onde imos da mellor maneira.

Creo que determinados intercambios institucionais favorecen a cidade, porque nos permiten ter acceso a recursos humanos, e a recursos normativos, claramente moi importantes, que doutro xeito non teríamos.

E frivolar todo iso, cunha moción que establece un corpo propositivo que non é competencia desta corporación, porque non é competencia desta corporación derivan en Xunta de portavoces o control da representación institucional, pois claramente, eu creo

que expresa ese querer e non poder que vostedes están a facer, eu as veces cando os convido a que gobernen, digolles sinceramente, se queren controlar gobernen directamente.

Agora dito isto, claro, eu como son recen chegado a esta corporación, digo eu, a ver se nos vamos estar equivocando co tema da representación institucional, e claro, solicitei un estudo dos gastos de protocolo da alcaldía, non falo dos departamentos, falo directamente da alcaldía, a partida de representación institucional e protocolo da Alcaldía nos últimos oito anos, máis de tres mil facturas, e hoxe tiveron oportunidade de dedicarlle un par de horas para revisalas. Bueno, tempo teremos a analizar ao respecto da xestión dos fondos públicos. E non hai ningún problema en que sexamos transparentes, e isto non quero que se interprete como unha ameaza, xa que estamos pedindo transparencia teremos transparencia. Digo eu, a ver se vou estar eu equivocado e imos estar facendo algo verdadeiramente camiño da apocalipse e non vamos empregar os fondos públicos que se teñen empregado no concello nos últimos anos. E home, hoxe a verdade é que tiveron a oportunidade de facer un exercicio claramente clarificador, e bueno, a ver se detrás dese verbo florido se encubre logo unha crítica á cuestión cando chegue o momento, porque eu creo que non todo vale neste tipo de cuestións, e eu creo que se intenta facer unha lectura partidaria de cuestións que son de posición institucional, e aí coincido totalmente con Goretti, nunha medida que entendo que todo o mundo é responsable da representación institucional da cidade, e polo tanto, home, pois moi ben.

Resumindo nós imos votar en contra da moción, pero tamén resumindo, é dicir, non queremos desencontros na cuestión do debate dos asuntos, pero isto non é competencia do pleno, e que conste en acta, non é competencia do pleno dicirlle a un grupo de goberno se pode ou non pode representar.

Eu pediríalle máis alá dese humor que ten vostede, eu diría barroco, eu diría hiperglucémico e moi excesivo, home, un pouco de respecto con xente que somos representantes institucional, polo menos o mesmo respecto que teñen para con vostede, salvo que pense que verdadeiramente non temos lexitimidade para estar aquí, pero aí iríamos a outro tipo de cuestión, que é a cuestión da percepción democrática que no fondo creo que é un substrato que existe nesta corporación en determinados membros. Claro, unha vez que chegamos e gañamos, un pouco de deportividade non viría mal señor Brunete, que xa me parece Mouriño, botándolle sempre a culpa ao árbitro. Imos votar en contra.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: O primeiro que quería matizar, hiperglucémico, non, eu fun hipoglucémico, e de feito, por ser hipoglucémico tomo puré de cenouras sempre con azúcar, realmente porque meu pai me dicía, se non che

gusta bótalle azúcar, e empecei a botarlle azúcar. Non sei se iso me ocasionou a hipoglucemia, non sei, non sei.

Despois quería comentar dúas cuestións semánticas, a respecto do verbo florido. Eu creo lembrar que o primeiro que falou nesta corporación, na actual corporación, foi o meu portavoz o señor Hernández, precisamente do seu verbo, pero bueno, non imos discutir, aínda que eu estou disposto a someterme a unha análise morfosintáctica con vostede, para ver realmente quen ten realmente un verbo máis florido, aínda que digo que ao mellor é preferible ter un verbo florido a un verbo de hojarasca, non.

Despois, a respecto da utilización do adxectivo “sedicente”, sedicente non é un adxectivo descalificativo, sedicente é o que se titula así mesmo, o sedicente concelleiros rebeldes son os que a si mesmos se titulan, se din an si mesmos rebeldes, polo tanto, non había aí asomo algún de descaalificación.

Sorpréndeme, sorpréndeme señor Noriega, que realmente vostedes que teñen como pai político a quen teñen, falen da moderación, ao señor Beiras, realmente sorpréndeme que falen da moderación.

Despois non sei quen dicía, saíu en auxilio de vostedes a señora Sanmartín, que isto era unha frivolidade que bueno, que prexudicaba a credibilidade da cidade. Eu creo que unha frivolidade é irse un día a Barcelona a falar da sanidade universal, pois bueno, alguén debeu pensar que a sanidade universal consistía en viaxar polo universo a falar de sanidade e dicir que competencias temos nós en materia de sanidade, ningunha, iso si que é unha frivolidade, porque se fai con fondos públicos, e iso si afecta á credibilidade que os cidadáns poden ter a respecto da clase política.

En definitiva, conclúo a miña intervención decepcionado, e sobre todo vexo que vostedes non van resistir a tentación inminente de viaxar a Cádiz a ver a Chiqui, bueno, pois nada, que lle imos facer.

Alcalde: Non entremos en diálogo. Señor Brunete dicirlle que o de sedicente lino en determinados contextos verdadeiramente que nunca me gustaron especialmente, polo tanto non me fai gracia, sinceramente, non me fai gracia.

E logo, a respecto da broma coa que se toma a cuestión da representación institucional, paréceme ben, agora entendo porque ocupa a bancada da oposición, é unha cuestión de decantación democrática da vontade popular, unha vez que o escoitaran tres veces xa saberían a quen non votar, entón esa é a cuestión.

Nós imos votar en contra, e evidentemente se imos a Cádiz para coñecer a Kichi non teremos ningún problema en invitalo, porque seguramente dentro de vostede hai algo

que se intenta rebelar a tanta anactalina, e ao mellor un día vai e se libera, porque non podemos perder a esperanza de que a xente evolucione ideoloxicamente, eu teño visto casos, como os de Vestringue, e vostede pode ser perfectamente. Pasamos a votar señor secretario.

Secretario: Votos a favor da moción do Partido Popular con rexistro de entrada 282, sobre as viaxes institucionais dos membros do goberno municipal, 9 do grupo popular, votos en contra 11 (9 CA e 2 BNG) e 4 abstención do grupo municipal do PSdeG-PSOE, a moción queda rexeitada.

Alcalde: Pasamos á moción do PP sobre a mellora do estadio de San Lázaro e cesión do espazo para a instalación da Federación Galega de Fútbol.

Dona María José Corral López: Grazas alcalde. Supoño que non sorprende a ninguén dos que pasase por alí que o estadio de San Lázaro, é unha das máis representativas infraestruturas deportivas da cidade, e precisa dunha reforma.

Transcorreron máis de 22 anos dende a súa inauguración e faise precisa unha actuación integral, tanto para atallar e resolver o seu deterioro, mesmo por motivos de seguridade, pois como para optimizar o uso do seu espazo, por exemplo para destinalo a aqueles deportes minoritarios que demandan un local e que precisamente por minoritarios precisan máis axuda e promoción.

Durante o pasado mandato, o goberno municipal levou a cabo varias actuacións para mellorar estas instalacións, a renovación do céspede, adaptación da iluminación na procura dunha mellor eficiencia enerxética, o acondicionamento do ximnasio e instalación dun novo marcador e algunha outra obra menor. Pero continúa pendente unha actuación máis en profundidade para unha reforma integral que converta o estadio nun punto neurálxico para o deporte no concello, e que serva, ademais, para recuperar o valor e o potencial non só das propias instalacións, senón tamén da súa contorna.

Con este fin, o pasado ano elaborouse un estudo que analizou propuxo e valorou as medidas en relación coas patoloxías construtivas e estruturais que presenta a infraestrutura, que está na orixe das infiltracións, das humidades e outras deficiencias que son de urxente actuación.

Nos orzamentos de 2015 consignouse unha partida para facerlle fronte ás deficiencias que se consideraban máis prioritarias, pero bueno, xunto a esas melloras na estrutura tamén se debería actuar no acondicionamento, na homologación da pista de atletismo que permita alomenos a celebración de probas que estean axeitadas ás características da pista. Na definición do uso dos espazos disponibles, como dixeran, para satisfacer as

demandas dos deportes minoritarios que non contan cos recursos que teñen outros máis populares ou na regulación da cesión das instalacións a entidades ou clubs.

De forma paralela a esta mellora integral, consideramos, xa que logo que hai que traballar nunha estratexia para potenciar o estadio, nesa dirección xa no goberno anterior vimos primordial a posibilidade de ofertarlle á Federación Galega de Fútbol un espazo para instalarse alí, e con ese fin mantivemos conversas, encontros con eles, ao mesmo tempo que iniciamos as consultas coa Xunta de Galicia para a cesión ao concello do uso do espazo que tivo alí ata maio a Secretaría Xeral para o Deporte no Estadio de San Lázaro cederlla á Federación. Soubemos hoxe pola prensa que o concello ven de asinar estes días un protocolo coa Federación Galega de Fútbol, polo que esta colaborará na rehabilitación do Estadio a cambio de usar o referido local. Celebramos esta coincidencia en tempo a espazo da iniciativa.

Este protocolo ten unha validez de seis meses, o concello a día de hoxe non pode comprometer a cesión de uso deste local á Federación, porque non a ten, ollo. A Xunta, en xullo pasado, envioulle ao concello un modelo de solicitude de reversión do uso do local que tiña a Secretaría Xeral para o deporte que o concello só tiña que rechear e remitir de volta, a día de hoxe, eu se precisan axuda non teño problema, o recheo, agardo que para cumprimentar este protocolo non llo encarguen aos mesmos que lle encargaron a modificación do Regulamento do pleno, porque se ... agora non estaríamos falando de tempos e eu non tería a presión psicolóxica da señora Lois dicindo vou ser breve, imos ser breves, imos respectar os tempos, eu non vou respectar os tempos ata que o suxira o xefe do meu grupo porque así o acordaron, ou se modifica definitivamente o Regulamento. En calquera caso, eu xa falarei con Duarte fora, facemos unha porra, para ver se se cumpre o protocolo nos seis meses que ten de validez, e non o fago aquí porque se perdo e teño que invitalos a todos cáeme mal.

Por todo isto, interesamos que o pleno inste ao goberno municipal a:

Impulsar o plan de mellora integral das instalacións deportivas e dos locais do Estadio San Lázaro.

Xestionar a recuperación para o Concello do espazo que a Secretaría Xeral para o Deporte ten no Estadio.

Perfeccionar e completar a colaboración coa Federación Galega nos termos expostos na moción.

Don Rubén Cela Díaz: Nós dende o BNG estamos de acordo coa diagnose a respecto do estado de abandono e a infrautilización das instalacións de San Lázaro. Estamos de acordo con parte do tratamento a aplicar, no sentido de que coincidimos na necesidade

dun arranxo integral das instalacións, e non a seguir a realizar parches temporais e moi parciais. Máis o que si que coidamos é que é preciso facer unha reflexión máis ampla sobre os usos posibles das instalacións antes de pechar en firme un acordo de cesión concreto cunha entidade, neste caso coa Federación Galega de Fútbol.

Don Gonzalo Muíños Sánchez: Boa noite alcalde, compañeiros e compañeiras de corporación. Antes de nada compre lembrar que o grupo municipal socialista foi sempre o principal impulsor dos distintos investimentos e infraestruturas en materia deportiva da nosa cidade, aí están os exemplos de grandes infraestruturas como a que hoxe trata a moción, o Estadio de San Lázaro, outro como é o Multiusos Fontes do Sar, e outras máis pequenas pero de grande importancia para a actividade diaria do deporte de base, deporte minoritario, e de todas e todos os participantes de deporte da nosa cidade, como foron o pavillón do Restollal, pavillón de Pontepedriña, Fontiñas, Campo de Fútbol de Vilvestro, Sergas, fútbol 8 de Belvís, pistas de tenis e padel Sar, etc. Ogallá que o apoio a esta moción serva para poñer en marcha un plan de arranxo, ou incluso a dotación de novos investimentos en materia deportiva para a nosa cidade.

O grupo municipal socialista sempre vai apoiar todo o que vaia dirixido a acadar a mellora das nosas instalacións deportivas, xa que considera que isto converterá a Santiago nun referente a nivel galego e nacional en materia deportiva e repercutirá no nivel de calidade tanto para os cidadáns de Santiago como para a mellora dos distintos proxectos deportivos, neste caso, no referente ao fútbol e se pode ser ao atletismo co arranxo e homologación das pistas de San Lázaro.

Somentes nos queda unha dúbida, que é o gran interese que está a amosar o Partido Popular para que veñan a Federación Galega de Fútbol a San Lázaro, débese unicamente á axuda económica que vai reportar para a reforma do estadio, débese ese asentamento na nosa cidade dunha federación co maior número de licencias, ou débese ese interese a que agora xa non está na Coruña Carlos Negreira, ou que o actual Presidente da Federación Galega de Fútbol é o expresidente da Deputación de Pontevedra.

O que si solicitamos por parte do grupo municipal socialista é que as primeiras actuacións a levar a cabo sexan para as instalacións que ocupa actualmente o Departamento de Deportes, xa que levan moito tempo traballando nunhas malas e pésimas condicións. Polo dito anteriormente, obviamente, nós imos votar favorablemente.

Don Jorge Duarte Vázquez: Bueno, ás veces parece que no grupo popular molesta que as cousas saian, e pensa que se fan estas cousas en tres días. Poden comprender que se hoxe sae na prensa é porque hai un traballo de cinco meses atrás, non porque haxa esta moción presentada o venres, evidentemente.

Polo tanto, o convenio leva tempo en negociación, e cando se asina ese protocolo que foi a semana pasada, antes da presentación desta moción, xa estaba asinado ese protocolo, e asínase o protocolo cando hai unha seguridade xurídica de que o convenio e a cesión dese local pode saír adiante despois de ter analizada a proposta a contraproposta da Xunta de Galicia, que pedía no seu momento a permuta por outra parcela e que durante este tempo non foi posible levar adiante por temas xurídicos. Co cal agora mesmo si podemos dicir que hai unha proposta para resolver, para conseguir a propiedade, a reversión da parcela, e desa forma poder chegar a un acordo, a un protocolo para o convenio e á cesión á Federación Galega de Fútbol da parcela.

Evidentemente, todos estamos de acordo en que o Estadio de San Lázaro necesita dunha inversión que vai moito máis alá do que agora mesmo se compromete. Hai un informe que requiría unhas demandas de obras por un importe aproximadamente de 1.400.000 euros. Agora mesmo o que se acomete é esta primeira fase, na cal se poida garantir a impermeabilización e a seguridade de todas as instalacións do estadio de fútbol, pero entendemos claramente, nós tamén entendemos, que hai que seguir moito máis adiante dotando de uso ao estadio, mellorando as instalacións do departamento de deportes, ao igual que hai que mellorar outras instalacións de pequenos clubs e federacións que están alí instaladas e que cremos que realmente o estadio debe de ser ese motor do deporte local.

Polo tanto, estamos claramente a favor de todo o que pon aquí, e de feito estamos nese traballo, e non empezamos ese traballo como se ve claro a partir do 2 de decembro, senón que levamos máis tempo traballando.

Dona María José Corral López: Perdón, só unha pregunta, dígame se a día de hoxe formalmente se solicitou de Patrimonio da Xunta a reversión do local de Secretaría, formalmente, so iso.

Don Jorge Duarte Vázquez: Para poñer toda a información sobre a mesa, hai un primeiro borrador no cal se fala da cesión dos dous espazos que ten a Xunta, que son o local C, que é onde estaba a antiga Dirección Xeral de deportes, e outro local, que é o local identificado como A, que é un local destinado a almacén, e que a Xunta di no mes de xullo, que a cambio desta tramitación solicitamos a cesión gratuíta da propiedade da parcela onde están situadas as instalacións do Xacobeo. Esa tramitación, e dende o departamento de patrimonio do concello e a Xunta de Galicia estiveron falando intentando aclarar os termos, e podemos dicir que desbloqueamos, sempre e cando fagamos a permuta dunha por outra e sexa unha cesión.

Dona María José Corral López: Non está solicitado.

Alcalde: Non entren en diálogo, porque se lles ando a berrar aos de Compostela Aberta, eu creo que xa lle contestou, el pode contestar como queira.

VOCES.

Don Jorge Duarte Vázquez: ... A Xunta propón a cambio que se lle ceda outro nese lugar, porque propón iso a Xunta, porque primeiro lle solicitamos o outro, evidentemente.

Alcalde: Pasamos á votación da moción do Partido Popular, que imos votar a favor.

Secretario: **Moción do grupo popular rexistro de entrada 283, sobre mellora do Estadio de San Lázaro e cesión de espazo para instalacións da Federación Galega de Fútbol, votos a favor 23 dos/as concelleiros/as (9 PP, 9 CA, e 4 PSdeG-PSOE) e 2 abstencións dos concelleiros do BNG.**

Alcalde: Moción do PSdeG-PSOE, sobre a limpeza do nacemento do río Sar en Meixonfrío.

Dona Milagros Castro Sánchez: Boa noite, xa non é tarde. A auga é un elemento que, ademais de ser esencial para calquera forma de vida, a súa dispoñibilidade en cantidade e calidade adecuada é un requisito imprescindible para a sostenibilidade e calidade de vida das cidades. A pesar do carácter vital deste recurso, a auga está sometida a múltiples presións vencelladas principalmente coas actividades humanas e, o seu uso e posterior verquido é responsable de significativos impactos nos ecosistemas acuáticos. A Administración Local debe ter entre as súas prioridades medioambientais a conservación do seu entorno e o coidado e limpeza dos ríos que nacen e cruzan o seu Concello.

En Santiago, o río Sar nace en Meixonfrío, e a día de hoxe o seu entorno atópase cheo de maleza que os días de abundantes de choivas ocasionan un asolagamento das parcelas colindantes. Así mesmo, as sendas que percorren o fermoso paseo fluvial do río Sarela están totalmente descoidadas, precisan dun mantemento e limpeza periódico que leva meses sen realizarse, como se observa nas imaxes das fotografías que achegamos con esta moción.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno para a súa aprobación, a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro: Que o Concello inste a Augas de Galicia para que proceda á limpeza e conservación do nacemento do río Sar, en Meixonfrío, co obxecto de evitar as constantes inundacións que se están a padecer.

Segundo: Que o Concello requira aos propietarios dos solos colindantes co nacemento do río Sar para que procuren manter limpas as súas parcelas.

Terceiro: Que o Goberno Municipal e a concellaría de medio ambiente se preocupen do mantemento e limpeza das sendas de toda a contorna do río Sarela.

Moitas grazas.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Anuncio o voto a favor do Bloque Nacionalista Galego ao texto da moción. Compostela foi noutra época referente ambiental, houbo moitísimos proxectos relacionados co medio ambiente e postos en marcha que despois se deixaron pouco a pouco esmorecer. É importantísimo que se faga un traballo constante de mantemento que ten que ser como digo unha e outra vez, e unha e outra vez, polo tanto, como digo, votaremos a favor disto, sabendo que tamén, digamos, non é unha cuestión só dos últimos meses, senón que xa leva algún tempo nesas circunstancias.

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas: Boas noites. Coincidimos tanto co plantexamento do Partido Socialista como coa señora Sanmartín a respecto de que esta non é unha cuestión nova. É evidente que Santiago de Compostela ten como referente tanto o río Sar como o río Sarela, dous ríos que son parte esencial da nosa cidade, da nosa vida, a súa limpeza e o seu coidado afectan e deben de concitar o interese, loxicamente, de Augas de Galicia como organismo responsable do mantemento e da conservación do dominio público hidráulico nos ríos que discorren integramente na nosa Comunidade Autónoma, pero tamén, loxicamente debe ser algo que preocupe e ocupe ao concello.

Nese sentido, gustárame subliñar, en primeiro lugar, que esta non é a primeira iniciativa ao respecto deste curso fluvial, nos trouxemos ao pleno pasado o adecentamento e o coidado para adecuar a ribeira do río Sar na zona de Conxo, onde tivo lugar o Banquete de Conxo, e a Augas de Galicia e a propia administración do Estado están a realizar un investimento moi importante no que é o saneamento do río Sar, e tamén ao respecto da redacción do proxecto do río Sarela.

Durante o pasado mandato tiveron lugar diversas actuacións para a limpeza das marxes dos ríos Sar e do río Sarela, unha constante preocupación do goberno do Partido Popular, que tamén foi apoiado, e que ten tamén agardo que teña continuidade nese traballo que ten que facer o responsable do subministro da xestión da auga e do saneamento do noso concello, que ten, creo recordar, no seu contrato, a obriga de limpar os ríos Sar e Sarela na zona do noso concello.

Obviamente, estamos de acordo tamén coa iniciativa que afecta a zona do inicio da conca do río Sar, na zona de Meinxonfrío, ao respecto tanto da limpeza como da policía para os propietarios desas parcelas, gustárame tamén recordar que o pasado ano actuamos no río Sar, na Ponte do Sar, e creo que foi unha actuación que non somentes limpou a canle do río, senón que tamén evitou asolagamentos nos períodos de choiva intensa, e polo tanto, o único que desexamos é que isto teña continuidade, que segamos a coidar os nosos ríos. E é certo, unha das actuacións que creo que é máis urxente é o arranxo desa senda do río Sarela, que é certo que ten un deterioro notable que cando menos debería ser atallado polos servizos correspondentes do Concello. Moitas grazas e máis nada.

Don Xan Duro Fernández: Apoiamos a moción.

Alcalde: Pasamos a someter á votación a moción.

Secretario: Votos a favor da moción do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada 284, unanimidade dos presentes.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda:

1.- Que o Concello inste a Augas de Galicia para que proceda á limpeza e conservación do nacemento do río Sar, en Meixonfrío, co obxecto de evitar as constantes inundacións que se están a padecer.

2.- Que o Concello requira aos propietarios dos solos colindantes co nacemento do río Sar para que procuren manter limpas as súas parcelas.

3.- Que o Goberno municipal e a concellaría de medio ambiente se preocupen do mantemento e limpeza das sendas de toda a contorna do río Sarela.

Alcalde: Moción do PSdeG-PSOE, sobre o arranxo do ascensor do Auditorio de Galicia.

Eu unha cuestión formal, eu non teño ningún problema en que se debata como moción e que se adopte un acordo, pero si entendedes que isto é unha moción, eu logo, máis alá de regulamentos.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde. Efectivamente, nós somos conscientes que isto sería normalmente o contido obxecto dun rogo, o que pasa é que cando tivemos coñecemento diso, precisamente cando tivo sucedido a cuestión, pois xa tiña pasado o prazo para a presentación de rogos, e por iso o incorporamos como moción de urxencia, e así non imos enganar a ninguén.

Polo tanto, e para non perder máis tempo, e tendo coñecemento que no día 2 de decembro, unha persoa con problemas de mobilidade non puido asistir á celebración das xornadas sobre a “estratexia integrada de desenvolvemento urbano sostible para a área urbana de cidade de Santiago” celebradas no Auditorio de Galicia por non funcionar o ascensor, e sabendo que a persoa con discapacidade demandou unha explicación ao persoal do Auditorio e este lle comunicou que “é moi caro o custo de mantemento do ascensor para o uso que se lle da”, é polo que o grupo municipal socialista, sabendo perfectamente que o problema de base do ascensor é que ten avarías con moita frecuencia, e polo tanto, iso é o que hai que arranxar de futuro, o que plantexamos é que o Alcalde e Presidente do Consello de Administración do Auditorio dea as instrucións oportunas a quen corresponda para que de forma urxente e inmediata se poña en funcionamento o ascensor do Auditorio de Galicia e non volva a pasar o acontecido no día de onte. Moitas grazas.

Don Rubén Cela Díaz: Simplemente que vamos votar a favor desta moción, rogo, e en calquera caso, simplemente sinalar unha cuestión, para que conte tamén, aprobouse neste pleno o tema da constitución da comisión de accesibilidade e aínda está iso pendente.

Dona M^a José Castro Carballal: Vaia por diante que este grupo municipal votará a favor da moción presentada polo grupo socialista, pero tamén nos gustaría facer aquí algunhas consideracións que nós consideramos de importancia sobre o particular.

O recoñecemento dos dereitos das persoas con discapacidade clarificouse especialmente despois da convención das Nacións Unidas que con este obxecto se celebrou no ano 2006. Este instrumento foi ratificado en España no 2008, de seguido promulgouse no 2011 a Lei de Adaptación á convención, e no 2013 o Real Decreto Lexislativo de refundición da lei sobre dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. En Galicia completouse este marco coa publicación da Lei de Accesibilidade en decembro de 2014.

Os propósitos da convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade son promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais para todas aquelas persoas con discapacidade, e tamén promover o respecto da súa dignidade inherente. Debe procurarse a súa participación plena e eficaz na sociedade, e impedir calquera forma de discriminación en igualdade de condicións que os demais. De forma específica preceptúa esta convención que os Estados adoptarán medidas efectivas para asegurar que as persoas con discapacidade gocen de mobilidade persoal coa maior independencia posible, entre elas, sinala, facilitarlle a mobilidade persoal na forma e no momento que

desexe. Utilizando tecnoloxías de apoio, dispositivos técnicos e axudas para a mobilidade de calidade.

Así mesmo, recolle a convención a obriga de velar para que as autoridades e institucións públicas, actúen conforme ao disposto nela, e a tomar todas as medidas pertinentes para que ningunha persoa, organización ou empresa privada discrimine por motivos de discapacidade. Xa na Lei 51/2003, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, sinalábase que estas constitúen un sector de poboación heteroxénea, pero todas teñen en común que en maior ou menor medida, precisan de garantías suplementarias. Precisan garantías suplementarias para vivir con plenitude de dereitos ou para participar en igualdade de condicións na vida económica, social e cultural.

Máis adiante aprobouse o citado texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade. Este sinala no seu artigo 7, que as persoas con discapacidade teñen os mesmos dereitos que os demais cidadáns, conforme ao noso ordenamento xurídico, para facer efectivo este dereito á igualdade, as administracións públicas promoverán as medidas necesarias para que o exercicio en igualdade de condicións dos dereitos das persoas con discapacidade sexa real e efectivo en todos os ámbitos da vida.

Esta problemática non se caracteriza por limitacións persoais, senón que os seus trazos esenciais teñen na súa orixe na actitude da sociedade, esta non ten presentes as circunstancias de diversidade funcional das persoas, e crea barreiras, existe un deber cidadán de solidariedade colectiva con todas estas persoas, que ven recoñecido na Constitución, e do que deriva a necesidade de prestar un trato preferente ás persoas con diversidade funcional.

Hoxe resulta abundante a normativa con estándares esixentes e axustados ao modelo de dereitos humanos, pero requírese avanzar nunha atención personalizada, cos mellores medios dispoñibles, tanto materiais como persoais, e considerar, polo tanto, que se trata dunha prioridade social.

O aumento dos niveis de protección dos dereitos das persoas con estas limitacións e a lexitima reclamación da súa efectividade, pon de manifesto a necesidade de seguir mellorando na accesibilidade nas rúas, nos edificios, nos medios de transporte, e no fomento do gozo inclusivo do lecer, o deporte e a cultura.

Este colectivo demanda a preservación de intereses, especialmente protexidos na nosa Constitución que obriga aos poderes públicos, entre outras cousas, a prestar a atención especializada que requiran e amparalos especialmente, para que gocen dos dereitos que o Título I outorga a todos os cidadáns.

Como consecuencia de todo o anterior, os poderes públicos, entre eles especialmente a administración local pola súa proximidade aos cidadáns, e particularmente este Concello de Santiago de Compostela, temos a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, polo que votaremos como dixeran ao principio, a favor desta moción. Moitas grazas.

Alcalde: Gracias a ti, nós vamos votar a favor. Sometemos á votación.

Secretario: Votos a favor da moción do grupo municipal socialista, relativa ao ascensor do Auditorio de Galicia, rexistro de entrada núm. 285.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos presentes acorda, que o Alcalde e Presidente do Consello de Administración do Auditorio de Galicia de as instrucións oportunas a quen corresponda, para que de forma urxente e inmediata, se poña en funcionamento o ascensor do Auditorio de Galicia e non volva a pasar o acontecido no día de onte.

Alcalde: Moción do grupo socialista relativa á constitución do Consello sectorial municipal de saúde como espazo de participación cidadá.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, boas noites, vou tentar de ser o máis breve que poida. Diante da situación dos problemas na nosa área sanitaria, cunha lista de espera que ten incrementado o número de doentes e o tempo de espera en cirurxía, o mesmo para consultas externas, o mesmo para as probas complementarias de diagnóstico, cunha perda de recursos que dende o 2009 e comparado co 2016 se levan perdido máis de 168 millóns de euros en sete anos para a nosa área sanitaria. Unha perda en recursos no capítulo I de máis dun millón e medio de euros.

Unha falta de información na lista de espera e nas memorias. A última memoria do noso complexo hospitalario universitario en Santiago é de 2001, e a última memoria do SERGAS é do 2010, co que nós entendemos que está sen cumprir, por unha banda, a Lei de transparencia e por outra banda, o Decreto 1039/2011, polo que se establecen os criterios marcos para garantir os tempos máximos de espera, porque se tería que estar publicando o que é a lista de espera non estrutural.

Tendo en conta que o monitor de reputacións sanitaria considera que o noso complexo hospitalario universitario non está entre os 25 primeiros postos, que si está o complexo hospitalario universitario da Coruña. Tendo en conta que a participación en dereito democrático inherente a calquera servizo público que a propiedade reside na sociedade civil e polo tanto, debe estar representada. Tendo en conta que o dereito de participación dos doentes e dos cidadáns está recollida nos artigos 10.10 da Lei Xeral de

Sanidade, e no artigo 58 da mesma lei xeral de sanidade, e nos artigos 13 e 25 da Lei de Saúde de Galicia.

Nós o que plantexamos é:

Instar á Xunta de Galicia para que constitúa e convoque ó Consello de Saúde da Área Sanitaria de Santiago de Compostela.

E despois, tendo en conta que tamén existe unha competencia que é exclusiva para a administración local, recollida nos artigos 130 e 131 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e que permite a creación do Consello Municipal de Saúde, como consello sectorial, pois nós o que plantexamos é:

Que se inste á Xunta para a convocatoria e constitución do Consello de Saúde da Área. E que convoque este Consello, o Consello Municipal de Saúde, como un Consello Sectorial. Moitas grazas.

Don Rubén Cela Díaz: Si, simplemente para dicir, que imos votar favorablemente esta proposta, que no mes de setembro o noso grupo xa realizou unha iniciativa en aras de que se puxeran en funcionamento todos os consellos de participación sectorial que dependían do ámbito municipal.

Don Alejandro Sánchez Brunete Varela: Se o señor Reyes nos permite quixeramos votar por puntos, en principio votariamos a favor do punto primeiro e nos absteríamos nos outros dous.

Don Francisco Reyes Santiás: Se nos dan unha explicación.

Don Alejandro Sánchez Brunete Varela: Si, si, doulle a explicación, a explicación da abstención respecto ao punto 2 é que dalgún xeito ese Consello Municipal podería entenderse que duplica o propio Consello da Xunta de Galicia. É un órgano de participación que dalgún xeito duplica, e se me permite, en todo caso, a Lei fala de constituír os Consellos sectoriais locais en asuntos de competencia municipal. Nós non temos competencias municipais, e entón a participación entendemos que nese caso sería unha participación nun calexón sen saída, e despois son as dúbidas que nós temos. E despois a respecto do terceiro punto falando dun plan de saúde municipal, como tampouco explicou exactamente o que é un plan de saúde municipal, non ven explicado, e tamén as competencias, a resultas da modificación da ... , outra cousa é que se entenda que efectivamente hai iniciativas urbanas que poden condicionar a saúde, pero en termos propios, saúde municipal, en saúde municipal non temos competencias, e por iso mesmo preferiamos abstermos nos puntos 2 e 3 e votar a favor do punto 1, deixando claro, por certo, que a Xunta xa está traballando nunha Orde para constituír os consellos

aos que vostede fai referencia, porque cambiou o modelo de Área Sanitaria a un modelo de xestión integrada, e é necesario traballar na Orde, e o digo simplemente para que o saiba, para a súa información, nada máis.

Dona Concepción Fernández Fernández: Alégrame que se presente esta moción nesta hora, para que o señor Brunete teña coñecemento de que hai competencias en materia de saúde, e que mesmo neste concello hai un Consello Municipal de Saúde constituído e publicado o 25 de agosto de 2003.

Bueno, dito isto, concordamos coa moción que presenta o PSdeG-PSOE e votaremos a favor dela, aínda que me gustaría aclarar que na xuntanza mantida co xerente do CHUS a primeiros de outubro trasladóuselle o interese deste concello de que se constituía canto antes o Consello de Saúde da Área Sanitaria de xestión integrada de Santiago de Compostela, non por casualidade, senón que é a forma de dar participación á cidadanía e tamén aos seus lexítimos representantes, isto é aos concellos que forman parte desta área sanitaria.

Segunda cuestión, e tamén aclaratoria, creo que é imprecisa a redacción do segundo punto, porque antes dicía, porque o Concello de Santiago de Compostela ten constituído un Consello Municipal de Saúde dende o ano 2003, o seu regulamento pódollo pasar en fotocopia porque buscámolo durante tempo, non, non para o señor Brunete que di que non eran competencias, bueno, aos dous, danos igual, é unha fotocopia máis, publicouse e pódeno buscar no DOG do 25 de agosto de 2003, está publicado.

Este Consello ata onde eu sei, porque durante este tempo fixemos investigación de como estaba neste concello, en que situación estaba, ata onde eu sei, teño constancia da súa última xuntanza que foi no mes de marzo de 2006, entre outros temas que ese día se trataron nesa xuntanza, abordouse a elaboración do plan municipal de saúde do Concello de Santiago de Compostela, señor Brunete para que vexa que algunhas competencias temos en cuestións de saúde.

Por suposto, que o goberno de Compostela Aberta ten pendente convocar e dinamizar este Consello Municipal, porque como dicía antes, é o órgano de participación cidadá nos asuntos de protección e promoción de saúde, tal e como defenderemos máis extensamente na moción que presentaremos ao pleno máis adiante.

Don Francisco Reyes Santiás: Simplemente dicir que no artigo 25 da Lei Reguladora de bases de réxime local aparece que efectivamente, hai competencias con respecto ao tema da saúde, de apoio nese sentido a saúde, que con respecto ao tema das xerencias integradas, home, levan tres anos de retraso para poder adaptalo, en tres anos pódense facer cousas. E despois simplemente unha puntualización, é certo que estaba creado o Consello sectorial municipal, por iso non dicimos crealo, senón constituílo, porque en

cada mandato temos que constituílo de novo, e é certo, porque nós temos a información de que lle pediron ao xerente a constitución do Consello de Saúde de Área, pero pensa que é bo que se faga un acordo aquí plenario, porque senón a verdade que a memoria das xerencias do Servizo Galego de Saúde, pois moitas veces son máis ben floxas. Moitas grazas.

Alcalde: Alguén quere intervir nunha segunda quenda. Pois entón someteríamos a votación o texto tal e como fixo a proposición o Partido Socialista, señor Secretario.

Secretario: Votos a favor da moción do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada 286, relativa á constitución do Consello sectorial municipal de saúde, 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, CA e BNG, e 9 abstencións dos/as concelleiros do grupo municipal do Partido Popular.

Polo que o Pleno da Corporación coa votación expresada acorda:

1.- Instar á Xunta de Galicia e ao SERGAS a constituír e impulsar o funcionamento o Consello de Saúde do Área Sanitaria de Xestión Integrada de Santiago, como espazo de participación cidadá descentralizado en por dunhas políticas sanitarias de calidade en toda a área Sanitaria de Santiago e en particular no municipio de Santiago de Compostela.

2.- Constituír o Consello Sectorial Municipal de Saúde de Santiago de Compostela.

3.- Elaborar e aprobar no Pleno da Corporación un Plan de Saúde Municipal incorporando o criterio de equidade e facendo énfase nas estratexias para reducir as desigualdades en saúde.

Alcalde: Agora pasaríamos a dúas mocións, unha de apoio ás vítimas da talidomida no Estado Español, e a outra en solidariedade coas vítimas dos atentados de París, que están consensuadas entre todos os grupos como declaracións institucionais, o que propono e xa que non na moción, non hai parte propositiva, é un texto, pois que se incorpore na acta, e non martirizar ao señor secretario en que dea lectura aos textos.

No caso das vítimas do atentado de París é unha moción que se aprobou na Deputación da Coruña por unanimidade, e a outra é unha moción que incorporou unha serie de engádegas do Partido Popular e do Partido Socialista, entón quedan incorporadas, señor Secretario.

Sae do Salón de Plenos a concelleira dona Milagros Castro Sánchez.

Secretario: quedan integradas estas dúas declaracións institucionais.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, aproba a seguinte declaración institucional, asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN APOIO ÁS VÍTIMAS DE TALIDOMIDA NO ESTADO ESPAÑOL.

A Talidomida paténtase no Estado español en Marzo de 1954, tratábase dun marabilloso sedante sen efectos secundarios, e ademais paliaba náuseas e vómitos nas embarazadas. Comezaron a nacer un número desproporcionado de nenos e nenas con graves malformacións en brazos e/ou pernas, incluso carecendo de ambas as dúas, e en novembro de 1961 os doutores Widukn Lenz (alemán) e Claus Knapp (español) descubren a relación entre a Talidomida e as malformacións. Entre novembro e maio de 1962 retírase no mundo enteiro, salvo en Estado español, onde continúa vendendo aínda a sabendas das súas consecuencias, ao menos ata 1975. A farmacéutica alemá Grünenthal fixo en Estado español o seu negocio.

A catástrofe da Talidomida serviu para cambiar toda a lexislación en materia de control sanitario de medicamentos, alimentos, bebidas e artigos de consumo humano, polo que podemos dicir que grazas a Talidomida a humanidade pode estar tranquila coas cousas que leva a súa boca, sobre todo os medicamentos. Escaso foi o agradecemento para coas súas vítimas, aquí, absolutamente nulo.

Once foron os anos de loita de AVITE, Asociación de Vítimas de Talidomida de Estado español, en busca da equiparación coas vítimas de Talidomida do resto de Europa, e neste longo camiño só se logrou un Real Decreto(1006/2010) que recoñecía unicamente a 24 persoas, e concedíalles o que o propio texto denomina “Axuda Solidaria”, unha denominación que é totalmente eufemística.

Conseguiuse tamén que a Talidomida sexa incluída no Real Decreto 1851/2009 entre as causas que xustifican unha xubilación anticipada con 56 anos ás persoas que superen o 45% da discapacidade. Paradoxicamente, non hai organismo oficial que recoñeza quen é afectado de Talidomida e quen non, polo que orquestamos un Real Decreto ao que as vítimas de Talidomida non teñen posibilidade de acollerse por carecer de recoñecemento “oficial”.

E como colofón demandamos polo civil ao laboratorio alemán Grünenthal gañando o xuízo completamente en primeira instancia, sendo anulado só por prescrición pola Audiencia Provincial de Madrid, e na actualidade estamos a esperar a resolución do Tribunal Supremo que deliberará a sentenza o vindeiro 23 de setembro deste ano(sen

axudas de ninguén nin subvencións de ningunha empresa nin pública nin privada, só subsistindo coas cotas mensuais dos seus socios).

A breve situación actual e comparativa con respecto ás vítimas doutros países é moi sinxela e resúmese en dous simples puntos:

a) Todas as vítimas dos países europeos percibiron:

1. Unha indemnización
2. Pensións vitalicias para as súas vítimas que lles garanticen unha supervivencia digna, e sobre todo independencia.
3. Unidades médicas especializadas.
4. Unidades psicolóxicas especializadas.
5. Gratuidade en medicamentos, próteses e orto próteses.

b) No Estado español, nada de nada.

As vítimas vivas de Talidomida que quedan en Estado español, a grande maioría, sobrevive das axudas familiares, da caridade, da igrexa, das institucións de axuda social, e incluso exercendo a mendicidade polos chans das rúas das grandes cidades. Fraco favor para aqueles a quen a humanidade debe tanto.

Por todo isto, o grupo de Goberno Municipal de Compostela Aberta, PROPÓN ao Pleno para a súa aprobación e acordo oportuno, os seguintes puntos:

1. Declarar o apoio unánime e solidario ao Concello de Santiago de Compostela, para con as Vítimas de Talidomida en Estado español, e en particular á Asociación AVITE, pola súa loita incansable e sen cuartel, en pro e a favor das vítimas deste fármaco no Estado español, pola débeda histórica que existe cos afectados e os seus familiares, dende hai 60 anos.
2. Instar e escribir á farmacéutica alemana Grüntenthal, imperio farmacéutico mundial e afincado en Estado español, responsable da masacre, solicitándolle que sen máis dilación, indemnice aos afectados, á seguinte dirección:

DIRECTOR GENERAL DE GRÜENTHAL ESTADO ESPAÑOL
C/ Dr. Zamenhof 36
28027 MADRID

3. Que independentemente á indemnización a que poidan ter dereito cada un dos afectados, polo dano que lle produciu a farmacéutica nos seus corpos antes de nacer, ademais dos danos novos, continuos e permanentes que seguen aparecendo non seus

corpos cada día, despois de 60 anos, instar tamén dende este Concello, ao Presidente do Goberno de Estado español, para que como medida social, o goberno, (a través do organismo que corresponda) filtre quen pode ser afectado ou non, de Talidomida en Estado español, e conceda pensións vitalicias aos afectados, ata que falezan, como están percibindo os afectados do resto do mundo. Escribindo á seguinte dirección:

Sr.Presidente del Gobierno
PALACIO DE LA MONCLOA
Complejo de la Moncloa, Avda. Puerta de Hierro s/n
28071 MADRID

4. Enviar a acta e o acordo adoptado e aprobado por este Concello, respecto a esta Moción de Urgencia, tanto á Asociación AVITE C/Comadrona Carmita 1-2º-H, 30820 ALCANTARILLA (Murcia), como ao laboratorio alemán Grünenthal afincado en Estado español, como multinacional, e tamén ao Goberno de España, representada polo seu Presidente do Goberno.

5. Instar ao Goberno do Estado a dirixirse á farmacéutica alemá Grünenthal, afincada no Estado Español e responsable da masacre, esixíndolle as responsabilidades derivadas da comercialización dese produto e que, sen máis dilación, indemnice ás persoas afectadas, independentemente da sentenza.

6. Instar ao Goberno do Estado a crear unha unidade médica de diagnóstico das persoas afectadas da talidomida que identifique as vítimas para que, independentemente da indemnización a que poidan ter dereito cada unha das persoas afectadas, lles sexa recoñecido o dereito á concesión de pensións vitalicias ata que falezan, equiparando os seus dereitos e protección social cos das vítimas do resto do mundo.

7. Propor ante o Consello de Emprego, Política Social, Sanidade e Consumidores da Unión Europea a harmonización das indemnizacións ás persoas afectadas por parte da empresa Grünenthal de forma que non haxa discriminación na compensación por razóns de nacionalidade.

8. Avaliar a aplicación do RD 1006/2010, do 5 de agosto, polo que se regula o procedemento de concesión de axudas ás persoas afectadas pola talidomida en España durante o período 1960-1965 e, incluíndo, de se confirmaren, novos casos de datas posteriores, así como o protocolo que no seu día estableceu o Instituto Carlos III para determinar ás persoas vítimas deste fármaco. E, de ser o caso, abordar un xusto coñecemento e apoio na reclamación de dereitos que lles correspondan.

9. Propor ás comunidades autónomas, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, que as persoas afectadas pola talidomida queden exentas do pago

farmacéutico como o están actualmente as persoas afectadas pola síndrome tóxica.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, aproba a seguinte declaración institucional, asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA EN SOLIDARIEDADE CON TODAS AS VÍTIMAS DOS ATENTADOS DE PARÍS.

Tras as recentes declaracións institucionais promovidas no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e na Deputación Provincial da Coruña, a respecto dos atentados acontecidos nas últimas semanas nas cidades de Beirut, París e Bamako, o Grupo Municipal Compostela Aberta insta ao Pleno a adoptar o seguinte acordo:

O Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu máis fondo rexeitamento ante calquera acto terrorista e inxerencia bélica levado a cabo en calquera lugar do mundo. Son moitas as vidas segadas e as persoas feridas e esta institución quere, antes de máis nada, solidarizarse coas vítimas, as súas familias e a veciñanza das cidades afectadas que, nestes lugares e noutros, sofren as consecuencias de enfrontamentos e guerras que a comunidade internacional non é quen de resolver pacificamente.

Non podemos perder de vista o impacto social que continúa a ter en Europa a crise das persoas refuxiadas que foxen de conflitos bélicos (o palestino ou o de Siria), da inestabilidade de posguerras inacabadas (Afganistán, Iraq, Libia), e dos problemas de pobreza, disparidade económica e de desenvolvemento (África). Por iso este Concello reitera o seu compromiso a prol dos dereitos humanos e da liberdade, nun contexto en que é imprescindible a cooperación para rematar cos factores orixinais que inciden nestas crises humanitarias e en tanto sufrimento inútil.

Por todo isto, o Concello de Santiago de Compostela, para alén de expresar a súa solidariedade con todas as vítimas dos atentados de París, insta ás autoridades internacionais e medios de comunicación a expresaren igual tratamento informativo, de comprensión e de solidariedade cara a aquelas vítimas de recentes atentados terroristas acaecidos en países do norte e do sur.

Urxe facer visible o drama humanitario permanente nas fronteiras, particularmente nas europeas, denunciando as gravísimas vulneracións de dereitos humanos coas persoas inmigrantes, refuxiadas ou non. Hoxe hai no mundo máis de 50 millóns de persoas refuxiadas. Nesta liña, xulgamos necesario que se desenvolva unha campaña masiva de difusión e de información sobre esta trágica realidade, a das persoas refuxiadas e as

crises humanitarias, así como pensamos de grande interese abrir un debate plural e obxectivo sobre as raíces da violencia e do terrorismo.

Así, atendendo as recentes peticións do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e o acordo adoptado o 27 de novembro na Deputación provincial da Coruña, o Concello de Santiago de Compostela terá en conta a próxima celebración de días internacionais relativos ás raíces destes problemas, entre os que destacan os seguintes:

- Día internacional de Solidariedade co Pobo Palestino (29 de novembro)
- Día internacional dos Dereitos Humanos (10 de decembro)
- Día internacional das Persoas Migrantes (18 de decembro)
- Día internacional da Solidariedade Humana (20 de decembro)
- Día internacional da Nonviolencia e da paz (30 de xaneiro)

Estas serán ocasións importantes para rexeitar calquera acción baseada na vinganza, os comportamentos xenófobos e de odio ao diferente, e para apostar pola paz e a xustiza global.

Alcalde: E pasaríamos á última das mocións a debate, que sería moción presentada por Compostela Aberta para que a Corporación se sume ao manifesto da saúde e o dereito a un sistema sanitario público e universal, non sabedes que facer para provocar ao señor Brunete, Concha defende a moción e rematemos.

Volve a incorporarse á sesión a concelleira, Dona Milagros Castro Sánchez.

Secretario: A núm. 289 de Compostela Aberta, quedou retirada?

Alcalde: Si.

Dona Concepción Fernández Fernández: Bueno, isto foi como no caso do grupo socialista, por unha cuestión de tempos, non estaba previsto que fora unha continuación da outra, e menos que provocáramos ao señor Brunete, foi el só o que se meteu na representación desta concelleira que leva no nome da súa concellaría, políticas sociais, diversidade e saúde, porque si queremos ocupar espazos que non ocupan outros en promoción da saúde.

Bueno propónse a este pleno esta moción para sumarse a un manifesto municipalista para a promoción da saúde e o dereito a un sistema sanitario público e universal.

Este documento elaborouse por parte das áreas de saúde de diferentes concellos de todo o Estado, como Barcelona, A Coruña, Santiago, Zaragoza, Cádiz ou Madrid. Consideramos que dende os concellos podemos e debemos facer moito pola saúde das

persoas que viven neles. Somos a administración máis próxima e temos a responsabilidade de velar polos dereitos humanos en sentido amplo, incluídos os dereitos da saúde. Entre os puntos que inclúe esta moción, e que non os vou relatar, e menos a esta hora, destacamos a derogación da Lei de racionalización e sustentabilidade da administración que limita ou pretende limitar as competencias municipais á protección da salubridade pública.

Tamén esta moción incorpora diferentes puntos sobre a acción que os concellos temos, e sobre as accións que os concellos podemos facer nos determinantes da saúde, mellorando as condicións sociais, económicas, ambientais, recórdese que temos competencias en auga e contaminación, políticas e culturais. Apostamos, tamén, pola saúde como un eixo transversal da acción municipal.

Proponse introducir indicadores da avaliación do impacto na saúde das políticas públicas, as políticas municipais, porque non queremos, nin podemos, deixar un espazo e un ambiente enfermo para os nosos fillos e fillas, señor Brunete. Este manifesto tamén insta aos municipios asinantes a garantir o dereito á protección da saúde e a procurar unha atención sanitaria pública de cobertura universal e sen exclusións, equitativa.

Tamén se empra a aos concellos a rexenerar o carácter público dos sistemas de saúde, asegurando a transparencia, a participación, por iso instamos a constituír os Consellos de Área Sanitaria e os Consellos Municipais de Saúde, a eficacia e os dereitos das persoas usuarias. Chámase a potenciar a atención primaria e fomentar a participación cidadá na xestión e administración sanitaria.

Dona Goretti Sanmartín Rei: Anuncio que o Bloque Nacionalista Galego vai votar a favor desta moción, non sen antes de dicir dúas cuestións que eu creo que son importantes. Unha, botamos en falta que haxa referencia ao traballo de SOS Sanidade Pública de Compostela, moitas das cuestións que están aquí as está a traballar con éxito, ademais, nalgúns casos SOS Sanidade Pública, esta facendo, bueno, traballando en todas estas cuestións que están aquí, facendo reunións co xerente do CHUS, coa Valedora do Pobo, coa Conselleira de Sanidade, e está a conseguir algúns éxitos a respecto de reivindicacións sanitarias de sempre, eu penso que esta ben, cando falamos do Estado, da Unión Europea, da Organización Mundial, pois tamén facer referencia a que algo ben dende aquí facemos.

E por outro lado, claro, cando se fala de fomentar a participación real e a democracia, e intentar conseguir que haxa sobre iso, pois moito máis en marcha, non, cuestións que se poidan levar de maneira colaborativa. Eu creo que hai que facer xa, abordar, porque este é un tema que importa e moitísimo á xente de todo o país, pero fundamentalmente de Compostela, polo que a nós se refire, é que se poña en marcha o Consello Municipal de

Saúde, acabamos de falar, pero hai que dar exemplo, creo eu, solicitando ao resto, pero facelo aquí no concello tamén, creo que é de máxima urxencia.

Don Francisco Reyes Santiás: Concordamos en todos e cada un dos puntos da moción presentada por Compostela Aberta, e polo tanto imos votar a favor de todos e cada un deles.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: Escoitei durante os últimos minutos o de señor Brunete, eu pregúntome, non podería ser Alejandro, pois todo o mundo é polo nome pila, xa dicía Machado: “un hombre no es hombre mientras no escucha su nombre de labios de una mujer”.

Alcalde: Non esté insinuando que o meu xénero é outro, en todo caso, a miña alma tamén ten unha parte feminina e non teño problema en chamarlle polo seu nome, Alejandro.

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela: É que a todo o mundo polo nome de pila, e esta distancia, non sei que eu fixen, eu son bo rapaz.

Bueno o grupo popular vaise abster, vaise abster porque estamos ante un caso dunha iniciativa que non ten unha relación directa coas competencias municipais. Polo tanto, a nosa abstención é sinónimo de non participación. Se entrásemos no fondo da cuestión habería algúns aspectos que poderíamos apoiar. É evidente que pode haber algunhas cuestións de competencia municipal que incidan na saúde pública, de feito os dous logros máis importantes en saúde pública, un son as vacinas, pero outro é a potabilización da auga, pero fora disto, hai outros aspectos que tamén son absolutamente rexeitables. Nós apostamos polo que se chama o pluralismo de benestar, isto é que a prestación sanitaria non ten que facerse única e exclusivamente por operadores públicos, poden concorrer outros operadores, sempre e cando a responsabilidade sexa pública.

E, despois, hai outro aspecto así curioso, e que tampouco compartimos, como é dalgún xeito, deslizar que a sanidade pública en Galicia é unha sanidade con exclusións. En Galicia a sanidade non contempla exclusións, bueno, si hai efectivamente un colectivo en Galicia que está excluído da sanidade pública universal que son os rentistas de máis de 100.000 euros ao ano, ao mellor son eles os que constitúen a súa preocupación.

Xa digo, como esta non é unha competencia municipal ímonos abster, grazas.

Dona Concepción Fernández Fernández: Se vostede se apelidara Fernández como eu, non tería problema en que lle chamáramos así, pero a partir de hoxe, chamáremoslle Alejandro.

Alcalde: Bueno polo menos acabamos cun sorriso, señor secretario proceda á votación.

Secretario: Votación da moción de Compostela Aberta, rexistro de entrada núm. 290, para que a Corporación se sume ao manifesto para a promoción da saúde e o dereito a un sistema sanitario público e universal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, PSdeG-PSOE e BNG, e 9 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular.

Polo que o Pleno da Corporación acorda a subscrición do seguinte Manifesto para a promoción da saúde e o dereito a un sistema sanitario público e universal:

A. Para defender a saúde debemos actuar sobre os seus verdadeiros determinantes, mellorando as condicións sociais, económicas, ambientais, políticas e culturais. Debemos apostar pola saúde como eixo transversal da acción municipal, introducindo a avaliación do impacto en saúde das políticas públicas. A redución das desigualdades sociais en saúde, por razón de xénero, clase social, territorio, orixe, etc., debe ser un compromiso e obxectivo de todo o Goberno.

B. Avogamos pola derogación da recente *Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local* que reduce a saúde municipal á competencia de "protección da salubridade pública". Consideramos que desde os concellos hai oportunidades especiais de promocionar a saúde dos seus habitantes, desde as estratexias intersectoriais (saúde en todas as políticas públicas), até as abordaxes participativas de desenvolvemento da saúde comunitaria nos barrios e pobos.

C. Debemos garantir o Dereito á protección da saúde e a unha atención sanitaria pública, de cobertura universal e sen exclusións, equitativa, gratuíta no punto de asistencia e financiada por impostos progresivos suficientes para cubrir as necesidades da poboación.

D. Debemos rexenerar o carácter público dos servizos públicos de saúde, co criterio de que os servizos asistenciais que se pagan con diñeiro público deben ser de titularidade e xestión pública. Non queremos que o diñeiro público teña como destino as entidades privadas, que fan da saúde un negocio.

E. Debemos asegurar a transparencia, equidade, universalidade e eficiencia, cun código ético común de todos os servizos, con máis autonomía dos territorios, centros e traballadoras da sanidade, e cunha avaliación independente con control democrático.

F. Debemos fomentar a participación real e a democracia en saúde. Para iso, a cidadanía e o persoal dos centros deberán ter un protagonismo nos órganos de goberno do Sistema, territoriais e de centros sanitarios, e hai que fomentar as experiencias que constrúen saúde desde as contornas non exclusivamente sanitarias.

G. Debemos fomentar o uso efectivo e eficiente dos medicamentos, tecnoloxías e ferramentas terapéuticas. Queremos un sistema de saúde no que se regulen e se vixíen os conflitos de intereses e se financien os produtos baixo criterios de evidencia científica. Débese iniciar un proceso de reversión da actual tendencia medicalizadora motivada por unha visión bioloxicista da saúde e pola cultura do consumo, integrando novas perspectivas como a salutoxénese e a visión de activos en saúde.

H. Traballaremos para mellorar o sistema asistencial potenciando unha Atención Primaria forte e estratexias de saúde comunitaria que impliquen a todos os actores construíndo saúde desde o próximo e en colectivo. Facer da Atención Primaria e Comunitaria o instrumento básico para unha atención global e integrada, próxima ás persoas, con dotación orzamentaria suficiente.

I. Traballaremos para garantir os dereitos das persoas na sanidade pública aplicando principios de bioética e criterios de xustiza social. Dereito a respectar a autonomía e a liberdade individual nas decisións sanitarias, así como á xustiza e á non maleficencia. Dereito a non sufrir malos tratos e a que a autoridade sanitaria denuncie ante evidencia dos mesmos. Dereito á interrupción voluntaria do embarazo no sistema público, loita contra a violencia machista. Dereito á atención ao sufrimento e tratamento da dor, ao non encarnizamento terapéutico e a unha morte digna. Dereito á preservación dos datos persoais.

J. Non podemos permitir que as nosas cidades xeren enfermidade: co seu aire contaminado, os seus contratos precarios, o seu gobernanza restrinxida. Traballaremos para cidades que xeren saúde, e que coiden ás persoas que habitan nelas, así como aos bens comúns e os espazos públicos onde se desenvolve a súa vida cotiá. Apostamos pola sustentabilidade da vida e a revalorización dos coidados, introducindo unha perspectiva de xénero na saúde.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente a dá por finalizada sendo as 22.25 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O vicesecretario,

Martíño Noriega Sánchez

José Ramón Alonso Fernández